

Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de outubro de 2014, de cualificación das propostas de resolución presentadas en relación co debate de política xeral de 2014

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 8 de outubro de 2014, logo de examinadas as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014, —tendo en conta os criterios de cualificación establecidos pola a Mesa da Cámara o 30 de setembro de 2014 logo da audiencia da Xunta de Portavoces—, e despois de aberto o prazo de reformulación de determinadas propostas, adoptou o seguinte acordo:

A) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Mixto (doc. núm. 28301): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite a totalidade das propostas de resolución.

En relación coa número 34 admítense coa seguinte precisión ao comezo do texto: “O Parlamento de Galicia manifesta a súa vontade de que se proceda ao recoñecemento do estado palestino...” O resto do texto mantén a mesma redacción.

Logo de reformulada a **proposta de resolución número 32** (doc. núm. 28312) que non se refería ás grandes liñas de política xeral ao tratar un tema local, na nova formulación o seu contido axústase aos ditos criterios de cualificación.


B) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do BNG (docs. núms. 28299 e 28300): 100 propostas de resolución presentadas

B.1. Propostas de resolución admitidas a trámite

Admítense a trámite todas as propostas de resolución formuladas no documento número 28299 agás as enumeradas no punto B.2.

Inclúense as seguintes expresións nas propostas de resolución que se enumeran a continuación:

- **Proposta de resolución número 8:** modifícase nos termos seguintes: “O Parlamento de Galiza acorda, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, ...” O resto do texto igual.



- **Proposta de resolución número 24:** modifícase o enunciado da proposta de resolución nos termos seguintes: “Igualdade na prestación sanitaria”

B.2. Propostas de resolución non admitidas a trámite

Conforme aos citados criterios de cualificación, non se admiten a trámite:

- a) As 60 propostas de resolución presentadas no documento co número de rexistro 28300 porque, xunto coas presentadas no documento co número de rexistro 28299, exceden do número determinado nos citados criterios.
- b) As propostas de resolución números 2, 3, 9, 11, 22, 23, 30, 31, 33, 34 e 36 do documento co número de rexistro 28299, cuxa reformulación foi solicitada pola Mesa, non teñen un enunciado simple na parte resolutive por afectaren a materias diversas ou presentaren unha redacción complexa. A reformulación presentada no documento número 28314 límitase a cambios na estrutura formal do texto pero sen cumprir os devanditos criterios de admisión a trámite.

C) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 28297): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite todas as propostas de resolución presentadas.

Inclúense as seguintes expresións nas propostas de resolución que se enumeran a continuación:

- **Proposta de resolución número 2:** engádeselle despois da expresión “outrosi de reactivar” a frase: “logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios” . O resto do texto igual.
- **Proposta de resolución número 7:** suprímese o parágrafo 17 por ser contrario ao establecido no artigo 13 do Regulamento da Cámara.
- **Proposta de resolución número 10:** despois da referencia á Xunta de Galicia engádesese a frase: “no marco legal existente...” O resto do texto igual.
- **Proposta de resolución número 13:** na segunda liña da parte resolutive, despois de “Parlamento” engádeselle a frase: “un Proxecto de lei”. O resto do texto igual.

Sres. deputados e Sras. deputadas
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.
Sr. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Sra. portavoz do G.P. Mixto
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA

- 8 OUT. 2014

12390

- **Proposta de resolución número 16:** na primeira liña da parte resolutiva, despois de “Goberno galego”, engádeselle a frase: “logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios”. O resto do texto igual.
- **Proposta de resolución número 17:** na primeira liña da parte resolutiva, despois de “Goberno galego”, engádeselle a frase: “proponer a constitución”, en substitución da palabra “constituír”. O resto do texto igual.
- **Proposta de resolución número 27:** suprímese no parágrafo 10 as dúas últimas liñas, por seren contrarias ao establecido no artigo 13 do Regulamento da Cámara.
- **Proposta de resolución número 28:** suprímese no parágrafo 3 as referencias ao Sr. Feijoo e ao Sr. Rajoy, por ser contrario ao establecido no artigo 13 do Regulamento da Cámara.
- **Proposta de resolución número 30:** suprímese no parágrafo 1 a referencia ao tipo de estratexia, por ser contraria ao establecido no artigo 13 do Regulamento da Cámara.
- **Proposta de resolución número 37 :** na primeira liña da parte resolutiva, despois de “...adopta as medidas necesarias para que” engádeselle a frase “logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios”. O resto do texto igual.

Logo de reformulada a **proposta de resolución número 19** (doc. núm. 28313) que non se refería ás grandes liñas de política xeral ao tratar un tema local, na nova formulación o seu contido axústase aos ditos criterios de cualificación.

D) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm.28298): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite todas as propostas de resolución presentadas.

En relación coa **proposta de resolución número 15** engádesese, despois de “que requirirá”, a expresión “logo de cumpridos os trámites regulamentarios.”

E) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular (doc. núm. 28302): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense todas as propostas de resolución presentadas.

Sres. deputados e Sras. deputadas
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.
Sr. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Sra. portavoz do G.P. Mixto
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAIDA
- 8 OUT. 2014
Núm. 12390

Inclúense as seguintes expresións nas propostas de resolución que se enumeran a continuación:

- **Proposta de resolución número 2:** despois de “O Parlamento de Galicia” a expresión “logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios”.
- **Proposta de resolución número 13:** antes de “Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria” a expresión “Proxecto de”.
- **Proposta de resolución número 30:** antes de “Lei de Administración Local” a expresión “Proxecto de”.

Lémbaselle á Cámara que o que se somete á votación é a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.

O que se comunica para o coñecemento dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2014.

Pilar Rojo Noguera
Presidenta


Asinado dixitalmente por:

Pilar Rojo Noguera, Presidenta na data 08/10/2014 16:56:20

Sres. deputados e Sras. deputadas
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.
Sr. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Sra. portavoz do G.P. Mixto
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e de acordo coas recomendacións feitas pola Mesa do Parlamento, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, a fin de que as mesmas sexan tratadas polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual de política xeral**”.




Proposta nº 1

O Parlamento de Galicia manifesta o seu compromiso coa democratización e renovación política das súas institucións para aumentar a participación directa da cidadanía nas iniciativas, procesos e decisións da vida política. Para elo impulsará unha **reforma do regulamento do Parlamento** de Galicia neste senso. Ademais revisaranse os privilexios das persoas deputadas como os **aforamentos** que serán **eliminados**.



Proposta nº 2

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a traballar para **rematar coa represión institucional** (policial, fiscal, lexislativa) inxusta, desproporcionada e abusiva cuxo obxectivo é tentar subordinar á cidadanía activista e que só fai abondar na deslexitimación das institucións e fomentar un clima de inestabilidade social. Neste senso, o Goberno Galego solicitará a **retirada do Proxecto de Lei de Seguridade Cidadá.**




Proposta nº 3

O Parlamento de Galicia manifesta o seu rexeitamento e **condena as touradas** polo que insta ao Goberno Galego a promover a ilegalización das mesmas na Galiza.




Proposta nº 4

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a **condenar dun xeito claro e contundente aos cargos públicos que xustifiquen os crimes do franquismo**, o golpe de estado do ditador Franco e o seu réxime fascista e aos que non apliquen o cumprimento da lei da memoria histórica no desempeño das súas funcións mantendo símbolos e monumentos que exaltan dita época.




Proposta nº 5

O Parlamento de Galicia insta a xunta de Galicia a comprometerse co **desenvolvemento do termalismo** na Galicia e a consideralo como un sector estratéxico para o turismo creador de traballo e por elo fonte de riqueza para o noso país.




Proposta nº 6

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a intervir para **evitar o continuo incremento nos prezos dos carburantes** na Galiza que figuran entre os máis caros do Estado sen ningunha xustificación obxectiva.




Proposta nº 7

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que **negocie con ADIF a súa política de prezos en Galiza** que permita unha racionalización do prezo das viaxes e dos bonos ofertados xa que, na actualidade, o ferrocarril é o servizo de transporte máis caro sendo o que debería primarse por ser o menos contaminante e seguro.




Proposta nº 8

O Parlamento de Galicia manifesta o seu compromiso e loita en contra da corrupción política polo que insta á Xunta de Galicia a elaborar un **Proxecto de Lei de Responsabilidade e Ética Política**.



Proposta nº 9

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a que solicite do Goberno do Estado a **derrogación da Lei 46/1977, de 15 de outubro, de Amnistía** por ser incompatible co dereito internacional.



Proposta nº 10

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego para que axude e implique ás distintas administracións na consecución de **ciudades saudables**, humanizándoas, adaptando a cidade para priorizar os desprazamentos en bicicleta ou camiñando, adoptando medidas que melloren a contaminación lumínica e sonora, incentivando a renovación dun transporte público eléctrico, a mellora da rede de contedores de reciclaxe, revisando os horarios de recollida do lixo, etc...




Proposta nº 11

O Parlamento de Galicia manifesta que a **relación informativa entre o Parlamento e a Xunta de Galicia** debe ser mellorada en aras a desenvolver un mellor desempeño do traballo parlamentario e de control cidadán. Por elo o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implementar unha base de datos, pública e accesible aos cidadáns, onde se cree un expediente con cada iniciativa aprobada na Cámara que permita facer un seguimento da actividade desenvolvida para darlle cumprimento á iniciativa aprobada, departamento ao que se lle encomenda, cronoloxía, etapas, prazos, previsións,... e calquera outro dato que se considere relevante. Esta base de datos deberá estar operativa o antes posible.



Proposta nº 12

O Parlamento Galego manifesta o seu rexeitamento á actividade coñecida como “**Fracking**” (fracturación hidráulica para a extracción de gas non convencional) e a **minería a ceo aberto** e insta a Xunta de Galicia a **prohibir** ámbalas dúas actividades en territorio galego.




Proposta nº 13

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar, perante o Goberno do Estado, unha **reforma fiscal progresiva** co obxectivo de acadar unha redistribución da riqueza e corrixir as desigualdades sociais que obrigue a soportar maiores gravames aos máis ricos e elimine ás deducións das que se están a beneficiar as grandes empresas facendo disfuncional o imposto sobre os beneficios ao non existir unha correlación equitativa entre contribución fiscal e beneficio obtido.




Proposta nº 14

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central a aplicación dun **criterio único para os pensionistas emigrantes retornados no tratamento tributario** das pensións, independentemente do seu orixe, para que sexan iguais ao resto das pensións dos pensionistas non emigrados.



Proposta nº 15

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar os trámites oportunos para non permitir a asistencia de cargos públicos en calquera tipo de actos relixiosos, de calquera índole, no exercicio das súas funcións, por vulnerar elo o principio de aconfesionalidade do Estado.




Proposta nº 16

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a exixir responsabilidades ao Goberno Central pola xestión na pandemia do Ébola que derivou no contaxio dunha profesional sanitaria galega e manifesta a súa reprobación aos Organismos Internacionais pola súa pasividade e ineficacia ante a **epidemia de Ébola** na África Occidental que está a provocar unha crise humanitaria e sanitaria devastadora para as comunidades por onde se está a propagar e insta á Xunta de Galicia a enviar ás ONGs que están a actuar no terreo, axuda médica, sanitaria, loxística e económica co obxectivo de controlar a enfermidade antes de que se cumpra a ameaza de converterse nunha pandemia.



Proposta nº 17.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a reclamar do Goberno do Estado **outra política enerxética** para controlar o oligopolio enerxético, fomentar as enerxías renovables; eliminar a peaxe de autoconsumo (peaxe de respaldo) que impide o aforro dos consumidores e paraliza a entrada de nova competencia no mercado eléctrico; paralizar a aplicación da nova facturación e busque unha solución que faga a factura da luz razoable, doada, transparente e non discriminatoria para os usuarios; prohibir a práctica das chamadas “portas xiratorias” de membros do goberno e altos cargos públicos e loitar por unha tarifa eléctrica galega sendo Galicia excedentaria e importadora de enerxía.



Proposta 18ª.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que aplique un criterio único de **transparencia e publicidade para todas as listas de contratación temporal en toda a administración pública galega e nos organismos dependentes** dela, para que deste xeito podan ser consultadas libremente e en todo momento polos seus usuarios como xa ven acontecendo en gran parte da administración.



Proposta 19ª

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a implantar no ensino galego un programa educativo obrigatorio baseado na **coeducación** que ensine a vivir na igualdade e como ferramenta para cambiar as desigualdades de xénero e os seus patróns sexistas hexemónicos. Para elo a Xunta de Galicia elaborará un **Plan de Ensino Coeducativo**, desenvolverá a normativa específica e dotará ao Plan cos orzamentos necesarios para que poida materializarse.



Proposta nº 20

O Parlamento de Galicia condena o **acoso escolar nas aulas** (*Bullying*) e amosa a súa preocupación polas consecuencias e secuelas que sofren as rapazas e rapaces vítimas do mesmo, polo que insta á Xunta de Galicia a elaborar unha **Guía e Protocolo Contra O Acoso Escolar** que lle permita ao persoal educativo a detección precoz do problema e lles dea as ferramentas para atallalo.




Proposta nº 21

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a elaborar un **plan para o ensino no rural galego** que recupere a figura das mestras e mestres rurais.




Proposta nº 22

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a **cesar**, con carácter inmediato, a calquera cargo público que faga **declaracións con contidos machistas, xenófobos ou homófobos**.




Proposta nº 23

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha **campaña de prevención e información dos trastornos alimentarios** entre as persoas adolescentes, púberes e na primeira xuventude.




Proposta nº 24

O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a demandar do goberno central unha **rebaixa do IVE cultural** ao 8%.




Proposta nº 25

O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a revaloriza no marco da actual lei de Educación as **materias artísticas** como parte fundamental da formación integral das persoas.



Proposta nº 26.

O Parlamento de Galicia manifesta a súa **condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco**, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de Estado e aos crimes e represións exercidos sobre as persoas vencidas.




Proposta nº 27

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a **mellorar o control das subvencións e becas** outorgadas para evitar posibles fraudes.



Proposta nº 28

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a demandar do Goberno Central a **derrogación da Lei 10/2012 de Taxas Xudiciais**.



Proposta nº 29

O Parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta a realizar o **estudo dunha mellora da rede de comunicación interterritorial** incidindo no rural precarizado para a súa posterior posta en marcha.



Proposta nº 30

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a elaborar e por en marcha un **plan de emprego** apremiante que poña freo á exclusión social das clases máis desfavorecidas, e incida na mellora da calidade do mesmo, aceptando como interlocutores aos representantes das persoas traballadoras.



Proposta nº 31

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a realizar un **saneamento dos ríos e rías galegas** incidindo no control dos vertidos e sancionando con todo o peso da lei a quen comete estes delitos ecolóxicos.



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e de acordo coas recomendacións feitas pola Mesa do Parlamento, reformula a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexan tratadas polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual de política xeral**”.

Proposta nº 32

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a revitalizar e potenciar a súa política relativa aos Espazos Protexidos Naturais e realizar os trámites pertinentes para declarar **O Caurel Parque Natural** como xeito de valorar a especial riqueza arqueolóxica, natural, paisaxística que derivaría na creación de postos de traballo no rural e de longa duración. De forma inmediata paralizar as concesións mineiras.


Pazo do Parlamento a mércores, 08 de outubro de 2014

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 08/10/2014 13:50:28




Proposta nº 33

O Parlamento de Galicia manifesta a súa preocupación polo actual estado en que se atopa a Xustiza en Galicia e insta á Xunta de Galicia a **prover de orzamentos ao sistema xudicial** co obxectivo de realizar unha mellora integral do mesmo dotándoa dos recursos necesarios para a súa eficiencia e que a revalorice como un dos piares fundamentais do Estado de Dereito.




Proposición nº 34

O Parlamento de Galicia reconece o **Estado Palestino** e a súa integridade territorial segundo os acordos de Nacións Unidas do ano 1967 e insta ao Goberno Galego a realizar o mesmo recoñecemento e a demandar do Goberno do Estado igual declaración.




Proposición nº 35

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar as reformas pertinentes para **prohibir o envío de papeletas electorais por correo** á cidadanía.



Proposición nº 36

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a **revisar a liberalización de horarios comerciais** que vai en detrimento do pequeno comercio en beneficio das grandes superficies prohibindo a apertura en Domingos e Festivos, incluíndo o caso específico dos Bazares Chinos




Proposición nº 37.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a regular a **obxección de conciencia do persoal sanitario** prevalecendo os dereitos dos pacientes.




Proposición nº 38.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que os traballadores da sanidade pública podan **informar aos pacientes en lista de espera da demora** e a previsión das datas de atención correspondentes aos tratamentos prescritos.



Proposta nº 39

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a **incrementar os orzamentos para a dependencia e sanidade** mellorando a xestión e os medios materiais e humanos de ámbolos dous sistemas.



Proposta nº 40

O Parlamento de Galicia manifesta a súa preocupación pola **situación da infancia en Galicia**: alimenticia, sanitaria, educativa, familiar, social, etc., e insta ao goberno galego a protexer á infancia comprometéndose con incrementos orzamentarios.

Pazo do Parlamento a mércores, 08 de outubro de 2014

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 08/10/2014 10:26:59





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, a fin de que as mesmas sexan tratadas polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 1

1.- Dereito a decidir para ter futuro

“O Parlamento de Galiza, consciente de que boa parte dos problemas sociais e económicos que padece a nosa xente e o noso pobo son consecuencia do feito de seren outros os que toman decisións fundamentais por nós, manifesta que a Nación galega debe ter o dereito a decidir libremente o seu futuro, desde o respecto á vontade soberana do pobo galego e á relación en pé de igualdade con outras nacións da Península, da Europa e do mundo.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de Resolución nº 4

4. Reactivación da Comisión de investigación das caixas de aforro

“O Parlamento de Galiza acorda, como resolución, a reapertura da comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforro e as causas e responsabilidades da súa actual situación, co obxecto de analizar a nova documentación aportada á Comisión que evidencia a existencia de prácticas de maquinación por parte dalgún dos altos dirixentes das antigas caixas para enriquecerse persoalmente a costa de causar un grave prexuízo económico á entidade. A Comisión avaliará, así mesmo, calquera novo documento ou dado que se aporte sobre prácticas de enriquecemento ilícito.

Así mesmo, o Parlamento de Galiza acorda, por resolución, que a Comisión deberá concluír os seus traballos, coa emisión e aprobación do correspondente ditame, antes de que conclúa o actual período de sesións.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 5

5. Devolución da totalidade dos cartos estafados polas preferentes

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a dar cumprimento á resolución aprobada por unanimidade o 17 de outubro de 2013, na que o Parlamento instou á Xunta a defender unha solución que garanta a restitución da totalidade do diñeiro investido ás persoas vítimas da estafa das participacións preferentes e obrigacións subordinadas.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 6

6. Unha solución xusta para os e as emigrantes retornadas

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a promover **un trato xusto e igualitario para os e as pensionistas emigrantes retornados** e a que non se lles trate como defraudadores fiscais, reclamando do Goberno central a adopción das seguintes medidas: a modificación da lei 35/2006 no que se equipare a súa tributación coa do resto de pensionistas e que no proxecto de lei de pola que se modifican la Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, o texto refundido de la Lei do Imposto sobre a Renda de non Residentes, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2004, de 5 de marzo, e outras normas tributarias, en trámite nas Cortes Xerais se inclúa a previsión de devolución de oficio de todas as contías pagadas como consecuencia dos requirimentos practicados pola Axencia Tributaria.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 7

7. Un novo modelo de financiamento para Galiza

“O Parlamento de Galiza expresa o seu rexeitamento ao adiamento por parte do Goberno Central da revisión do sistema de financiamento autonómico prevista para este ano e insta ao Goberno galego a esixir do Goberno Central a reconsideración desta decisión e a apertura da negociación dun **novo modelo de financiamento** que asegure a suficiencia, a autonomía financeira e a plena responsabilidade fiscal de Galiza. Nese marco, o Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a reclamar ante o Goberno do Estado a plena territorialización do Imposto de Sociedades, de xeito que as empresas que operan en Galiza tributen á Facenda Galega pola actividade económica xerada en Galiza.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 8

8. Constitución dunha Comisión de estudo sobre o sistema de financiamento autonómico

“O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, a constitución dunha Comisión de estudo non permanente sobre os ingresos e o sistema de financiamento autonómico.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 10

10. Banca pública galega para evitar a emigración do noso aforro

“O Parlamento de Galiza declara que para Galiza é estratéxico contar con institucións de crédito propias que aseguren que o aforro dos galegos e das galegas se invista en Galiza e garanta o financiamento da economía produtiva. Con tal fin o Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a impulsar o obxectivo estratéxico de dotar ao país dunha Banca Pública Galega, que terá o seu primeiro paso na transformación do IGAPE nun instrumento financeiro público propio con capacidade para operar nos mercados financeiros, co obxectivo de garantir o crédito ao tecido empresarial e comercial galego. Para tal fin creárase o Instituto Galego de Crédito e Investimento con patrimonio e tesouraría propia para no exercicio das súas funcións dispor de autonomía financeira, patrimonial, funcional e de xestión. O Instituto Galego de Crédito e Investimento terá como obxecto e fins xerais: promover aquelas actividades económicas que contribúan ao desenvolvemento e ao aumento da riqueza de Galiza e en especial, aquelas que, pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica, merezan unha atención prioritaria; a participación ou concesións directa de créditos ás empresas e persoas emprendedoras de Galiza, dentro das áreas prioritarias da economía produtiva que estableza o Goberno galego; a redución de custos na xestión dos recursos financeiros e nas operacións de crédito da Comunidade Autónoma; contribuír a xerar unha nova



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dinámica ao conxunto do sistema financeiro galego, reforzando a aposta por unha economía produtiva, innovadora, creadora de emprego da calidade e sustentábel.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 12

12. Apostar pola investigación e innovación para crear emprego

“O Parlamento insta ao Goberno a definir un Plan urxente de industrialización para Galiza ante a situación de destrución de tecido industrial do momento actual. Para este fin o departamento competente en materia de Industria en colaboración coas consellarías implicadas elaborará as necesarias propostas de viabilidade para as empresas e industrias en perigo inminente de peche, establecerá as liñas estratéxicas que definan os sectores produtivos galegos entre os que terá especial importancia o naval, o sector enerxético vinculado ás enerxías renovábeis, a automoción, as novas tecnoloxías, o agroalimentario e o complexo mar-industria. Asemade, coa ollada posto no futuro industrial deste país o goberno galego desenvolvera como parte prioritaria na necesaria industrialización de Galiza unha política propia de investigación e innovación que asuma: o compromiso de dotar do financiamento necesario ao Sistema de I+D+i galego -na actualidade por debaixo do gasto medio do Estado-, cumprindo co acordo de Lisboa para os países comunitarios en materia de I+D e innovación, buscarase chegar ao 3% do PIB nun máximo de 8 anos, para tal fin os incrementaranse os orzamentos da Axencia de Innovación e o financiamento ao SUG. A definición dunha carreira investigadora e tecnolóxica propia para o persoal dependente da Comunidade autónoma. O establecemento como liña prioritaria dos Fondos Europeos a loita contra a precariedade que sofren os investigadores e investigadoras. Elaboración dunha estratexia galega para a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

retención e retorno dos emigrantes científicos e tecnolóxicos que abandonaron o sistema galego, na que se fixará o obxectivo de retorno dunha porcentaxe equivalente á reposición do persoal das administracións públicas, do 50, duplicando nos orzamentos para 2015 os fondos para a súa consecución.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 13

13. Defender o sector naval galego

“O Parlamento insta ao goberno galego a dirixirse ao goberno do estado para demandar o compromiso de que a partir de xaneiro de 2015 os estaleiros da ría de Ferrol desenvolvan actividades de construción naval sen ningunha limitación, para o cal demandarase a revogación do acordo do Consello de Ministros celebrado o 25 de xullo de 2014 segundo o cal Navantia pasa a depender do Ministerio de Defensa. De ser necesario, a dirección de Navantia elaborará un Plan de modernización que garanta a incorporación á construción civil dos estalerios da ría de Ferrol ao mercado en condicións óptimas. Presentaranse na cámara galega os proxectos do centro de reparacións navais da ría de Ferrol, da ría de Vigo e do dique flotante para Ferrol. O Goberno galego fará a xestións necesarias para participar efectivamente no Consello de Administración da Navantia a partir de xaneiro de 2015 en cumprimento a Lei de fomento do sector naval de Galiza. Asemade contribuirá ao desenvolvemento efectivo para os estaleiros privado do novo modelo tax lease.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 14

14. Tarifa eléctrica galega

“O Parlamento insta ao Goberno galego á tomar medidas efectivas para iniciar un proceso de democratización da enerxía no noso país. Para tal fin creárase a Tarifa Eléctrica Galega que terá presente o carácter de produtor excedentario de Galiza, e xa que logo, contemple unha redución nas peaxes de acceso. Galiza potenciara o autoconsumo a través dun desenvolvemento normativo propio. Adoptaranse medidas efectivas para previr a pobreza enerxética comezando, pola modificación da Lei 2/2012 de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, para introducir a definición de persoa consumidora vulnerábel. Dotarase de seguridade xurídica ás enerxías renovábeis para fomentar novas instalacións de produción de enerxía eléctrica, pois a inseguridade derivada dos cambios normativos realizados nos dous últimos anos afecta gravemente ao Concurso Eólico, as Centrais de Biomasa residual e os produtores fotovoltaicos como podemos comprobar nos datos ao respecto.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 15

15. Defender o sector pesqueiro e marisqueiro

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a que en exercicio das súas competencias en materia de pesca adopte as seguintes medidas:

- definir un **espazo galego de libre decisión en materia marítima e pesqueira**, a non acatar a decisión da UE de establecer cotas de pesca nas nosas augas interiores, demandando a transferencia a Galiza das competencias sobre os portos de interese xeral do Estado: Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña e Ferrol-San Cibrao; Salvamento marítimo, seguranza e loita contra a contaminación mariñas; Navegación marítima e mariña mercante; Investigación oceanográfica; Investigación hidrográfica; Inspección de buques; Control de importacións; Dominio público marítimo e marítimo-terrestre e Mar territorial (12 millas)
- presentar un **Plano Estratéxico para a pesca de baixura**, fundamentado na xestión responsable dos recursos que permita obter uns ingresos dignos, control das capturas, identificación e posta en valor da calidade do produto, mellora do emprego e da comercialización. E a presentar un **Plano de Recuperación do Marisqueo** de Galiza, que acometa o saneamento das rías, medidas contra a mortalidade, a falta de subministro de semente, as baixas capturas, as



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importacións, a caída de prezos, a expulsión da/os mariscadores da actividade e permita que o marisqueo poida xerar unhas rendas dignas e uns postos de traballo estables. Desenvolver un **Plano Galego de Acuicultura** en colaboración co sector, apostando pola unidade organizativa da miticultura, a defensa da DOP, a etiquetaxe do produto, regulando as importacións, reforzando a investigación sobre as causas do aumento dos peches administrativos e desenvolvendo medidas públicas de financiamento para o sector.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 16

16. Defender a pesca galega ante a Unión Europea

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a defender unha posición galega propia, en todos os asuntos que afecten as súas competencias exclusivas, que se recoñeza un novo status de **Galiza como Zona Altamente Dependente da Pesca** no contexto da UE que evite a discriminación da nosa frota na actual PPC: derrogar o Principio de Estabilidade Relativa, paralizar os despeses nosa frota, impedir o abandeiramento noutros países, a prohibición de pescar determinadas especies, blindar os dereitos de pesca tradicional que evite a concentración oligopólica, e defender que o reparto de cotas se basee en criterios socioeconómicos vinculados as comunidades costeiras:

- Esixir da UE a aplicación dos mesmos estándares de calidade, de seguridade alimentaria, e de orixe da pesca na importancia de peixe espada, tiburóns, conservas e outros produtos derivados do atún provinte do sudeste asiático, así como de cumprir escrupulosamente coas mesmas medidas de protección social e de seguridade no traballo que cumpre a nosa industria, e
- impedir que nos tratados pesqueiros entre a UE e terceiros países, Galiza sexa moeda de cambio: acordo con Mauritania, Marrocos, Gabón,... reclamando a presenza do Goberno galego nas negociacións, non como observador senón como interlocutor con capacidade de decisión e a nosa flota. Esixir a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negociación de novos tratados pesqueiros entre a UE e terceiros países para que a nosa flota teña posibilidades de seguir pescando. Negociacións onde o Goberno galego teña presenza, non como observador senón como interlocutor con capacidade de decisión.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 17

17. Un sector lácteo do que vivir

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a adoptar as seguinte medidas en relación coa situación do sector lácteo e coas súas perspectivas de futuro:

- Dotar ao sector de instrumentos interprofesionais nos que pactar as relacións contractuais e os mecanismos para a negociación dos prezos en orixe do leite garantindo a cobertura dos gastos de produción e a remuneración do traballo.
- Garantir que nesta última campaña sometida a continxentación os e as gandeiras galegas non se vexan sometidos a ningunha multa por sobreprodución, impulsando medidas ante a UE que garantan unha aterraxe suave.
- Impulsar medidas de abaratamento de custes de produción das explotacións leiteiras para o novo escenario establecendo medidas específicas tanto no banco de terras como a través do Plano de desenvolvemento rural de incremento da base territorial e menor dependencia de insumos externos.
- Impulsar a través da utilización dos fondos do Plano de desenvolvemento rural iniciativas industriais de transformación do leite para que os gandeiros e gandeiras participen da cadea de valor do leite.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 18

18. Un territorio produtivo ao servizo da agricultura

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a impulsar adoptar as seguintes medidas en relación coa recuperación da superficie agrícola, co seu aproveitamento e co incremento da base territorial das explotacións:

- Dotar de medios humanos e materiais o banco de terras co obxectivo de lograr mobilizar 10.000 ha de superficie agrícola durante o próximo exercicio.
- Impulsar unha lei de ordenación de usos da terra e de cultivos para preservar a superficie de aptitude agrícola e forestal doutros usos especulativos.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 19

19. Un monte vivo para a creación de emprego

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a promover un modelo forestal orientado á ordenación preventiva do espazo forestal, á produción de calidade e a promoción do aproveitamento multifuncional do monte, para o cal partindo do potencial que supón a existencia dos montes veciñais en man común impulsará as seguintes medidas:

- 1ª) Revogación dos consorcios ou convenios a custe cero a favor dos titulares das terras.
- 2ª) Establecemento de liñas de investimento público para as comunidades de montes para a verificación das obrigas previstas na vixente lei de montes tales como realización de deslindes, elaboración e aprobación de plans de ordenación e o establecemento de medidas de certificación forestal.
- 3ª) Que nas axudas públicas se primen aquelas que aposten polo aproveitamento multifuncional do monte en todas as súas potencialidades.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 20

20. Frear a emigración xuvenil

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a marcarse como obxectivo estratéxico que @s moz@s galeg@s poidan vivir e traballar dignamente en Galiza, para revertir a situación dramática da mocidade galega, na que miles de mozos e mozas non poden desenvolver proxectos de vida, nin emanciparse económica nin persoalmente, e rematar coas situacións de precariedade e inestabilidade que os aboca á emigración masiva ou a aceptar condicións laborais de tremenda precariedade e explotación. Nese senso establecerá como prioridade política:

- Potenciar políticas activas de emprego destinadas á mocidade, establecendo un programa específico de orientación, formación e recualificación.
- Elaboración dun Plan de medidas para o Retorno da emigración moza a través de mecanismos de capacitación, colocación e autoemprego ou emprendemento en actividades que potencien o tecido produtivo galego, os seus sectores estratéxicos, o I+D+i ou aqueles que permitan a explotación de novos xacementos de emprego.
- Cumprimento da recomendación da Comisión Europea sobre Garantía Xuvenil, para que as persoas menores de 25 anos reciban unha boa oferta de emprego, formación continúa ou prácticas, nun prazo non superior a catro meses tras



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

quedar en situación de desemprego ou rematar a formación regrada.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 21

21. Unha estratexia real para a revitalización demográfica

“O Parlamento de Galiza insta ao Parlamento Galego a poñer en marcha, nun prazo de seis meses, unha verdadeira estratexia con actuación concretas, obxectivos e cuantificación económica das liñas de actuación, coa intención de modificar a actual tendencia demográfica orientado á creación de emprego e á superación do desequilibrio territorial e que conteña como mínimo as seguintes medidas:

- Creación e estruturación dos servizos públicos de ensino, sanidade e atención a maiores e dependentes para que atinxan a totalidade do territorio e das necesidades das persoas
- Dinamización dos sectores produtivos básicos vinculados co desenvolvemento das potencialidades existentes na nosa base material e da aplicación do coñecemento para o desenvolvemento de iniciativas innovadoras para crear oportunidades de emprego en todas as comarcas.
- Crear instrumentos económicos públicos para promover iniciativas produtivas en ámbitos como a atención ás persoas, a valorización do espazo forestal, transformación e comercialización das producións gandeiras, hortofroitícolas, forestais, artesáns, nas enerxías renovábeis, etc.
- Impulso de medios de transporte públicos e intermodais que vertebran



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

territorialmente Galiza

- Desenvolvemento dos dereitos laborais e sociais das mulleres, vixilancia do cumprimento dos permisos de maternidade e paternidade actuais e compromiso de ampliación dos mesmos co obxectivo de traballar nunha efectiva corresponsabilidade das tarefas do coidado.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 24

24. Igualdade na prestación para a area sanitaria de Lugo

“O Parlamento de Galiza acorda respectar a redacción orixinal da ILP “para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia”, avalada por 41.095 sinaturas e tomada en consideración por unanimidade do Parlamento de Galiza o 25 de marzo de 2014, de xeito que a aprobación definitiva da mesma non conteña cambios substanciais que desvirtúen a petición fundamental de que o Hospital de Lugo sexa dotado cos servizos de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 25

25. Defensa do Ensino Público

“O Parlamento de Galiza, diante da entrada en vigor da LOMCE(Lei recentralizadora, confesional, privatizadora clasista, elitista, e antigalega), comprométese a facer uso das súas competencias para instar á Xunta de Galiza a **elaborar un proxecto de lei de educación de Galiza que garanta a calidade do ensino público Galego, en función das nosas necesidades e interese dacordo coa nosa realidade social, cultural, económica e lingüística** que garanta:

- Unha dotación económica suficiente para que na educación pública se poida facer real e efectivo o dereito universal a unha educación obrigatoria publica de calidade e gratuita.
- **Ofertar un número de prazas suficiente en todos os niveis educativos dos centros públicos** e garantir que todos os centros conten coa dotación de recursos materiais, humanos e de profesorado suficiente en todas as especialidades para asegurar unha calidade educativa para todos e todas.
- Reducir os concertos educativos e **reclamar a devolución das subvencións ilegais concedidas a centros que segregan o alumnado** por razón de xénero.
- Promover unha planificación da formación profesional que suprima os concertos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativos co ensino privado, e que asegure unha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as potencialidades económicas de Galiza.

- Restituír os dereitos laborais e salariais dos docentes.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 26

26. Gratuidade do Ensino

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a **garantir a todo o alumnado de educación infantil, primaria e ESO:**

- **A gratuidade dos libros de texto e do material didáctico** que se empregue nas aulas.
- A gratuidade dos comedores escolares nos termos anteriores ao actual decreto, a extensión do servizo de comedores a todos os centros de ensino e a que a Consellería de Educación asuma a xestión directa dos mesmos, con persoal específico e dependente da propia consellería.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 27

27. Financiamento da Universidade Galega

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a incrementar o financiamento do ensino superior Galego mediante a posta en marcha dun **novo “Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego”**, consensuado co **SUG**, que asegure a converxencia do **SUG** cos niveis medios de financiamento público do ensino superior do Estado e da UE.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 28

28. Aplicación da lei de dependencia

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a asumir o desenvolvemento e aplicación da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, isto é, eliminar o “limbo da dependencia” e restituír todas as prestacións eliminadas ou recortadas a raíz das decisións adoptadas por Madrid nos dous últimos anos. Para este fin e dotarase orzamentariamente aos servizos públicos para saír da valoración de irrelevancia onde os sitúan recentes estudos e análises. ”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 29

29. Plan de emerxencia social contra a pobreza

“O Parlamento insta ao goberno a crear e implementar un Plan de emerxencia social para Galiza co obxectivo de paliar a situación de pobreza que vivimos neste momento. Este Plan contemplará medidas efectivas de natureza económica como a creación da Renda de Garantía Social (RGS) destinada a garantir recursos económicos a quen careza deles, programas de vivenda efectivos que garantan que ningunha persoa ou familia será desafiuzada da súa vivenda. Será deseñado de forma transversal por todos os departamentos do goberno galego en diálogo cos e coas profesionais dos servizos sociais, os movementos sociais, os sindicatos e os axentes sociais implicados.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 32

32. Unha xustiza áxil e igual para toda a cidadanía

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a adoptar as seguintes medidas co fin de garantir a toda a cidadanía a tutela efectiva dos seus dereitos:

- Dotar dos medios humanos e materiais adecuados a todos os órganos xudiciais con especial incidencia nos seguintes:
 - Os que tramitan procesos vinculados coa corrupción para rematar coa impiedade
 - Os que teñen que dirimir demandas derivadas coa estafa das preferentes e subordinadas par lograr unha rápida reparación das persoas afectadas
 - O Instituto de Medicina Legal (IMELGA) en canto á súa dotación para facer fronte á problemática derivada da violencia de xénero.
- Defender a inclusión nas prioridades de órganos de nova creación os Xulgados específicos de violencia de xénero nas sete grandes cidades.
- Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de:
 - Eliminar a lexislación en materia de taxas xudiciais que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

discrimina do exercicio dos seus dereitos ás persoas en función das posibilidades económicas.

◦ Transferir á Comunidade Autónoma de Galiza a competencia en materia de demarcación e planta xudicial a fin de podermos definir o mapa xudicial en función das nosas características territoriais, demográficas e sociais.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 35

35. Medios públicos imparciais e independentes

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rectificar a política que está a desenvolver nos medios de comunicación de titularidade pública para que estes reflectan a realidade de Galiza, a pluralidade política, a diversidade asociativa e social, a rematar coa manipulación informativa e de uso dos medios públicos galegos ao servizo do Partido Popular e da Xunta de Galiza, así como a fomentar un espazo de comunicación galego e en galego, deste xeito levará a cabo as seguintes actuacións:

- No prazo máximo de 3 meses o Parlamento de Galiza proceda ao nomeamento de novo Director Xeral da CRTVG,
- Aprobación e aplicación de inmediato do Estatuto profesional contemplado no artigo 36 da Lei 9/2011 do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza e á creación do consello de informativos contemplado no mesmo.
- Realizar convocatoria de axudas, con cuantías suficientes, destinadas a garantir a existencia dun espazo de comunicación galego e en galego, que garanta a viabilidade de medios de comunicación integramente en galego e a vincular estas axudas ao uso e incremento real da presenza do galego e da normalización da lingua galega e á estabilidade laboral d@s traballador@s.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Destinar lugares destacados na grella da programación a espazos destinados a programación infantil e xuvenil que permitan a protección, impulso e difusión da cultura galega, en especial da nosa lingua, entre a poboación destas idades.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 37

37. Infraestruturas públicas e libres de peaxe.

“O Parlamento de Galiza acorda a seguinte resolución en materia de infraestruturas:

- Instar á Xunta de Galiza a **paralizar de inmediato o proceso de privatización de infraestruturas viarias**. Para dar cumprimento a esta resolución o Goberno galego debe:
 - a) paralizar a privatización da xestión da autoestrada Alto de Santo Domingo- Ourense (AG-53) e o ramal ao Carballiño (AG-54);
 - b) resolver o contrato para a construción da Autovía da Costa da Morte coa empresa concesionaria, impóndolle as penalidades previstas no prego, renunciando á formula concesional e asegurando a finalización das obras a través da execución dun contrato de execución de obra pública.
 - c) Paralizar o proceso de negociación coas empresas concesionarias das autovías do Salnés e Barbanza e non aceptará ningunha suba do canon que se lle abona ás mesmas.
- O Parlamento de Galiza **denuncia as abusivas peaxes que soportan as e os usuarios das autoestradas de titularidade do estado**, e demanda que con carácter urxente se aplique unha rebaixa, como mínimo, do 50%, dos prezos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das peaxes das autopista do estado na Galiza e un programa real descontos para as e os usuarios habituais desta vía, similar ao que existe noutras autopistas do estado. Ademais o Parlamento insta á Xunta a que promova as actuacións necesarias para que a **AP-9** deixe de ser unha explotación privada en mans de AUDASA coa finalidade de convertela nunha **autopista gratuíta** dado o seu carácter de **vía estrutural do territorio galego e acadar o traspaso á Xunta de Galiza** da titularidade e xestión da autopista AP-9.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 38

38. Camiños de ferro que vertebran Galiza

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a iniciar unha **ofensiva institucional en defensa do Ferrocarril**, que garanta a súa modernización e un servizo de calidade que conecte as principais cidades e vilas galegas adoptando, como mínimo, as seguintes medidas e actuacións:

- Reclamar con firmeza ante o Goberno central que desista do proceso de desmantelamento e privatización de servizos ferroviarios en Galiza, e unha mellora dos servizos e frecuencias que se veñen prestando en territorio galego.
- Iniciar de inmediato o proceso de negociación das transferencias en materia de ferrocarril interior, co obxectivo de poder mellorar a prestación deste servizo no noso país e desenvolver as competencias que temos recoñecidas nesta materia e a constituír, no prazo de seis meses, a Compañía Ferroviaria Galega, como entidade de carácter público, coa finalidade de ofertar servizos de proximidade que comuniquen e articulen as nosas vilas, pobos e cidades.
- Que se executen os proxectos de modernización pendentes e comprometidos polos sucesivos gobernos centrais, singularmente no tramo Coruña-Ferrol e Vigo-fronteira con Portugal.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 39

39. Novo modelo na xestión de residuos

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a modificar a xestión dos residuos urbanos na Galiza. Concretamente a:

1. **Remitir nos orzamentos de 2015 unha rectificación da suba do canon do** canon de tratamento de lixo en Sogama, recuperando a cantidade anterior a 2014, e procedendo a devolver aos concellos as cantidades cobradas indebidamente por este concepto.

2. Facer pública toda a documentación relativa á situación real das contas de Sogama, e especificamente, remitir no prazo dunha semana toda a documentación solicitada polos grupos parlamentares en relación con este asunto.

3. **Modificar o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020** de maneira que se inclúan os seguintes cambios:

- eliminar a previsión de construír unha nova incineradora de residuos urbanos en Galiza e dar pasos decididos cara a eliminación da incineración;
- apostar por un modelo de xestión de residuos comarcalizados, apostando polo establecemento de proxectos comarcais de reciclaxe e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compostaxe que crearían 1.500 empregos directos, e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados;

- incluír o financiamento prioritario das actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo alí onde sexa axeitada a recollida porta a porta, e das actuacións de prevención a través da educación ambiental e a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria;

- e a posta en marcha de medidas de concienciación e educación ambiental, que incidan e repercutan nunha maior sensibilidade en torno á relevancia da xestión do lixo e da aplicación dos principios de redución, reutilización e reciclaxe.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, a fin de que as mesmas sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión adicada ao “**Debate de Política Xeral**”:

Proposta de resolución nº 40

40. Depurar e sanear as rías galegas

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a adoptar as medidas que sexan necesarias para conseguir **o saneamento e depuración integral das rías galegas**, e a eliminación dos 900 puntos de vertido recoñecidos polo propio goberno galego. Con esta finalidade solicitarase o investimento preciso do Estado para que todas as actuacións pendentes en materia de depuración e saneamento podan iniciarse ao longo de 2014 e, en exercicio das competencias exclusivas de ordenación do territorio, adoptaranse as medidas precisas para que o complexo Ence-Elnosa deixe o seu actual emprazamento na ría de Pontevedra como data límite en xullo de 2018. Ademais, constituirase unha comisión de seguimento integrada polo Parlamento de Galiza e a Xunta, á que se lle remitirá trimestralmente información detallada sobre as actuacións previstas e o grao de execución das mesmas.”

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2014 10:22
Nº Rexistro: 28299
Data envío: 08/10/2014 10:22:13.442



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 08/10/2014 10:17:29



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda** ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, coa finalidade de que sexan tratadas polo Pleno do Parlamento na sesión adicada ao **debate sobre o estado da autonomía**:

Proposta de resolución nº 1: Emenda a totalidade do goberno Feijóo

A acción de goberno da Xunta de Galicia está a xerar unha realidade social insoportable para máis e máis sectores sociais que forman parte da maioría social traballadora deste país. Este país en destrución non é país para a clase traballadora galega, non é país para as persoas pensionistas, non é país para a xuventude do exilio económico, non é país para o profesorado e os profesionais e traballadores e traballadoras da sanidade, non é país para aquelas persoas e familias que teñen unha diversidade funcional, non é país para os que falan e len a lingua inmorrente de Rosalía, non é país para desenvolver unha vida digna, feita de traballo, pan, vivenda e dignidade.

Os indicadores nos diversos eidos da vida social galega confirman que non hai estatuas exipcias quen de conceder desexos imposibles. Devólvenlle ao goberno a faciana real que causan as súas políticas. A presidencia da Xunta xa non representa nada novo, o seu goberno de libertinaxe neoliberal nega pan e lume a milleiros de galegos e galegas, e aínda que busca a súa redención nas trampas electorais e na intoxicación desinformativa, o país ao que o presidente da Xunta non pertence e combate, o país do traballo, a loita e a dignidade, vaino derrotar. A primeira derrota en democracia é a perda de lexitimidade, porque sen ela apenas queda outra que saír da escea; só os malos actores non saben cando remata o seu papel.

O seu quefacer desminte os compromisos da súa investidura onde sinalou que quería ser un goberno para todos e todas. Non, o seu é un goberno contra a maioría social deste pobo. Así o explican os datos do paro, xa sexan as 238.023 persoas rexistradas, xa sexan as máis de 284.000 persoas no paro EPA, nun contexto onde caen as persoas activas e os ocupadas, e temos 100.000 persoas menos afiliadas á Seguridade Social.

Cando as políticas executadas descoidan a xeración de emprego as consecuencias son a pobreza, a emigración e a exclusión social. Se queren cadrar as contas públicas a calquer prezo o resultado é un país con máis de 650.000 persoas baixo o limiar da pobreza; algo que debería repugnar a calquer gobernante decente. O noso país ten nenos e nenas que sofren malnutrición en alomenos 18.000 fogares do país, o que constitúe un bochorno para a consciencia ilustrada da nosa sociedade; sociedade que perdeu a 117.000 persoas, novas e formadas, no exilio económico causado polo austericidio.

O noso país contempla exercicio orzamentario tras exercicio orzamentario a erosión sistemática dos servizos públicos: Menos profesorado e recursos para as escolas públicas, quizabes porque se prefiren pagar escolas sexistas do *Opus Dei*. Menos facultativos e traballadoras e traballadores na sanidade públicas, quizabes porque os xestores da sanidade pública arelan volver a privada, a quen entregan xa a metade do orzamento sanitario do SERGAS. Máis cartas retroactivas para ter menos axudas e servizos ás persoas dependentes, quizabes para satisfacer a unha conselleira que non quere "paguitas"; vostedes, non nos esquezemos, prefiren sobresoldos.

“Antepuxemos a verdade, por dura que fora, á ocultación, ao disimulo ou á demagogia”: esa fórmula do discurso de investidura semella que non se aplicou ao dique flotante nin á carga de traballo para o naval; non debe rexer para os traballadores e traballadoras da función pública sometidos ao inflexible austericidio do seu goberno; non ten aplicación aos casos de nepotismo e corrupción que dende os diferentes concellos que gobernan, caso do da Coruña, ate as consellarías de sanidade ou as tribulacións da portavocía do seu partido ateigan as portadas dos xornais.

Solvencia, invocada *ad nauseam* no debate de investidura, que se esfumou co exercicio de endebedamento máis masivo da historia de Galicia: 6.000 millóns de euros consumidos sen investimentos e entre recortes, repagos e privatizacións. Solvencia do seu goberno que non foi quen de salvar as caixas galegas, aceptando a venda precipitada e onerosa para as arcas públicas e para a economía galega.

Remataba o seu discurso de investidura falando de Galicia como a casa de todos. Non o é porque as súas políticas, obedientes coa troika, provocan un país insoportable para cada vez máis persoas e colectivos. O peor pasará cando saia da escena, castigada coas pedras que corresponden á súa fachenda a peor presidencia da historia da Xunta de Galicia.

Xa que logo, o Parlamento Galego DESAPROBA a xestión do presidente da Xunta e do seu goberno no período de tempo que avalía este debate sobre o estado da nación, por situar ao noso país en peores condicións socioeconómicas, culturais e políticas que cando chegou ao goberno, outrosí de desaprobar a corrupción política

que supón incumplir de xeito flagrante os compromisos adquiridos no debate de investidura.

Proposta de resolución nº 2: Rexeneración democrática

Vivimos tempos de crise dos sistema representativo, que aparece aos ollos da xente do común como obediente servidor dos intereses do poder económico, do cal se atopa cautivo e mesmo corrompido. A nova constitución material en construción xera unha enorme desafección cidadá respecto das institucións públicas. Estas atópanse sumidas non fondo descrédito toda vez que, reféns da maridaxe e corrupción entre poder económico e elites políticas bipartidistas, as institucións lexislan e decretan contra o interese xeral e a prol dos intereses dunha minoría social que primeiro causou a crise e recesión para logo beneficiarse delas. Pero nada lle importa a un goberno galego obediente aos mandados da troika, que sigue impulsando un proceso destituínte caracterizado pola supresión e/ou recorte das liberdades e dos dereitos económicos, sociais e culturais acadados polas loitas obreiras e populares.

A situación de postración na que se atopan demasiados concellos de cidades e vilas galegas a causa dos sumarios que se instrúen, con poucos medios e moita oposición, relativos a causas por corrupción provocan a perda de lexitimidade dos gobernos e institucións afectadas.

Non hai réxime democrático que ature a man chea de presuntos delictos e indignidades cometidas no seu quefacer cotián por altos responsables públicos, sen que os partidos do réxime e nomeadamente a Xunta de Galicia sexan quen de atallar de raíz connivencias, desculpas e xustificacións, as cales expresan o vencello estrutural que xungue ás políticas neoliberais da troika coa corrupción estrutural que asolaga as institucións públicas.

A vaga de corrupción que sufrimos mantén un fío causal co modelo produtivo, económico e financeiro derivado das prácticas e valores neoliberais. Esa onda corruptora aprovéitase de toda unha serie de circunstancias:

- a inanidade dunha lexislación feble e insuficiente en materia de contratos do sector

público.

- o uso clientelar das administracións públicas.
- o maremoto privatizador.
- a insuficiencia da coordinación dos órganos de control públicos.
- a escaseza dos medios na prevención e loita contra a corrupción – escenificada ad nauseam mediante o voto en contra do partido que sostén ao goberno galego respecto de varias medidas para dotar máis medios humanos e materiais e para a creación dun órgano independente de prevención achegadas á Cámara.
- a opacidade na contratación pública e nos procedementos recualificatorios urbanísticos por parte de concellos condenados a unha insuficiencia orzamentaria crónica.

O país agredido por ese proceso destituínte acreditamos, a cidadanía que vive e traballa neste país, na súa participación directa e cotián nos asuntos da res pública como o remedio maior para pór fin á dexeneración democrática que espalla recortes, privatizacións e corrupción na nosa sociedade.

Son os tempos para esixir a rendición de contas dos cargos públicos

Son tempos para esixir o cumprimento do programa electoral, que debe ser considerado un compromiso contractual entre electo e electorado.

Son tempos para facer realidade a revocabilidade dos cargos de goberno por incumprimento programático a partir dunha iniciativa que conte cunha porcentaxe de sinaturas do corpo electoral.

Son tempos para redefinir o réxime de aforamento dos responsables públicos.

Son tempos da democracia participativa, das mulleres e homes que toman nas súas mans a dirección das cousas públicas.

Son tempos de dotar de medios materiais e humanos á xustiza galega para que combata as tramas de corrupción político-empresarial que se alimentan da política neoliberal das privatizacións.

Son tempos para o rigor e o control nos procesos de contratación nas administracións públicas e nos procesos urbanísticos de planeamento, recualificación e licenza.

Son tempos para exacerbar o réxime de incompatibilidades dos cargos e ex cargos públicos para evitar as portas xiratorias, ademáis de limitar as remuneracións e xeneralizar unha xestión austera.

Son tempos de dotar de medios suficientes ás institucións encargadas de investigar, controlar e fiscalizar as contas públicas.

Son tempos para regulamentar as campañas electorais con límites e controis de gasto, transparencia e Igualdade entre os partidos.

Son tempos para a reforma do financiamento dos partidos políticos e dos mecanismos de control ao traveso do Tribunal de Contas.

Son tempos de facer efectivo un cordón sanitario respecto dos fenómenos de transfuguismo.

Son tempos para separar os encausados das súas responsabilidades públicas e de partido cando resultan imputados.

Son tempos para elaborar un pacto ético dos partidos acerca das actuacións nos casos de corrupción e dos imputados. Son tempos para que os partidos depuren orgánicamente as responsabilidades que os atinxen cando xorden casos de corrupción.

Son tempos para que o Parlamento de un impulso decidido á Comisión de Investigación das caixas de aforro e á comisión de estudo

Son tempos para garantir que as empresas corruptoras non poderán contratar coas

administracións públicas.

Polo tanto, o Parlamento Galego insta á Xunta a cesar a todos os cargos públicos imputados e incursos nos diversos procesos xudiciais por corrupción e a promover un pacto para facer estensible esta medida no seo dos partidos políticos, así como á creación dun organismo independente de prevención e loita contra a corrupción, outrosí de reactivar e concluír os traballos da Comisión non Permanente de Estudo para a Elaboración dun Plan de Medidas de Prevención e erradicación da Corrupción Política e da Comisión de Investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos.

Proposta de resolución nº 3: derogación artigo 135 da Constitución Española

Os poderes económicos atópanse inmersos nun golpe de Estado permanente contra o interese xeral e os dereitos e liberdades do noso pobo. A desnaturalización da Constitución do 78 acadou un punto de non retorno coa modificación constitucional aprobada nunha noite do verán do ano 2011 polos partidos do réxime. Aprobación que se fixo de costas á cidadanía, e que veu ditada nun exercicio epistolar da troika, que foi acollido polo PP e PSOE de xeito tan manso para esta como furioso para aquela, sometida dende entón a un brutal exercicio de violencia material antisocial.

Poucas decisións políticas se teñen adoptado ao abeiro da crise que reflectan con máis claridade a actual condición do reino de España: protectorado dunha troika que só ten un obxectivo: garantir a satisfacción como prioridade absoluta dos xuros e capital da débeda pública. Isto é, gobernar para banqueiros e rendistas. Esta modificación, imposta sen convocar á cidadanía do Estado a referéndum, destrúe o valor do artigo 1.1 da Constitución, que sinala como valores superiores os da xustiza e a igualdade, propios dun Estado que nominalmente se defíne como social e democrático de dereito e deixa suspendidas de facto as competencias de autogoberno contidas no Estatuto.

O pagamento como obriga absoluta deses títulos de débeda supón na práctica o recorte, repago e privatización do conxunto dos servizos públicos, nomeadamente os da educación, sanidade e dependencia, que ao longo destes anos viron reducidos os seus recursos materiais e humanos nunha porcentaxe que ronda ao tercio. A consecuencia é o aumento da pobreza, do paro, da precariedade, co seu cortello de medo, necesidade e morte.

No noso país, o presidente Feijóo, o presidente dos 10.000 millóns de euros de débeda, o responsable público que nos endebedou en 5 anos a frioleira de 6.000 millóns, o home que nos fai 100 millóns de euros máis pobres cada mes, consumiu un enorme volume de recursos nun mandato caracterizado polos recortes, os repagos e as privatizacións. Vala como exemplo que con ese volumen de débeda se terían financiado 60 diques flotantes, infraestrutura produtiva que si fornece a economía real. Esa débeda ten a prioridade absoluta sobre calquer outra necesidade que teñamos como sociedade. Esa débeda

impagable nos convirte en reféns doutra soberanía que non é a popular, é a do capital. Os 9.911 millóns que o Banco de España sinala como débeda son 453 millóns máis na comparativa interanual, o 17,5% do PIB galego, e ameazan os nosos dereitos.

O pagamento dunha débeda da que hai poderosas evidencias que nunha proporción significativa é merecente do cualificativo de odiosa, por se contraer de maneira ilexítima nesa carreira tola que levou ás clases dominantes a endebedarnos con sucesivas burbullas, alimentar unha dinámica económica onde a corrupción político-empresarial resulta funcional para o desenvolvemento dese modelo económico especulativo e para concluír nun rescate bancario que nos convirte en reféns dun volumen de débeda materialmente impagable. Débeda que a saúde democrática e o futuro social da nosa cidadanía esixen que sexa auditada para recoñecer a fracción dela odiosa e, polo tanto, o seu repudio.

Xa que logo, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a se dirixir ao goberno do Estado para que, no marco dun proceso constituínte, derroque o actual artigo 135 e reforme a Constitución no sentido de outorgar prioridade absoluta ao mantemento e extensión dos servizos públicos gratuítos e universais, outrosí de auditar a débeda coa finalidade de coñecer que parte da mesma ten a característica de odiosa e polo tanto debe ser repudiada.

Proposta de resolución nº 4: desafiuzamentos

O artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos recolle as arelas emancipatorias contidas nunha loita secular ao proclamar entre outros o dereito á unha vivenda digna, dado que sen este ben de uso semella imposible dispor dos rudimentos materiais para ter unha vida digna, e en congruencia o artigo 47 da Constitución e o artigo 4 do Estatuto recollen as responsabilidades dos poderes públicos para proveer este ben. Neste sexenio da crise e recesión, centos de milleiros de familias perderon ese ben de uso, no que investiron tanto traballo e que tanto representa para a vida das persoas; segundo os datos do CXPX a partires do 2008, practicáronse 10.232 lanzamentos no noso país. E cada trimestre achega outra ración de sufrimento e dor a máis de 400 familias.

Só o tenaz exercicio de rebeldía cívica coronado con diferentes sentenzas xudiciais teñen obrigado aos gobernos a rectificar, ben que de maneira radicalmente insuficiente, a súa posición política de deixación e complicidade cos banqueiros e especuladores que están na trastenda dos máis dos desafiuzamentos que se producen no noso país. Esas loitas sociais alicerzaron unha batería de pronunciamentos xudiciais que denunciaban vulneración de dereitos a esas persoas ás que se privaba da súa casa habitual: así a sentenza do tribunal de xustiza europeo, cuxa sala primeira, no asunto C-415/11 concluiu o carácter abusivo do ordenamento legal español en materia de desafiuzamentos, ao vulnerar a normativa europea e non protexer de xeito suficiente á cidadanía diante das cláusulas hipotecarias abusivas ao desconsiderar a Directiva comunitaria 93/13 CEE do Consello, de 5 de abril de 1993.

Unha nova sentenza europea emitida o 17 de xullo deste ano (asunto C-169/14) torna a reiterar que a lexislación civil e hipotecaria do Estado a pesares das modificacións introducidas pola Lei 1/2013 de 14 de maio de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestructuración da débeda e aluguer social, vulnera o artigo 47 da Carta de Dereitos Fundamentais da UE. A reforma acometida polo PP opúxose e desvirtuou os contidos da ILP da PAH, que chegou ao Congreso refrendada por máis de medio millón de sinaturas e cun apoio abrumador da cidadanía. Ao final o que aprobou o PP non respecta a os Dereitos Fundamentais da nosa cidadanía.

Malia esas mornas reformas legais acometidas a realidade é teimuda e segue a hemorraxia de desafiuzamentos na nosa comunidade. Os últimos datos de desafiuzamentos do Banco de España publicados en maio e as estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial ratifican que segue a producirse unha vaga de desafiuzamentos, agora cada vez máis dirixidos aos alugueres, sen que as diferentes iniciativas adoptadas pola Xunta de Galicia sexan un elemento significativo de resolución deste drama social. Semella propio dunha consciencia humana propugnar que ningunha persoa, que ningunha familia, resten na rúa con independencia da súa situación económica. O demais e pura barbarie capitalista.

As diferentes medidas postas en vigor pola Xunta supoñen un escándalo polo seu minúsculo impacto á hora de evitar que as familias sexan botadas á rúa:

- A opacidade que preside o programa Reconduce e o seu moi pequeno campo de actuacións realizadas segundo reconece a Xunta nunha resposta a este grupo parlamentar.
- A sorprendente mínima utilización das prometidas 500 vivendas da Xunta de Galicia para evitar que as persoas queden sen casa.
- Os milleiros de vivendas do SAREB que dormen o soño inxusto da especulación en troques de servir para atender á demanda de vivenda social en aluguer para familias en dificultades..., logo do traspaso de activos por parte de NCG por importe de 5.100 millóns de euros

Esas medidas expresan a impotencia e/ou desinterese de clase da Xunta para garantir unha vivenda digna ás galegas e galegos.

Polo que, o Parlamento Galego insta á Xunta a impoñer unha moratoria universal e indefinida en todos os casos de desafiuzamentos, ben no réxime de compra ou no de aluguer, nos que a vivenda sexa a residencia habitual, e o establecemento dun réxime de aluguer social das vivendas baleiras do SAREB no noso país.

Proposta de resolución nº 5: un novo modelo produtivo

O sexenio de crise e recesión que padecemos obedece a un modelo produtivo que explica a fondura e duración maior da crise sufrida como consecuencia dun modelo produtivo polarizado entre o sector da construción e determinado tipo de servizos de baixo valor engadido. Ese réxime de acumulación estoupa a conta da crise financeira e da crise de demanda cuxa matriz común é a axenda neoliberal.

Modelo que se constrúe con baixos salarios e escasa protección social, sobre a dependencia tecnolóxica, cun oneroso endebedamento empresarial e familiar, un moi elevado déficit comercial, insustentables danos medioambientais, unha fiscalidade regresiva, un enorme burato de economía mergullada e unha sistemática de corrupción político-empresarial funcional á reprodución do sistema.

O noso país require pór fin ao paro crónico que agora conleva emigración masiva de xente formada, rematar coa desertización industrial deste quinquenio Feijóo e reverter as dinámicas de recortes, repagos e privatizacións da actual Xunta.

O novo modelo produtivo cuxas liñas básicas achega esta proposta ten un enfoque estratéxico que valora e promove a defensa das clases traballadoras. Algunhas das características básicas dese novo modelo produtivo para os dereitos, a sustentabilidade e o decrecemento son:

O protagonismo da iniciativa pública e doutras formas de propiedade social e democrática á hora de impulsar un modelo de desenvolvemento centrado nas persoas, non no PIB.

Un novo modelo de relación laborais onde as traballadoras e traballadores codecidan na xestión das súas empresas, para estimular o seu talento e creatividade, desterrando os baixos salarios (cuxo revés é a figura do traballador pobre), a precariedade e a desregulación que agocha o imperio do patrón.

O desenvolvemento de medidas de democracia económica a partires dos contidos da planificación democrática da economía.

A consideración prioritario do investimento en I+D+i de carácter civil para procurar un desenvolvemento sólido, baseado no coñecemento científico e o alto valor engadido da nosa produción.

A afirmación como dereitos subxectivos dos dereitos económicos, sociais e culturais recollidos na Constitución, de xeito que sexan esixibles nos tribunais de xustiza.

Creación dun novo sector financeiro público, quen de achegar recursos e créditos ás iniciativas vencelladas á economía produtiva.

Cambio do patrón enerxético de maneira que responda ao reto civilizatorio do cambio climático e a presenza protagonista do Estado na propiedade e regulación do sector.

Unha nova política agraria que, baseada nos principios da soberanía alimentar, dinamice os circuítos locais de produción e consumo, desenvolva unha produción sustentabe e xere emprego e vida social no rural da nos aterra, conformando un desenvolvemento harmónico do noso país.

Extensión e fornecemento dos servizos públicos como elementos da cohesión social e xeradores de emprego e benestar para a nosa cidadanía.

Garantía dun forte sistema público de pensións, revalorizadas de xeito que as e os pensionistas non perdan poder adquisitivo e pasen necesidade logo dunha vida de traballo.

Apertura dun proceso constituínte quen de afirmar e profundar na participación cotiá e directa da cidadanía nos asuntos da *res publica* ao traveso da implementación da democracia participativa.

Polo exposto, O Parlamento Galego insta á Xunta a elaborar un plan estratéxico

para o novo modelo produtivo baseado no desenvolvemento humano e o decrecemento sustentable.

Proposta de resolución nº 6: sobre o sector naval

O sector naval resulta unha compoñente estratéxica da economía galega e en particular o seu impacto resulta vital para Ferrolterra:

- polo volumen de emprego;
- polas capacidades asociadas para xerar produtos de alto valor engadido;
- pola súa condición de motor económico de arrastre da economía de zonas centrais deste país como son Vigo e Ferrol dan razón dese carácter.

Son demasiados os ataques e deixacións inflixidos polos sucesivos gobernos ao sector naval galego e só o alto nivel produtivo e a capacitación dunha clase traballadora que sabe e quere facer barcos, porque nelo vai a súa vida, o seu xornal, o futuro da terra na que viven, explican a súa resistencia e pervivencia.

A Xunta de Galicia e o goberno do Estado veñen xogando nestes últimos anos coa necesidade e a esperanza da xente en Vigo e Ferrol, prometéndolles, adiando compromisos logo e finalmente desmentindo as promesas coas consecuencias de paro e perda de riqueza que se derivan desa indigna maneira de comportarse. Sexa o réxime fiscal do tax lease e a devolución das axudas ou os compromisos de carga de traballo e construción do dique flotante, os estaleiros privados de Vigo e públicos de Ferrolterra teñen un primeiro adversario no pésimo quefacer da Xunta e do goberno central.

A Xunta lanzou na campaña electoral das eleccións galegas do 2012 o anuncio dos contratos con Pemex para construír o que semellaba toda unha flota: gaseiros, quimiqueiros, floteis... Logo de dous anos longos dese anuncio constrúese un flotel en Ferrol, con parte dos bloques remitidos a Andalucía, e sen que o goberno galego faga outra cousa que lamentarse por elo e co presidente escondido en Monte Pío, sen arrestos

para ir a Ferrolterra e dar a cara polo que prometera. Deixando pasar a oportunidade que para o sector naval galego supuñan os 4 gaseiros nos que participa Gas Natural- Fenosa, empresa obxecto, por outra parte, de todas as atencións imaxinables por parte do goberno galego.

Outra das promesas estrelas do presidente fora o dique flotante. Gobernando Feijóo e Rajoy confírmase que non van facer o dique flotante, comprometendo de xeito grave a capacidade da división de reparacións que é unha rama do negocio naval rendible. Ferrol perdeu máis de 4.200 postos de traballo neste tempo, sen que na actualidade iso evite a subocupación da plantilla principal e unha fonda crise e peche de parte das industrias auxiliares e coa loita para devaluar os acordos sobre condicións de traballo pactados hai anos.

En Vigo, o sector naval coñeceu a enaxenación do estaleiro Barreiras, sentando as bases dun trasvase de coñecementos e tecnoloxía que nos deixará peor a medio prazo, sen que de momento o sistema novo de bonificacións fiscais esté sendo efectivo. Nesta cidade, o emprego destruído cífrase en 7.000 postos de traballo.

Aínda está recente a resposta oficial ofrecida pola Comisión a raíz dunha iniciativa presentada por AGE en Europa (ES E-006030/2014) que evidencia a mala planificación dun goberno que xa sabe que en decembro remata o veto, que tanto roubou a este país, sen que os gobernos da Xunta e do Estado teñan unha planificación das necesidades en termos de investimentos produtivos, material e plantilla necesarios para que Navantia Fene, a combativa Astano, estea en condicións de operar nun mercado mundial que noutrora liderara.

Falla unha vontade política que ordee un planeamento de futuro para este sector produtivo. A mesa do sector naval ten un papel a xogar como marco onde comprometer un plan de viabilidade do sector, que contemple diferentes elementos:

- un financiamento público e privado suficiente para pular pola creación de novos proxectos no sector e na procura da integración, transformación e colaboración entre as empresas do sector;

- o desenvolvemento do novo sistema de bonificacións fiscais, coa achega ao sector das bonificacións devoltas ao Estado en virtude da decisión da Comisión Europea;
- a consecución de compromisos efectivos e urxentes de nova carga de traballo no mercado mundial;
- a realización urxente da construción da sexta fragata e os BAM para a armada;
- a consecución do quinto gaseiro dos que participa Unión Fenosa;
- un plan de investimentos produtivos e medios materiais e humanos para pór a Astano en condicións de fabricar barcos dende o primeiro de xaneiro do 2014;
- Por último que non menor, o dique flotante para a división de reparacións así como un dique cuberto. outrosí dos investimentos produtivos e medios materiais e humanos para pór a Astano ao día;

É por elo que o Parlamento Galego insta á Xunta a que rectifique de plano a súa posición sobre o dique flotante e, polo tanto, desenvolva as xestións oportunas e urxentes para que se consignent nos orzamentos xerais do Estado e nos da Xunta de Galicia o cofinanciamento suficiente para construír o dique.

Proposta de resolución nº 7: sobre as taxas de xustiza

Sen xustiza padece pola base o Estado Social e Democrático de Dereito que proclamou a Constitución e que aínda non está formalmente abrogado. O pulo á administración de xustiza, como servizo público, constitúe unha esixencia de calquer goberno democrático. O actual goberno desoe esa esixencia e as demandas que se dirixen anualmente a el por parte das memorias dos xulgados e tribunais de Galicia:

En primeiro lugar, a vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva a causa da imposición dunha lei de taxas que concita un rexeitamento universal dos colectivos que traballan no eido da xustiza. Cómpre instar a derogación da lei 10/2012, do 20 de novembro, que regulamenta determinadas taxas no ámbito da administración de xustiza e do Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

A destrución do mapa xudicial mediante a imposición sen acordo algún da desaparición dos actuais partidos xudiciais constitúe un exercicio de flagrante desbaldimento dos recursos económicos que a propia Xunta implementou para executar, con gran retraso por certo, o plan de infraestruturas xudiciais; supón o afastamento da administración de xustiza da cidadanía e un custo económico e de tempo engadido para esta, e unha eiva económica notable nas vilas e cidades que perderían a súa condición de sedes xudiciais.

Nós acreditamos nunha xustiza que sexa accesible, que garanta a tutela xudicial efectiva para os sectores sociais máis febles e que cumpra tamén unha función de reequilibrio territorial nas comarcas do interior e do rural e para iso hai que manter os 45 partidos xudiciais galegos.

A privatización dos rexistros civís para entregarllos ao gremio ao que pertenceu o actual presidente do goberno, coa aquiescencia dunha Xunta apenas quen de aprobar en silencio unha medida privatizadora, non ten parangón en canto vai atribuír funcións públicas a un colectivo privado, desposeendo ao Estado dunha atribución soberana e incorporando o pago dunha taxa, imposto indirecto, do que tanto gusta a dereita política.

A non realización da nova oficina xudicial, dotada con partidas ridículas nos orzamentos da Xunta de Galicia.

A entelequia, sen respaldo orzamentario algún, da nova oficina fiscal.

Os retrasos na implantación do expediente electrónico por parte da Xunta.

A bochornosa situación de moitos arquivos xudiciais, como é o caso dos da Coruña.

A falla de persoal e de medios económicos para a realización das tarefas do expurgo xudicial.

Os notables atrasos na execución do plan de infraestruturas xudiciais aprobado pola Xunta de Galicia.

A deixación respecto das demandas máis urxentes que todos os anos formula a memoria dos xulgados e tribunais de Galicia en orde á creación de novos órganos xudiciais que superen a actual saturación de diversasa xurisdicións, caso da social.

As posteriores medidas de recorte contempladas no documento de 255 medidas elaborado para continuar o tormento dos recortes avanza outras actuacións que van no sentido de deteriorar e debilitar a capacidade de actuación da administración de xustiza.

Os intolerables retrasos que suman anos e que se acumulan no FOGASA e que ten que sufrir o eslabón máis feble da cadea, o traballador e a traballadora que xa perdeu o seu posto de traballo.

A imprescindible promoción da reforma da lei do 18 de xuño do 1870, modificada pola lei 1/1988, do 14 de xaneiro, que establece as regras para o exercicio da graza do indulto, de xeito que se exclúa desta graza os delitos graves (estafa, apropiación indebida, insolvencia punible, alzamento de bens, branqueo de diñeiro, delitos societarios e contra a administración e a facenda pública; a malversación e a fraude; a prevaricación urbanística; a tortura; os delitos electorais e os de carácter ecolóxico), e se amplíe a información e fundamentación deste exercicio nos decretos que os outorgan e para que nos casos onde o informe do tribunal sentenciador sexa desfavorable teña que entender da solicitude unha comisión mista parlamentaria.

Achegar os investimentos necesarios para que o noso país se acerque á media de xuíces por cada 1.000 habitantes que ten a UE (11 xuíces no noso caso por 19 da media europea).

Ministerio de xustiza cuxa penúltima fechoría pretendía ilegalizar o dereito das mulleres a nosa saúde sexual e reprodutiva mediante a asunción nunha norma estatal do bafo ideolóxico ultra de entidades como a rede madre.

En atención ao exposto, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a comprometer no orzamento as partidas suficientes para desenvolver a nova oficina xudicial e fiscal, o expediente electrónico, as tarefas de arquivo e expurgo, o reforzamento do FOGASA, e no seu ámbito competencial ao atinxente á creación de novos órganos xudiciais contidos na memoria de xulgados e tribunais de Galicia do 2013.

Proposta de resolución nº 8: creación dunha Banca Pública

Consumouse no mandato de Feijóo o expolio do aforro galego e o malbaratamento das antigas caixas de aforro, entidades centenarias que foron quen de superar o crack do 29, a guerra civil, a ditadura, a crise do 73 e a do 92 para, ao final, caer diante do enviado da troika para Galicia, o actual presidente da Xunta. Este país xa perdeu a entidade financeira sistémica para Galicia que foran as caixas.

A venda das caixas, logo da súa mutación en banco, comportou a perda de preto de 10.000 millóns de euros (9.052 millóns de euros para reflotar ese banco, máis 802 millóns do FGD), aos que hai que engadir o diñeiro en créditos fiscais, que se atopan aproximadamente por riba dos 2.300 millóns de euros, outrosí das garantías dadas polo Fondo de Rescate á entidade compradora por unha serie de eventualidades (o chamado risco Sareb, cláusulas solo e swaps dos tipos de interese e demais cuestión fiscais entre outras). Ao final a entidade compradora aboará o 60% en prazos ata 2018, é dicir, cos beneficios que obteña da entidade. A venda é tan mala en termos económicos que aumenta o déficit público en 400 millóns de euros ao se mal vender por menos do esperado. Enorme sangría económica que de terse aplicado a desenvolver iniciativas produtivas suporía un cambio radical

Mala venda que ademáis está chea de escuridade sobre a que o goberno da Xunta se nega a deitar luz:

- Non temos o expediente completo de fusión das caixas, coa totalidade dos informes técnicos elaborados.
- Non temos a carta de encargo pola que a Xunta de Galicia encargou a KPMG unha chamada “*due diligence*”.
- Non houbo a comparecencia na comisión de investigación das caixas de Marta Fernández Currás, Miguel ángel Fernández Ordóñez e Joaquín Almunia Amann.
- Non temos a totalidade das actas dos consellos de administración das caixas galegas dende 1996 en adiante.

- Non temos o caderno de venda de NCG.

- Non temos o conxunto da documentación xerada no proceso de venda de NCG que obra en poder da Xunta, do FROB e do goberno estatal referida ás seguintes cuestións:
 - As modificacións operadas nos prazos para a presentación das ofertas e a porcentaxe do sometido á subasta.

 - As rectificacións referidas o peche da operación e a asunción por parte de Banesco da dirección da entidade, logo de conquistar a autorización definitiva da venda. Cal é a cantidade global e a cantidade efectivamente desembolsada ate o de agora pola compra de NCG e cal é a secuencia dos prazos ate contemplar o abono da totalidade do importe?

- Cales van ser as consecuencias en materia de peche de oficinas ou destrución de emprego?

- Cales son as previsibles repercusións económicas e sociais da revenda das carteiras de fallidos a fondos boitre?

- As garantías dadas e a súa avaliación en termos económicos por parte do Fondo de Rescate á entidade compradora.

- O balanzo real dos créditos fiscais garantidos á entidade compradora.

Opacidade e perdas que non son ás únicas minusvalías que esa venda repórtanos como país. A propiedade da nova entidade bancaria é venezolana, co cal o seu interese central trasládase varios milleiros de kilómetros ao oeste das nosas necesidades. A única razón para este sombrío panorama semella ser o interese ideolóxico do PP de deixar a Galicia sen unha entidade financeira propia, quen de alimentar un fluxo de crédito suficiente para asegurar a reactivación económica. Porque se goberna contra os intereses da maioría social traballadora deste país, góbernase para a troika e os intereses do capitalismo

financiero estranxeiro.

Unha banca pública galega é necesaria para garantir un fluxo de crédito suficiente ás empresas e familias coa conseguinte creación de emprego que se derive.

Unha banca pública galega é necesaria para evitar o bochorno do uso ilexítimo de millonarias tarxetas opacas.

Unha banca pública galega é necesaria para limitar o sobreendebedamento familiar, para reducir os salarios e incentivos dos directivos, que chegan ao escándalo das indemnizacións millonarias.

Unha banca pública galega é necesaria para modificar o mercado hipotecario, de maneira que só se responda dos créditos cos bens hipotecados e cese o escándalo social dos desafiuzamentos.

Unha banca pública galega é necesaria para controlar os investimentos nas actividades especulativas, en especial no sector inmobiliario, e as operativas bancarias cara e dende os paraísos fiscais, outrosí de suprimir as comisión inxustificadas e cláusulas abusivas. Proscribirase a especulación na súa actividade.

Unha banca pública galega é necesaria para impedir actuacións concertadas entre entidades financeiras e sociedades de tasación cuxo resultado é o incremento exorbitado do prezo do solo e dos inmobles.

Unha banca pública galega é necesaria para vincular as axudas públicas directas e indirectas ao fluxo de crédito a pequenas empresas, autónomos e familias.

Unha banca pública galega é necesaria para garantir que non haberá especulación na súa actividade.

Unha banca pública galega é necesaria para protexer a Obra Social e a súa contribución ao benestar colectivo.



Unha banca pública galega é necesaria para garantir a conservación do emprego existente no sistema.

Unha banca pública galega é necesaria para que o parque de vivendas baleiras propiedade do SAREB se convenie para constituír un parque de vivenda pública social en aluguer.

Por iso,o Parlamento Galego insta á Xunta a realizar os trámites legais para constituír un sistema bancario galego de propiedade pública.

Proposta de resolución nº 9: recuperación dos servizos públicos

Os dereitos económicos, sociais e culturais que declaran a Constitución e o Estatuto están en moi grave risco de converterse en papel mollado. Do estreito e neoliberal economicismo de Maastricht á contrarreforma constitucional do verán do 2011, que outorgou prioridade absoluta ao pagamento da débeda, desenvólvese un progresivo desmantelamento dos servizos públicos no noso país. Esa axenda neoliberal pon en cuestión polo tanto o concepto de cidadanía social, onde as persoas podemos exercer os nosos dereitos políticos e civís a partires do exercicio efectivo dos dereitos económicos, sociais e culturais.

Ese desmantelamento dos servizos públicos provócase ao través de diferentes modalidades de actuación contidas no consenso de Bruxelas: recortes, repagos e privatizacións constitúen a trinidad neoliberal que mercantiliza os servizos públicos, os cales son lidos polo capital como un dos ámbitos clave para colonizar e someter á lei do valor:

No eido da sanidade pública atopámonos no lustro Feijóo cun recorte dos seus recursos económicos por importe de 369,6 millóns de euros, un recorte en euros constantes do 21% do orzamento. A liquidación do concepto de sanidade pública universal e gratuíta que viña da lei xeral de sanidade do 1986 e o progresivo recorte e a introdución de repagos en todos os ámbitos da sanidade acompañanse dun crecente volumen de ingresos xestionados directamente por operadores privados, a partires da aprobación da lei 15/97. Neste 2014, a parte do orzamento que manexan empresas privadas ascende a 1.624 millóns de euros, a metade do total orzamentado.

A educación pública acumula un recorte nos seus orzamentos de 357,7 millóns de euros, un 26% do orzamento en termos reais. O peche de 76 escolas e 450 aulas públicas; a eliminación de 1.250 profesores e profesoras; os 60 millóns de euros que perdeu o sistema universitario galego e a redución nun 34% das axudas aos grupos e proxectos de investigación; a suba dos prezos dos comedores escolares; a blindaxe dos centros privados concertados, incluso aqueles que discriminan polo sexo do alumnado; os 28 millóns de euros para o ensino relixioso... son unha secuencia de medidas que ameaza a capacidade integradora do sistema para procurar unha educación integral e crítica. A ese

obxectivo opónselle unha LOMCE mercatilizadora.

No capítulo de protección e promoción social pérdense 251 millóns de euros, que supoñen un 36% menos en termos reais. A situación que debuxan as análises máis recentes sobre os sistema de dependencia son moi negativas e van na liña descrita polo Valedor do Pobo sobre os incumprimentos da Xunta das súas obrigas legais para facer efectiva a lei 39/2006, e que tivo este verán o capítulo das cartas retroactivas que suprimen ou reducen as axudas.

Un país con xustiza social, inclusivo, que coida a súa cidadanía non se pode permitir executar a barbarie neoliberal dos recortes, os repagos e as privatizacións. Caldo de cultivo estas desa lacra que é a corrupción político-empresarial, que provén de facer negocio privado cos dereitos da cidadanía.

Polo exposto, o Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver un plan extraordinario de recuperación dos servizos públicos, nomeadamente a sanidade, a educación e a dependencia, que permita recuperar alomenos os seus valores orzamentarios en termos reais do nivel do ano 2009.

Proposta de resolución nº 10: Contratación Pública

Nun tempo de crise no que os recortes orzamentarios están a empobrecer á clase traballadora, hoxe máis que nunca, é obriga dos gobernos garantir o xusto e bo uso do diñeiro público. A tal fin, parece indispensable que dende o goberno galego se garanta a lexitimidade e transparencia de todas cantas actuacións acorde con terceiros.

O "avance intolerable do desemprego" provoca que 650.000 persoas estean en situación de exclusión social na Galiza, dos que 120.000 viven en pobreza de carácter severo.

Entre os problemas aos que se enfrontan os milleiros de persoas sen fogar que subsisten nas rúas galegas, destacan as patoloxías mentais sen tratar, a adicción ao alcohol ou as drogas e a prostitución.

A clase obreira xa non pode seguir a pagar unha crise que non provocou e que está sendo utilizada para rebaixar salarios, desregularizar xornadas e perder dereitos laborais e sociais conquistados ao longo de moitos anos de loita sindical, mentres os culpables, os corruptos, son protexidos polo goberno.

Neste senso, parece imprescindible que a Xunta de Galicia garanta a transparencia e lexitimidade nas axudas que a través do IGAPE ou doutros organismos, así como nas contratacións de servizos con terceiros, introducindo cláusulas nos plegos de condicións de acceso a axudas ou contratos coa Administración que sancionen ás empresas que vulneran a lexislación laboral, lexislación en materia de Seguridade e Saúde Laboral e dereitos fundamentais por estar a contribuír ao empobrecemento da clase traballadora galega.

Entre estas empresas, cabe destacar, como exemplo, algunhas que actualmente prestan servizos para a Administración galega:

Exemplos de empresas condenadas en sentenza por incumprimento das súas obrigas cos traballadores/as: CLECE ten a concesión da limpeza doa complexos hospitalarios de Compostela e Vigo, centros de saúde, centros de día, residencias asistidas, colexios. Tamén ten concesións en aeroportos, traballos de loxística, seguridade, hostalaría, ... a través das súas filiais (Xestión Aeroportuaria: Ma, Clece, Clever; Mercado Verde Talher; Centros Especiales de Empleo: Grupo Integra, Integra Logística, Integra Formación, Clece

Seguridad e Clece Multiservicios: Clece, Lireba, GPL Grupo Prolimsa; Deyse; Net-brill; POVISA).Dende o ano 2011 ven tendo varios conflitos cos traballadores/as por incumprimento do convenio colectivo, ao querer aplicar a os seus traballadores os mesmos recortes que o goberno aplica aos seus. Perdidas varias sentenzas, agora Clece pretende impoñer a Reforma Laboral impoñendo aos seus traballadores/as as condicións do Convenio Provincial.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implementar cláusulas de penalización nos procesos de selección de empresas para a contratación de servizos ou subministros, de xeito que aquelas empresas respectuosas cos dereitos laborais sexan primadas, en detrimento daquelas que teñan nos catro últimos anos condenas da xustiza, ou sancións por parte a autoridade laboral, por vulneración dos dereitos dos traballadores ou delitos fiscais.

Proposta de Resolución nº 11: Incremento investimentos en Educación Pública e redución progresiva dos concertos educativos.

O proceso de construción dun sistema educativo democrático, capaz de dar resposta ao dereito á educación de todas as persoas, garantindo a igualdade de oportunidades, independentemente das diferenzas de índole social, económico ou cultural, ten sufrido un ataque sen precedentes nos últimos anos.

A tesitura de continuos recortes nos orzamentos educativos establecida polo Goberno Galego durante os últimos cinco anos, xunto co caos organizativo provocado por unha errática xestión, están a levar o noso sistema educativo ao limiar dun punto que pode ser sen retorno, se non se reconducen as políticas educativas e se inverte esta tendencia. Se facemos un repaso polas decisións mais lesivas, contra o dereito á educación, levadas a cabo por parte do Goberno Feijoo, podemos apreciar con claridade a gravidade da situación.

-Durante os cinco últimos anos téñense reducido os orzamentos de educación en preto de 400 millóns de euros. As Universidades Galegas perderon 60 millóns de euros de recursos públicos contemplados nos orzamentos.

-O Goberno Feijoo blindou as subvencións aos centros privados concertados que supoñen unha partida de 237 millóns de euros anuais. A pesares de que o ensino privado concertado ten visto reducida a súa matrícula en preto de mil nenos e nenas nos últimos cinco anos, mantivo o mesmo número de unidades concertadas e o mesmo número de docentes en nómina. De feito, nos últimos 10 anos, o ensino privado concertado experimentou un incremento de 453 docentes pagados con recursos públicos e un incremento de 333 aulas subvencionadas a través de concertos. Pola contra o incremento de matrícula experimentado no ensino público, cifrado en 10.113 nenos e nenas nestes cinco últimos, viuse correspondido cunha redución de máis dun milleiro de docentes.

- O trato de privilexio cara aos centros privados católicos chega a tal extremo que o Goberno Galego se permitiu facer caso omiso das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo, coa finalidade de manter as subvencións

públicas aos centros que segregan ao alumnado en función do seu sexo, que alcanzan xa os 15 millóns de euros na era Feijoo.

-Pola súa banda, o ensino da relixión recibe 28 millóns de euros de diñeiro público cada ano, a pesares de ter sufrido un descenso na matrícula dun 43%.

-A rede de centros públicos de Galicia ten visto como de pechaban 76 escolas e se suprimían 450 aulas, fundamentalmente no rural.

-Segundo os datos do propio Goberno Galego o noso sistema educativo conta con 1250 mestres e mestras menos, o que supón que o alumnado galego se ve privado de 2,5 millóns de horas de traballo do profesorado anuais, coas que, entroutras tarefas, se articulaban desdobres, apoios na aula, reforzos educativos e outras medidas de atención a diversidade.

-A aplicación da LOMCE, de xeito improvisado, aprobando os seus decretos de desenvolvemento durante o verán e co curso xa comezado, como aconteceu co novo decreto de currículo de Primaria, está a engadir a política de recortes, un desorden organizativo e planificador que a comunidade educativa ten denunciado con contundencia.

-A suba do prezo dos comedores e a modificación das axudas ás familias provocou que do 8% do alumnado pase a pagar o 21% do mesmo, dificultándose de xeito importante o acceso a un servizo público esencial como este.

-A supresión do sistema de prestamos universal e gratuíto dos libros de texto e a desaparición das axudas para a compra do material escolar está a sobrecargar as economías familiares de novos gastos para acceder ao ensino, nun contexto de crise social sen precedentes.

-O desmantelamento da rede de orientación e dos equipos específicos de orientación provincial, imposibilitan o funcionamento da rede de apoio, asesoramento e coordinación dos axentes educativos implicados no proceso de ensino aprendizaxe, así como o deseño de programas educativos específicos para atender a diversidade do alumnado e

as súas necesidades educativas especiais.

-As axudas públicas da Xunta de Galicia para os grupos e proxectos de investigación universitarios teñen diminuído un 34% o último ano, consolidando ao sector do i+d+i galego no furgón de cola de toda Europa.

Á luz dos datos ofrecidos, resulta doado decatarse de como as políticas educativas do Goberno do Partido Popular teñen afectado aos elementos clave que artellan un ensino público de calidade, en todas e cada unha das etapas e niveis do ensino obrigatorio e non obrigatorio e en todas e cada unha das áreas e sectores.

Partindo da consideración de que a educación pública é un pilar básico das sociedades democráticas e fronte a esta situación crítica, urxe desenvolver políticas que permitan reparar os graves destrozos que o Goberno Feijoo ten infrinxido na estrutura do sistema educativo do noso país.

Por todo isto, **o Parlamento de Galicia insta ao goberno galego, a través do incremento das inversións educativas, a recuperar o tempo perdido en materia de recursos humanos e materiais nos Orzamentos do 2015, acometendo a progresiva redución das subvencións aos centros privados concertados, destinando cando menos o 5,3% do PIB á Educación Pública, co compromiso asumido, mediante o establecemento dunha Planificación Plurianual, de chegarmos ao 7% do PIB ao remate da actual lexislatura, garantindo de xeito efectivo o acceso ao dereito á educación en condicións de calidade, igualdade e gratuidade, en todas as etapas educativas -incluído o ensino universitario- e abarcando os servizos educativos complementarios e o material escolar implicados nos procesos de ensino aprendizaxe.**

Proposta de Resolución nº 12: un novo Decreto da Lingua Galega.

O Decreto 79/2010, coñecido coma o **Decreto do Plurilingüismo**, supuxo un retroceso para a normalización da lingua galega. Un retroceso documentado e recoñecido polo terceiro informe do Comité de Expertos sobre España (CM (2012)111) no tocante ás observancias da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias e, avaliando o impacto do decreto 79/2010 do 20 de maio, reflicte a preocupación pola redución do ensino do galego en todos os niveis e da súa estrutura de apoio.

Máis aló dos artigos declarados ilegais por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Decreto non cumpre coa súa función: normalizar o uso da lingua galega no ensino, primeiro piar esencial para perder os prexuízos e estigmas e avanzar na conquista de máis funcións sociais e espazos de uso para o galego.

As preocupantes e negativas cifras de uso da lingua galega na etapa de educación infantil poñen de manifesto a necesidade de revertir esta situación xa que isto pon en perigo o necesario relevo xeracional no uso da nosa lingua. Son necesarias medidas de defensa, promoción e reafirmación.

Non se pode pretender que existe equilibrio entre a lingua galega e a castelá, sustento da errada tese do **bilingüismo harmónico**, cando a lingua galega fica expulsada de espazos esenciais da vida cotiá, polo que está moi lonxe de ser unha lingua normalizada.

Por todo exposto, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que derroque o decreto 79/2010 e proceda a elaborar un novo decreto que se apoie nas medidas, as estratexias e accións aprobadas por unanimidade no 2004 polo Parlamento Galego no Plan Xeral de Normalización Lingüística e que se fundamente na participación de todos os axentes educativos, políticos e sociais.

Proposta de Resolución nº 13: Dereito de acceso á cultura: Lei do Bono Cultural e exención do pago do canon a bibliotecas públicas e outras institucións educativas e culturais

O Dereito de acceso á cultura está sendo seriamente atacado polas decisións normativas dun goberno central e polo seguidismo e pasividade do goberno da Xunta de Galicia.

A decisión do goberno central de aumentar o IVE aplicable á cultura ate o 21% está causando unha mancha de problemas no sector cultural en Galicia, tanto no eido da creación, como no da divulgación, e, por suposto, no da demanda e goce da cultura.

Asi mesmo, o Real-Decreto 624/2014, que establece obrigas de pago dun canon a bibliotecas públicas e outras institucións educativas e culturais, incide na mesma teima de establecer límites ao dereito de acceso á cultura.

Os recentes datos demostran que houbo un terrible retroceso no acceso á cultura nos seus diferentes formatos (artes escénicas, música, danza, cine, etc.) e nos diferentes polos da cadea (espectadores, recadación...).

O Goberno de Galicia, conforme ao disposto nos artigos 4.2. e 27.18, 27.19 e 27.20 do Estatuto de Galicia, ten a obriga de garantir a participación de todos os galegos e galegas na vida cultural e ten a competencia exclusiva para o fomento da cultura asi como nos arquivos, bibliotecas e museos de interese para Galicia.

Nestes precisos intres, considerando a actual situación de abafo pola que pasan tanto creadores coma consumidores do ben cultural en Galicia, consideramos necesario que a administración pública galega poña en marcha un mecanismo corrector, unha ferramenta que, polos seus efectos positivos, axudaría tanto ao polo da creación coma no da adquisición. Exercería de estímulo para o sector cultural en xeral nun tempo crítico.

Para artellar esa ferramenta será preciso formalizar convenios de colaboración e adhesión con Librerías, tendas de música, museos, salas de concertos, salas de teatros, salas de cine, e organizadores de festivais e eventos culturais.

O Bono Cultural non serviría para a adquisición de certos produtos como material de papelería, libros de texto tanto profesionais coma de estudo, informática e electrónica ou xogos e videoxogos. Si entrarían representacións de artes escénicas, os concertos de música, as obras audiovisuais e cinematográficas, as edicións literarias e fonográficas, as exposicións de artes plásticas e as actividades de patrimonio histórico e cultural de Galicia.

Para que teña unha dimensión desestacionalizada cómpre que se establezan dúas modalidades de Bono Cultural: a) unha modalidade de uso corrente, aplicable durante todo o ano; b) unha modalidade de uso estacional aplicable, por exemplo, só no Nadal e na ***Semana das Letras Galegas***.

E para que este bono cultural poda realizar a súa finalidade debe complementarse coa reclamación de exención do pago de canon para as institucións afectadas polo Real-Decreto 624/2014.

Por todo o exposto, **o Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a que antes de 6 meses presente no Parlamento unha *Lei para a adquisición e goce da cultura ou do Bono Cultural* que conteña cando menos os seguintes principios: dúas modalidades; incorporación de medidas de discriminación positiva para os produtos culturais en galego; transparencia no establecemento dos criterios e nas modalidades de uso; determinación do valor do Bono Cultural; a natureza, dereitos e deberes das entidades colaboradoras e adheridas; os procedementos de xestión do Bono Cultural. Así mesmo, exercerá as súas competencias e reclamará ante o Ministerio de Educación e Cultura do Estado a exención do pago do canon para museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, filmotecas de titularidade pública e entidades de interese xeral de carácter cultural, científico ou educativo sen ánimo de lucro.**

Proposta de resolución nº 14: Dereito a decidir

O pobo galego é suxeito de dereitos políticos que non están recoñecidos de xeito pleno no marco constitucional e estatutario actualmente vixentes. O dereito a decidir das nacións e a demanda de cambio do réxime xurídico-político resultado da transición son esixencias democráticas ineludibles, que non poden ser respostadas nin coa represión do aparello xudicial nin coa resistencia ao cambio radical dun sistema que esmorece de podredume. A cidadanía das nacións ten dereito a ser consultada e decidir o seu futuro.

Polo tanto, o Parlamento Galego acorda instar ao goberno galego a que se dirixa ao goberno do Estado aos efectos de mudar o actual marco xurídico-político constitucional, co recoñecemento expreso da soberanía nacional e o dereito a de autodeterminación das nacións así como do dereito a decidir sobre a forma de Estado.

Proposta de resolución nº 15:

Hai unha realidade evidente fóra de toda dúbida: o cambio climático está a acontecer e as súas consecuencias comezan a manifestarse.

Por outra banda evidénciase a nivel mundial o esgotamento dos combustibles fósiles, principalmente do petróleo, o chamado pico do petróleo, nun modelo que non funciona sen eles.

Galiza é moi dependente destas fontes de enerxía non renovable, e debe de adaptar as súas políticas para un horizonte de escaseza das mesmas.

Políticas integrais nos eidos da ordenación do territorio, da mobilidade, nas pautas de consumos, na vivenda, na alimentación e agricultura, na produción enerxética, etc.

Ambos obxectivos están interrelacionados e as decisións que se tomen deben de ter en conta estes aspectos tan relevantes para o futuro.

Un aspecto decisivo no aumento das emisións de gases de efecto invernadeiro e na dependencia de Galiza dos combustibles fósiles son as térmicas de As Pontes e Meirama que xeneran máis do 30 % destas emisións en Galiza.

É un modelo de produción insostible que causa moitos impactos negativos en Galiza e poucos beneficios.

Polo que se albisca ademáis non é seguro que as empresas vaian a acometer as inversións necesarias para manter a actividade cumprindo coa lexislación ambiental, e polo tanto o seu peche é unha posibilidade real e desexable.

O goberno da Xunta de Galicia debería de traballar xa no escenario post-térmicas para mitigar o impacto concreto no emprego destas zonas, substituindo esta actividade por outras sostibles.

A loita contra o cambio climático e o cambio de concepción que supón adoptar os principios do pico do petróleo son tamén posibilidades de crear economía local e emprego.

Por todo elo, o Parlamento de Galicia acorda promover unha política integral que teña como eixos fundamentais a loita contra as emisións causantes do cambio climático e a redución do consumo e dependencia de combustibles fósiles fixando que deberá abranguer as políticas de ordenación do territorio, mobilidade, vivenda, agricultura e medio rural, política enerxética e educación ambiental. Promulgará Plans de Asignación de Dereitos de Emisión de CO2 máis restritivos, establecerá un Programa de Aforro e Eficiencia Enerxética con obxectivos cuantitativos ambiciosos de redución do consumo enerxético en todos os sectores e iniciará un intenso Programa de Fomento das Enerxías Renovables, e elaborará un Plan de Substitución e Eliminación progresiva de fontes de enerxía fortemente contaminantes, que terá como un dos obxetivos principias a progresiva substitución das plantas térmicas de Meirama (Gas Natural) e As Pontes (Endesa) pola produción de enerxía procedente de fontes renovábeis. O mencionado Plan debería contar con medidas de recolocación dos traballadores e das traballadoras de ambas plantas en sectores económicos sostibles.

Proposta de resolución nº 16: Sogama

As contas de Sogama do exercicio 2013 recollen unha situación económico-financeira moito mellor da que figuraba na memoria que acompañou á lei de Orzamentos para 2014 e coas que se “xustificou” o aumento do canon de recollida de residuos dun 33,5%, con efectos de 01/03/2014.

A Xunta de Galicia incluíu nos orzamentos de 2014 unhas previsións de perdas de 4.066.781,99 euros, as que constaban no Plan de viabilidade de Sogama, e nas que se amparou para elevar o canon polo tratamento de residuos de 61,5 a 82,10 euros por tonelada (IVA incluído). Pero unha vez coñecidas as contas pechadas do exercicio 2013 obsérvase que as perdas (resultado neto) quedáronse en 614.037,41 euros, é dicir, un 84,90% menos de caída de beneficios con respecto ás previsións orzamentarias. Ao mesmo tempo, e contrariamente ás previsións da Xunta, o resultado de explotación foi positivo, por importe de 1,7 millóns de €, cando as previsións era dun resultado negativo de -2,6 millóns.

Non só as perdas foron moito menores das previstas senón que o conxunto da situación económico-financeira, tanto a longo como a curto prazo, é mellor que a presentada pola Xunta para xustificar o incremento do canon. A realidade é que o goberno da Xunta presentou no debate orzamentario unha previsión de contas de Sogama moito peor da real para xustificar o escandaloso incremento do canon.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a modificar a Disposición Adicional Vixésimo Primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, anulando e deixando sen efecto, con carácter retroactivo desde o 01/03/2014, a fixación da contía de 74,64 €/t, e procedendo a publicar no DOG a contía do canon no mesmo importe que o vixente no exercicio 2013, ordenando a devolución aos concellos da cantidade que proceda pola diferenza entre ambas contías percibida por Sogama neste ano 2014^a presentar ante este Parlamento de Galiza, no prazo máximo dun mes o informe económico-financeiro sobre o estado das contas de Sogama no 2014 (datos trimestrais e acumulados) , informe económico-financeiro e de viabilidade



xurídica de ampliación de capital de Sogama, por compensación dos préstamos subordinados contraídos pola empresa coa Xunta e Gas Natural (25.729.329 €) e informe sobre o impacto nas contas de Sogama do novo réxime retributivo derivado do RD 413/2014, de 6 de xuño, e da posterior Orde IET/1045/2014, de 16 de xuño.

Proposta de resolución nº 17

O Parlamento insta ao Goberno galego a constituir unha Comisión Parlamentaria de Investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o pasado 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galiza, e esixir ao Goberno español que de xeito urxente dote ás liñas ferroviarias galegas dos sistemas de seguridade necesarios para que non volten á acontecer feitos coma o da curva da Grandeira.

Proposta de resolución nº 18: comercio minorista e grandes superficies

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a levar unha política de fomento do comercio local e de limitación de privilexios das grandes superficies mediante a creación dun tributo autonómico, de aplicación ás grandes superficies comerciais, de carácter periódico anual e finalista, cuxa recadación quedaría afectada e destinada ao fomento e apoio do pequeno comercio, a aprobación dun Plan Sectorial de Equipamentos Comerciais que ordene e planifique a implantación das grandes superficies con criterios de impacto económico, territorial e social, e de afectación ao pequeno comercio. Suspensión cautelar do procedemento de outorgamento de licenzas para grandes superficies ata a aprobación e entrada en vigor de dito Plan, e por último a modificación da Lei 13/2010, de Comercio Interior de Galiza para, entre outros obxectivos, desenvolver o principio da planificación da implantación de grandes superficies con criterios de impacto económico, territorial e social, e de afección ao pequeno comercio.

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda** ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, achega **escrito de reformulación** respecto da proposta de resolución número 19, das **Propostas de Resolución para o Debate sobre o Estado da Nación**, contidas no documento con número de rexistro, 28.297.

Proposta de resolución nº 19: Cova de Eirós

AGE ten solicitado que a Xunta de Galicia inste ao Concello de Triacastela á revisión de oficio da licenza de actividade concedida a Cementos Cosmos para a explotación de Don Isidro porque non garantía a conservación dos valores ambientais, sociais e patrimoniais e a que se decretara a paralización de inmediato das actividades e a tomar as medidas necesarias para garantir a conservación e protección da xoia de arte rupestre que é a Cova de Eirós, outrosí de condenar as accións represivas da empresa contra os defensores do patrimonio cultural e ambiental da zona.

Acreditamos nun sector mineiro que prohiba as técnicas mineiras baseadas na extracción por medio de procesos de cianurización, a retirada do Documento de inicio do “Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia e declarar o territorio da Comunidade Autónoma libre de fracking, a prohibición do proxecto de extracción de ouro en Corcoesto e a protección de espazos naturais de especial valor, priorizando os usos agrarios e forestais sobre a actividade mineira como criterio xeral, porque cremos que calquer actividade económica debe de estar supeditada á conservación dos valores anteriormente citados e que impida actuacións coma as que se están a desenvolver na explotación Don Isidro.



Por todo isto, o Parlamento insta ao goberno galego a realizar unha política no sector mineiro que prime nos casos coma o da explotación Don Isidro en Triacastela, os principios de conservación ambiental, patrimonial, interese xeral, o principio de precaución e a utilización dos recursos naturais enfocados cara a solución das necesidades humanas e non supeditadas á especulación dos mercados.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/10/2014 14:24:34

Proposta de resolución nº 20:

Galiza, por mor das súas características climático-xeográficas e pola a súa extensa e dispersa rede eléctrica, conta cunhas condicións óptimas para a xeneralización dun modelo enerxético alternativo. Un modelo enerxético sustentábel e descentralizado, baseado na produción de enerxía eléctrica por medio de moitas fontes pequenas de carácter renovábel --microeólica, placas solares, mareomotriz...-- destinadas ao autoconsumo, que ademáis aseguraría a soberanía enerxética dos seus habitantes. Este modelo achegaría a produción ao consumo e evitaría a ineficiencia do transporte a longas distancias -- no sistema tradicional entre o 7 e o 10% da enerxía pérdese no traxecto entre punto de verquido e punto de consumo--, amais de permitir una rede de distribución de menores dimensións e, xa que logo, máis barata e beneficiosa tanto dende o ollar ambiental, coma social e económico.

No entanto, a lexislación imposta dende o Estado e a Xunta imposibilita o desenvolvemento deste modelo alternativo, prexudica á maioría social e beneficia ao oligopolio.

Temos un modelo alleo que nos produce fortes impactos ambientais e que deixa pouco beneficio en Galiza, e é totalmente insostible dende un punto de vista ambiental e económico.

A Xunta de Galicia porfía nun modelo inviable, que beneficia a uns poucos, que pagamos todos e todas, e lexisla a favor das grandes empresas eléctricas, outorgándolles privilexios a través de modificacións normativas nos eidos eólico, hidráulico e térmico.

Polo antes exposto, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a modificar ou no seu caso a esixir a modificación do marco normativo, para impulsar políticas de democratización da enerxía e de loita contra o oligopolio, promovendo un modelo baseado na produción descentralizada para o autoconsumo, e a promoción eficaz das enerxías renovábeis reducindo as fontes contaminantes. Para isto, entre outras medidas, cómpre establecer un procedemento simplificado para a instalación das pequenas instalacións, cando menos aquelas que estean por debaixo dos 2MW, e que se determine o custe real proporcional para os casos de produción/consumo baseados no balance neto, e á realización dunha auditoría independente do custe real da produción, distribución e comercialización da enerxía eléctrica, que



cuantifique rigorosamente o déficit tarifario, así como implementar políticas de aforro e eficiencia enerxética para facilitar a substitución de enerxías contaminantes por renovables.

Proposta de resolución nº 21:

Para revertir a situación de desmantemento do rural de Galicia, temos que artellar un novo modelo baseado na sustentabilidade, na soberanía alimentaria, na recuperación e protección da superficie agraria útil, no impulso da dotación de servizos públicos, na rehabilitación de vivendas, na xeralización das enerxías renovables de autoconsumo, nos circuitos curtos de comercialización, no fomento da investigación, formación e asesoramento públicos, e no establecemento de lexislación e normativa que impida a actual situación de abuso por parte da industria e distribución sobre o sector primario establecendo prezos de referencia que impidan a venda de alimentos por debaixo dos custos de produción.

O Parlamento insta ao goberno galego a elaborar dun xeito participativo, incluíndo a todos os sectores sociais do rural, un novo Programa de Desenvolvemento Rural para o período 2014-2020, que supoña un cambio radical de modelo para revertir a dramática situación de abandono e envellecemento, causadas polas políticas levadas a cabo nos últimos anos, e que propicien un rural vivo e con oportunidades para que a xente viva con dignidade mediante un programa que fixe obxetivos de incremento e recuperación de Superficie Agraria Útil, de incorporación de mozos e mozas á actividade agraria que garanta cando menos os niveis actuais da poboación agraria activa, de potenciación novos sectores produtivos, de inversión en investigación, formación e asesoramento, e incluíndo un plan de inversión que garanta que o rural conte cuns servizos públicos equiparables aos que existen nas zonas urbáns.

Proposta de resolución nº 22: Pensións

En Galicia o 27% das familias sobrevive exclusivamente cos ingresos que facilitanos pensionistas da mesma, polo tanto son un elemento fundamental para manter a “armonia social” deste país. Fronte a esta realidade os pensinistas son uns dos colectivos máis atacados polas políticas de recorte e axuste, políticas fundamente antisociais que están a drenar fondos dos petos dos pensionistas directamente as contas de beneficio da gran banca.

Unhas das máis profundas agresións efectuada polo goberno do PP é o coeficiente de sostibilidade que supón a redución as pensións das persoas con dereito ás mesmas no futuro, xa que dende ese momento ningún traballador/a percibirá a súa pensión en relación as súas cotizacións, senón en relación a variabeis como a esperanza de vida, sobre as que estes traballadores e traballadoras non teñen ningunha incidencia e polo tanto control, índice que supón unha redución na práctica de máis dun 25% das futuras pensións.

O incremento da idade de xubilación supón un lastre para o emprego, e unha condena a precariedade de decenas de miles de pensionistas, que imposibilitados para acadar emprego ou continuar nos seus postos de traballo, verán reducida a súa pensión por acollerse antes a xubilación anticipada, obxectivo este que estaba nese incremento na idade de xubilación, a afección a baixa sobre as pensións futuras.

Cando falamos do futuro das pensións non debemos esquecer que en Galicia estamos na cola do estado en canto a cuantía das mesmas, que se situa en 730€ o mes cando a media estatal está nos 867€, un exemplo mais da mentira da converxencia co resto do estado.

As políticas de agresión que exercen os gobernos do Partido Popular sobre os pensionistas supoñen un ataque a súa calidade de vida, basta recordar a perda de poder adquisitivo das pensións, o copago farmacéutico, a redución de coberturas do sistema nacional de saúde, etc.

Por todo isto o Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central a redución inmediata da idade de xubilación os 65 anos cun obxectivo a medio prazo de redución ata os 63, e a inmediata revalorización das



pensións dos galegos e galegas de xeito que recuperen o poder adquisitivo perdido durante os últimos tempos, e o compromiso de revalorización automática das pensións segundo os incrementos dos costes de vida.

Proposta de resolución nº 23: Dependencia

O Goberno está a liquidar a lei de dependencia, é tanto así que o propio Valedor do pobo no seu informe anual detalla que os dereitos recollidos na mesma non se aplican en Galicia. Este mesmo verán máis de 40.000 dependentes recibiron unha carta puñalada, na que se informaba dos recortes das súas prestacións, cando no momento actual hai mais de 18.000 dependentes co dereito coñecido que non reciben nin prestación nin servizo algún.

Os últimos informes deixan en evidencia o goberno da Xunta de Galicia, que aplica normativas educativas que fomenta a “examinación homoxenea” do alumnado, cando el demostra a súa nula capacidade para superar calquera proba na xestión da dependencia, é tanto así que o observatorio sobre a lei, indica que Galicia suspende na súa xestión, xa que é a terceira comunidades con máis perosas dependentes pendentes da súa prestación.

É tal o deterioro que dende decembro de 2013 baixamos a nosa cualificación en 1,2 puntos, dun 5 ata o 3,8 actual, ademais Galicia está a perder mais de 3400 beneficiarios de promedio o mes.

Os recortes dos Gobernos do Partido Popular afectaron notable e gravemente o desenvolvemento dos dereitos recoñecidos na lei de dependencia, o punto, que a día de hoxe podese afirmar que os Galegos non teñen garantidos o acceso as súas prestacións, e que ademais estas cada vez son de peor calidade.

Por todo isto o Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a garantir o cumprimento efectivo dos dereitos e prestacións recollidos na lei de dependencia ás persoas que os teñen recoñecidos, á posta en marcha dun plan de investimento público que permita a construción dunha rede de servizos que atenda as máis de 8000 persoas que a día de hoxe están en lista de agarda, así como incrementar o

número de prazas públicas para atender os diferentes servizos e recuperar os niveis de recursos orzamentarios adicados os concellos, para a prestación dos servizos de atención que lles competen.

Proposta de resolución nº 24: Pesca

O Mar é para o nos país un sector fundamental, económico, social e culturalmente, no eido económico xenera en tódolos seus ámbitos máis de 120.00 empregos, tendo en conta tódolos sectores implicados no mesmo.

Trátase polo tanto dunha parte fundamental da nosa economía, pero tamén da nosa forma de ser, incluíndo unha fonda presenza feminina en sectores como o marisqueo, as redeiras, ou a conserva, da súa pervivencia depende boa parte da poboación litoral galega, e o seu estrangulamento suporía que a nosa costa continuase a senda de despoboación a que xa está sometida o rural , a pesca o marisqueo e as industrias derivadas fan posible a vida dunha parte importante das nosas xentes.

Pero esta situación está en risco, o noso mar é unha especie en vías de extinción, as políticas de acumulación de capital procedentes da UE, onde o noso goberno é incapaz de defender os nosos intereses, comportándose como fiel lacaio das políticas da Troika, están a estrangular as xentes do mar, facendo insostibles as súas empresas, e poñendo en fondas dificultades económicas as familias que viven do mar..

Os últimos conflitos das cotas, o peche do Xeito, os apenas 398€ de ingreso medio mensual das nosas mariscadoras..., demostran que dende a Xunta, o Goberno central e a UE, estase a traballar para acabar coa nosa pesca e marisqueo tradicional, fomentando modelos industriais insostibles e que dende logo non xeneran valor engadido.

Ademais dos ataques directos da política pesqueira europea, os responsables do goberno non traballan no camiño de evitar a fraude na comercialización de produtos foráneos como Galegos, así temos o exemplo da invasión de Chorito que é vendido en moitos mercados como mexillón Galego, realizando unha fraude consentida polas autoridades, que lonxe de tratar de combatela legislan no sentido contrario, pretendendo eliminar os xa escasos requisitos de etiquetaxe dos produtos domar que informan da súa orixe.

Ademais a inaceptable inacción da xunta de Galicia na necesaria mellora no saneamento das rías, a loita contra a contaminación mariña, supón o incremento das incertezas sobre o futuro do sector, onde a día de hoxe se perden máis de 300 postos de traballo cada mes.

É necesaria unha nova política pesqueira, que crea na coxestión, que mellore as condicións do noso medio, que priorice o sector tradicional e sobre todo que invista en investigación que permita superar as continuas situacións afeccións de todo tipo que sofren as nosas costas.

Por todo isto, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a defender e demandar perante as institucións europeas a exclusión dos topes de captura da pesca tradicional, sustentable e de baixura (nomeadamente na situación actual do xeito), exercendo de xeito eficaz as competencias en materia de pesca sobre as nosas augas interiores, ademais de promover criterios sociais nos repartos de cuota que afectan a pesca Galega, así como promover e mellorar as normativas en materia de etiquetaxe dos produtos da pesca e acuicultura Galega, loitando contra a competencia desleal, defendendo en Europa, o incremento da información o consumidor sobre procedencia e métodos de extracción dos produtos pesqueiros así como a reformulación do actual plan de acuicultura litoral de Galicia para acadar un modelo baseado na acuicultura sostible fronte a acuicultura intensiva industrial.

Proposta de resolución nº 25: Saneamento

O Desenvolvemento industrial no nos país tense realizado de costas o noso entorno natural , con agresións continuas e perennes que de facto están a supoñer a destrución física do noso entorno natural, se moitas son as agresións, unha das máis importantes e agudas é sen dúbida a que sofren as rías Galegas, colocadas pola acción e permisividade dos diferentes gobernos nunha situación de risco inaceptable.

A continúa degradación do noso litoral , afectado por centos de puntos de verquido, e por procesos industrias nada respectuosos co medio supón unha seria ameza para o medio, pero tamén para actividades tan importantes para a nosa economía como son a pesca e o marisqueo, sen esquecerse as influencia sobre a calidade e esperanza de vida das persoas afectadas por estas situacións de contaminación.

As nosas rías necesitan dun proceso de rexeneración profundo e completo, que permita mudar a actual situación, mellorando o saneamento integral das mesmas, pero sobre todo erradicando a impunidade con que moitas industrias operan no seu entorno, en canto a contaminación se refire.

Ademais da acción das empresas, está tamén a permisividade da administración para a súa implantación, pero tamén para deixar sen efecto práctico as moitas sentencias que obrigan, como no caso de ENCE, ou dos rechos do Porto de Marín en Pontevedra, ou os depósitos de Hidrocarburos en Vilagarcía de Arousa , inación que demostra a impunidade con que as empresas e administracións degradan o entorno natural, co técnica dos feitos consumados inaceptable en supostos estados de dereito.

Estamos ante un último chamamento do noso litoral, para que procedamos a súa salvación, a continuidade dos impactos, portos exteriores, portos deportivos, empresas contaminantes na costa, presión urbanística falta de saneamento, poñen fecha de caducidade a súa biodiversidade e calidade medioambiental.

Por todo isto o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a Incrementar as actuacións de saneamento integral e protección das nosas rías e costas, eliminando das mesmas instalacións medioambientalmente perigosas e insostibles,



como o parque de hidrocarburos de Ferrazo na ría de Arousa, ENCE na ría de Pontevedra, ou Reganosa na ría de Ferrol, entre moitas outras, así como o estrito cumprimento das sentenzas sobre a caducidade da concesión de ENCE, ou a reposición do estado anterior dos recheos efectuados no porto de Marín.

Proposta de resolución nº 26: Renda Básica

Os datos do paro rexistrado en Galicia son certamente alarmantes, o pasado mes de Setembro no país había rexistrados nas oficinas do INEM 238.203 persoas desempregadas, tendo en conta as condición deste rexistro o paro real en Galicia está xa por riba das 315.000 persoas.

A pesar desta dramática cifra, o número de persoas que disfruta dunha prestación de desemprego é de 142.392 persoas, é dicir, apenas o 59 % das persoas en situación de desemprego rexistradas recibe algún tipo de prestación.

Esta situación provocada polas políticas criminais da Troika, aplicadas sen escrúpulos polos goberno do réxime neste país, vese agravada pola situación das persoas que teñen traballo. En Galicia ter traballo xa non é sinónimo de benestar, xa que preto dun 15% dos asalariados Galegos, son xa asalariados pobres.

Estes datos amosan a urxencia de mudar as políticas de terrorismo económico que provocan que 1 de cada 4 Galegos e Galegas este xa en risco de exclusión, sendo os nenos, as mulleres e os maiores os máis afectados. Fronte a isto a xente do común está sendo atacada a diario, pola suba dos carburantes, a enerxía, a cesta da compra e os copagos e repagos que día tras día aproban os austericidas que nos gobernan. Namentres se aplican os recortes a maioría social, as clases poderosas, a oligarquía e a banca continúan a desfrutar do espolio o que someten o país, utilizando miles de millóns de euros públicos para mellorar os seus beneficios. Estamos xa ante unha sociedade de dúas velocidades, unha sociedade que incrementa de forma brutal as desigualdades e que camiña cara a desaparición da dignidade humana entregada o sacrosanto poder do mercado.

Fronte a isto, tendo en conta que existen posibilidades económicas, se se poden rescatar bancos, autoestradas, eléctricas, pódese e débese rescatar persoas e familias, co obxectivo de asentar unhas condición de vida dignas para a maioría social, superando a lacra da desnutrición, a pobreza enerxética, e a miseria.

Estas medidas necesarias pasan pola implantación no país dunha **renda Básica das iguais**, de **carácter individual** , non comprendida coma renda de “unidade de convivencia”; **Universal** debe chegar a toda a cidadanía polo mero feito de selo, **incondicional** o dereito a esta renda non pode estar suxeito a condicións externas que non controla o individuo como o mercado laboral ou a macro economía, e debe ser ademais **suficiente** a súa cantidade debe garantir uns ingresos mínimos que dignifiquen as condicións de vida das cidadás deste país.

Por todo isto o Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a implementar unha lei galega para a Renda Básica Universal , que contemple as condicións anteriormente descritas sobre o seu carácter individual, incondicional e suficiente , para superar as actuais desigualdades sociais e garantir unhas condicións de vida dignas a maioría social deste país, mediante a garantía de ingresos mínimos suficientes para tódalas persoas que residen en Galicia.

Proposta de resolución nº 27: Plan de loita contra a pobreza infantil

Alternativa Galega de Esquerda vén alertando sobre a situación de pobreza severa na que viven milleiros de familias Galegas. O pasado mes de setembro o paro incrementouse en 1.264 persoas, alcanzando xa a 238.203 galegos e galegas. Pero se a cifra de parados é de por si insoportable, peor é a situación de desamparo e vulnerabilidade na que se atopa unha ampla capa da sociedade galega.

Máis de 93.000 familias Galegas sobreviven con todos os seus membros en paro e 33.000 familias carecen de calquera tipo de ingreso. 650.000 persoas en Galicia, o 23% da poboación, están en situación de pobreza, 120.000 en situación de pobreza severa e 6 de cada 10 familias galegas chega con dificultades a fin de mes.

Diante desta grave situación, o Presidente do Goberno Galego tentou negar de xeito irresponsable esta realidade e así o fixo, reiteradamente, en sede parlamentar, cuestionando os datos dos colectivos que traballan nesta materia e mesmo os datos oficiais.

Mais se a situación de pobreza afecta a toda a poboación galega, ten sen dúbida unha especial incidencia na poboación infantil, con consecuencias irreparables sobre o seu crecemento e desenvolvemento futuros.

UNICEF advirte nos seus informes, que un 20,1% dos nenos viven na pobreza en Galicia e a Cruz Vermella confirma que 1 de cada 4 menores de 16 anos sofre malnutrición en todo o país.

O profesorado dos centros de ensino de Galicia, as Asociacións de Nais e Pais e a comunidade educativa en xeral, veñen constatado o aumento de nenos e nenas que presentaban carencias alimentarias nos centros de ensino, sendo ademais cada vez mais importante o número de rapaces que acoden ao seu centro de ensino sen a correspondente merenda de media mañá. Por outra banda, dende as instancias anteriormente referidas, confirmase a existencia dunha proporción crecente de alumnado, para quen a comida realizada no comedor escolar constituía o principal aporte nutritivo da xornada.

A Asociación Española de Pediatría insiste na existencia de problemas de malnutrición infantil causados polo incremento dos niveis de pobreza e insta ás administracións públicas a tomar medidas para atallar un problema que afecta gravemente a saúde das mais novas e dos mais novos.

Nesta complexa tesitura, o pasado 11 de xuño de 2014, o Parlamento Galego aprobou por unanimidade e a proposta de AGE, unha proposición non de Lei na que se solicitaba a apertura dos comedores escolares nos períodos vacacionais para poder garantir o acceso a unha alimentación digna para toda a poboación infantil. Deste xeito todos os partidos do arco parlamentar, aprobaron a seguinte resolución:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo as medidas necesarias para evitar que ningún neno ou nena careza de alimentación ou sustento necesario por estar en situación de vulnerabilidade, poñéndose en marcha convenios cos concellos interesados, podéndose usar as instalacións dos centros educativos en colaboración cos servizos públicos de benestar" .

A pesares deste acordo, os representantes do Goberno Galego apresuráronse días despois en dicir que a proposición de lei aprobada, non se ía a levar a cabo e a apertura dos comedores escolares no verán non se ía a producir. Toda unha mostra do respecto polos acordos plenarios e a Institución Parlamentar que, como tantas outras veces, se pon ao servizo do Partido Popular para mentir.

Á volta do verán, a Consellería de Benestar confirmaba que atendera a 163 familias con fillos, a través dun protocolo de colaboración entre a FEGAMP e a propia Consellería, asinado a raíz do acordo parlamentar. É dicir, 163 familias recibiron axuda da Xunta de Galicia para combater a pobreza infantil durante o verán cando, segundo o informe encargado pola propia Consellería de Benestar, en Galicia hai 18.000 familias con fillos en grave situación de pobreza e 63.000 en risco de pobreza. Dito doutro modo, o Goberno Galego ofreceu axuda durante o verán o 0,9 % das familias con fillos en situación de pobreza severa. Unha nova mostra da eficacia e do interese do Goberno Galego por resolver os principais problemas das familias.

Co inicio deste novo curso político, o Goberno Galego decidiu instalarse no relato da recuperación económica, ignorando os sinais que alertan da grave situación pola que atravesan cada vez mais familias. Un relato, o da recuperación, que non senten as familias galegas e que non reflicten os datos oficiais.

O pasado 3 de outubro de 2014 o Instituto Galego de Estatística publicaba a súa enquisa sobre a situación económica dos fogares referida ao terceiro trimestre de 2014, na que se sinala claramente que a situación de pobreza das familias non só non ten mellorado, senón que empeora. De feito os datos do IGE din que o 58,14 das familias con fillos chegan con dificultade o moita dificultade a fin de mes, 8 puntos mais que o mesmo período do ano anterior. Polo que se refire ás familias monoparentais, o porcentaxe delas que chega a fin de mes con dificultade chega ao 73,34%, tamén 8 puntos mais que hai un ano.

Dende AGE sabemos que namentres non muden as políticas do Goberno Galego, dirixidas na actualidade a conceder privilexios a unha minoría a costa dos dereitos da maioría social, non haberá posibilidade de mellorar as condicións de vida dos galegos e das galegas, crear emprego de calidade e garantir o acceso a unha vivenda e todos aqueles dereitos que permite acceder a unha vida digna.

Mais, a situación de necesidade pola que atravesan milleiros de nenos e nenas de Galicia non pode agardar por cambios estruturais no tecido produtivo nin por transformacións do modelo socioeconómico que por outra banda, o Goberno Galego non esta disposto a realizar.

Considerando esta situación, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a por en marcha un “*Plan de loita contra a pobreza infantil*” que concrete as actuacións a desenvolver polas diferentes administracións públicas de Galicia para facer efectivos os dereitos dos e das menores con especial incidencia en aqueles que se atopan en situación de risco de pobreza, que conte coa participación dos axentes sociais e contemple unha planificación orzamentaria plurianual.

Proposta de resolución nº 28: Emprego

O Desemprego continúa a manter en Galicia unhas cifras certamente inaceptables, pero ademais as condicións do emprego que se mantén son certamente precarias, asistimos a eclosión do fenómeno dos traballadores pobres, agora xa o emprego non garante sair da situación de exclusión social.

A rebaixa continúa dos custes laborais, o abaratamento a hora de traballo efectivamente realizada, o incremento da temporalidade e os contratos a tempo parcial, debuxan un escenario de emprego, que máis aló de se preocupante é dramático. Por primeira vez a maioría dos traballadores galegos, efectúa mais horas de traballo das que figuran no seu contrato sen percibir ningunha cantidade por elas. O Traballo a tempo parcial, non é xa unha decisión persoal, é unha imposición patronal para flexibilizar as plantillas, en definitiva asistimos a un emponderamento do poder do empresario fronte o traballador, que se evidencia na eliminación de facto, da capacidade de negociación colectiva dos traballadores e traballadoras.

As continuas reformas laborais, camiñaban nese sentido, e acadaron ademais outro dos obxectivos dos continuos gobernos reaccionarios do país, O despido libre e gratuíto. O inxente exército de parados acadado polas políticas económicas do PP, fai que este tire a baixa dos dereitos laborais dos asalariados e asalariadas que tal forma que rexorde un modelo de traballo EXCLAVO, o Sr Feijoo e o Sr Rajoy son os novos tratantes de escravos do século XXI, que poñen a maioría social en mans de empresarios sen escrúpulos para seren explotados.

É certo que cando falamos de empresarios sen escrúpulos non nos referimos a esa pequena e media empresa, ou ese autónomo, que tamén está a sufrir os ataques das políticas de austeridade, onde en moitos casos son os esquecidos, así os Gobernos do PP , baixo a etiqueta do emprendemento están a crear un novo exército de condenados e atados as débedas de por vida a unha nova xeración de Galegos e Galegas.

O Abandono da iniciativa da Xunta para mudar esta situación, supón que no país se teña destruído preto do 50% do emprego industrial, e que neste momento é simplemente un

viveiro de man de obra para outros países da unión.

Debese considerar un elemento fundamental para a recuperación económica a mellora da demanda interna, esta mellora soamente será posible cun novo marco de relacións laborais que devolva a garantía de negociación os traballadores, así como a recuperación do poder adquisitivo dos seus salarios, fortemente debaludados durante os últimos anos por mor das normativas que neste eido teñen implementado dende o goberno do estado.

Por todo isto o Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha de xeito inmediato un plan de choque para o emprego que entre outras contemple as seguintes actuacións e reivindicacións perante o goberno central . Incrementar o Salario mínimo, derogación das dúas últimas reformas laborais, posta en Marcha dun plan de investimentos plurianuais que inxecte diñeiro na economía produtiva, recuperación mediante mecanismos de economía social da actividade das decenas de factorías abandonadas e productivas do territorio Galego, aplicación dun plan de financiamento para pequenas e medianas empresas que regue de crédito os nosos sectores produtivos, recuperación inmediata do emprego público e que de xeito inmediato proceda a convocatoria dos axentes sociais do país para elaborar un plan de emprego fundamentado no emprego verde, social , dos sectores primarios e de rehabilitación sostible de vivenda e espazos públicos, adecuando un novo marco de negociación colectiva que permita a recuperación do poder adquisitivo dos salarios en Galicia

Proposta de resolución nº 29: Dereitos reprodutivos-saúde sexual

As mulleres vivimos en constante loita contra o sistema. Obrigadas a soportar as múltiples barreiras que o heteropatriarcado impón ao seu paso. Barreiras que se suman ás do propio sistema capitalista, facendo que sexan as mulleres de clase traballadora as que paguen todavía máis a dobre vertente da opresión.

Os nosos dereitos viven nunha perpetua ameaza nestas condicións, sendo os dereitos sexuais e reprodutivos uns dos máis castigados, porque o sometemento dos sistemas opresivos pasan por controlar a nosa sexualidade dende tempos remotos.

Tras dous longos anos de loita as mulleres vimos de gañar unha batalla contra a irracionalidade, o patriarcado, a curia eclesiástica e a dereita máis reaccionaria. Fumos quen de provocar non só a retirada do Proxecto de Lei que cohartaba o noso dereito a unha maternidade e sexualidade conscientes, reducindo o acceso ao aborto á mínima expresión; Se non tamén a propia dimisión do Ministro de Xustiza, responsable de tan ofensivo e lesivo texto legal.

En Galicia, tivemos que soportar unha actitude pasiva do Goberno ante esta cuestión, evitando implicarse moito nos debates e "tirando" do argumentario facilitado polo propio Partido Popular para non sairse moito do guión. Mais en todo momento o seu apoio foi claro, evidenciando que as mulleres galegas non podemos contar con este Goberno para a defensa dos nosos dereitos.

A pesar de ter gañado esta batalla, os nosos dereitos sexuais e reprodutivos están sempre ameazados. O desmantelamento da Sanidade Pública afecta, como non, ao acceso a unha saúde plena nestes ámbitos. A perda de profesionais tanto na atención primaria coma nos COF supón, en moitos casos, maior lista de espera e empeoramento da atención. A sombra do desmantelamento planea sobre os propios COF, cuestionados abertamente no propio Parlamento Galego polo Executivo, aducindo que o seu modelo é "antigo". Feito que obvia o descoñecemento da necesidade dos COF non só a nivel asistencial, se non tamén a nivel formativo, para os e as propias profesionais.

O acceso aos métodos anticonceptivos tamén debera ser mellorado. O seu custe é difícil de asimilar en moitos casos, afectando máis ás persoas con menos recursos o que implica que os baixos ingresos, a pobreza ou a exclusión son factores sociais de risco para o contaxio de infeccións de transmisión sexual e para os embarazos non desexados.

Por outra banda, en xeral, a mellora á accesibilidade aos mesmos debera incidir nun incremento do seu uso.

Os propios métodos anticonceptivos, a prevención das enfermidades e o disfrute da sexualidade de maneira saudable deberan ser tamén obxecto de ensino nas escolas e institutos galegos. Non obteremos adultos e adultas reponsables se non educamos primeiro. A regresión vivida coas reformas educativas, especialmente, coa aprobación da LOMCE, só fai empeorar o problema. E a formación sexual segue sendo testimonial dentro do currículo educativo, feito , polo tanto, de imperativa necesidade de mellora.

Por outra banda, en canto aos dereitos reproductivos, o mesmo Goberno que se di preocupado pola baixa natalidade e di defender a vida, non semella moi interesado na maternidade consciente e nos dereitos da muller en torno ao parto. O Plan de Parto e Nacemento da Xunta de Galicia é só papel mollado, xa que exceptuando algún caso aillado e a atención que se presta no Hospital do Salnés, as galegas non podemos hoxendía decidir se queremos que os partos euxenésicos sexan medicalizados ou non, por exemplo. Tomar calquer decisión neste proceso fisiolóxico que só pertence á muller embarazada, tornase ás veces case imposible pola burocracia no sistema e o desmantelamento do mesmo.

De nada serve ter os dereitos plasmados nun papel se logo non poden ser exercidos.

Non so as mulleres temos que sufrir o continuo ataque aos nosos dereitos sexuais, o colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais continúan sen ter acceso pleno aos seus dereitos.

Durante 2014 foi aprobada a Lei de Igualdade de trato e Non Discriminación LGTBI. Pero lonxe de ser a conquista de dereitos ansiada, resultou un texto meramente propositivo, cheo de "boas intencións" pero que na práctica non se está a traducir en nada. A eliminación da posibilidade de sancións por parte do Partido Popular, entre outros recortes sufridos polo texto inicial, sumouse á falla de aprobación de algunhas emendas

necesarias para ampliar os dereitos contidos. O resultado foi que, case medio ano despois da súa entrada en vigor ningunha das medidas contidas na mesma foi posta en práctica.

De feito, a falla de vontade de cumprir cos dereitos de estas persoas, plásmase no caso da galega Charlotte Goiar, coa persistencia da propia Xunta en dificultar o acceso ao dereito dun tratamento médico-cirúrxico, para o seu síndrome de intersexualidade. Ou na insinuación feita o pasado ano da posibilidade de deixar sen cobertura de acceso a tratamentos de fertilidade a mulleres con parella feminina (tamén a mulleres sen parella, entre outras).

Poderíase concluir que a Xunta de Galicia incumpre o seu deber de velar polos dereitos sexuais e reproductivos, parte fundamental da saúde física e mental de galegas e galegos.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a garantir por Lei, dentro dos servizos públicos, de maneira universal e gratuita os dereitos reproductivos e os dereitos sexuais; Incluindo o dereito ao aborto, ao parto respetado, a anticoncepción, identidade de xénero, prevención e promoción da saúde sexual e a educación sexual - incluíndo as distintas opcións sexuais e de xénero-.

Proposta de resolución nº 30: persoal SERGAS

Os recortes orzamentarios son unha constante dende a chegada do Partido Popular. Tamén na Sanidade, por moito que a estratexia Goebbeliana do Executivo trate de facernos pensar que o investimento sanitario medra.

A realidade é que nos últimos catro anos levamos perdidos en torno a 400 millóns de euros no orzamento sanitario, estando a metade do mesmo adicado aos concertos sanitarios, empresas privadas e gasto farmacéutico.

Estes recortes deixáronse sentir notablemente no gasto adicado ao persoal, que nestes catro anos viuse reducido un 14%.

Recortes salariais, retirada de días de libre disposición, retirada de pagas extra... medidas que empeoran claramente as condicións e dereitos laborais dos e das profesionais sanitarios. Profesionais que son o maior valor do noso Sistema Sanitario e que viven nun perpetuo maltrato por parte da administración.

Non só polos recortes salariais e laborais referidos, se non pola nula capacidade que teñen para realizar traballos de investigación públicos, para promocionarse e mellorar profesionalmente e en resumo, para seren valoradas e valorados polo seu traballo e adicación.

En troques de esa valoración, a Xunta segue a practicar xubilacións forzosas en profesionais aptos e aptas para continuar a súa labor. A prescipción de según que e cantos medicamentos vese con lupa e son empregadas as xustificacións máis increíbles para cesar a algunhas de estas persoas.

A finalidade é a amortización posterior de esas prazas, prazas que, de non ser creadas nun futuro, nunca poderán voltar a cubrirse. Vivimos nunha auténtica descapitalización humana no Sevizo Galego de Saúde, e , por ende, unha auténtica descapitalización do Sistema Público *per se*.

A taxa de reposición do 10%, é dicir, a destrución do 90% dos postos vacantes, foi feita Lei na propia Lei orzamentaria. A perversión do sistema, permitino legalizar a destrución dun servizo público.

Esta taxa está a producir a merma de sanitarios e sanitarias máis grande da historia recente. Segundo os datos da Secretaría de Estado de Administracións Públicas a principios de 2014 levabamos perdidos e perdidas xa preto dun milleiro de profesionais sanitarios dende a chegada do PP.

O groso das baixas, vacacións e permisos tampouco se cubren, o que fomenta máis aínda o empeoramento da atención sanitaria, o aumento das listaxes de espera e obviamente o paro no sector sanitario.

Profesionais que en moitos casos ao único ao que poden aspirar no noso País é a traballar en precario durante algúns meses -ou días- ao ano. Contratos por horas, quendas variables según necesidade da administración, cambio continuo de servizo... a precariedade está instalada entre o persoal sanitario eventual, moitas e moitos de eles persoas mozas.

Paralelamente a Consellería de Sanidade exerce un continuo peche de camas. E así, de maneira premeditada e silenciosa, dende a chegada do Partido Popular, o noso sistema sanitario leva perdidas 450 camas hospitalarias. Camas que foron eliminadas de maneira permanente e ás que temos que sumarlle todas as que pechan de maneira esporádica e durante os meses de verán.

No verán do 2014 este peche afectou a o dobre de camas que fai catro anos -1.095-, un triste record de destrución de sanidade pública. O argumento falaz que sostén o Goberno de que "o recurso cama non é tan importante" desmóntase de xeito doado: As listas de espera continúan medrando facéndoo máis nos meses de verán e por outra banda continúan os traslados ás clínicas e centros privados. Só dende principios de ano ata Agosto de 2014, o propio CHUAC recoñeceu 700 traslados de pacientes.

Semella claro que mentres exista lista de espera, saturacións de pacientes agardando por cama en urxencias ou traslados ás clínicas privadas ningunha cama debера ser pechada.

A evidencia indica que existe unha intencionalidade clara nestes peches: a destrución da sanidade pública coma tal. Os traslados, obviamente, favorecen o negocio privado; E os peches facilitan o recorte de persoal, facendo que cada vez merme máis a calidade e os servizos na pública e, polo tanto, xustificando os traslados e o trasvase de recursos cara a privada...e así sucesivamente.

E mentres a pública sofre os recortes orzamentarios, de persoal e os peches de camas, a sanidade privada continúa expandíndose e ampliando o negocio en base a fondos públicos.

A renovación do Convenio Singular con POVISA por dez anos resulta unha obscenidade tendo en conta a necesidade de camas públicas, pero tamén dos continuos incumprimentos en materia laboral de esta empresa e os beneficios millonarios da mesma -11,3 millóns de euros-. O custe anual de este convenio segundo os datos do Diario Oficial de Galicia saénos ás galegas e galegos en 90 millóns. É dicir, co custe da totalidade do convenio poderíanse construír alomenos dous Hospitais públicos.

Para darlle un lavado de cara a esta privatización encuberta, o Goberno fixo o falso ofrecemento aos e ás doentes da pública que son atendidos neste centro, da posibilidade de mudar de centro de referencia a un da rede sanitaria do SERGAS. Este ofrecemento constitúe unha falsidade, xa que non existen Hospitais públicos capaces de absorber o número de "cartillas" asignadas a POVISA e, por ende, non todas as persoas poderían mudarse.

Ademáis todo o proceso se está a desenrolar sen un mínimo de información real, o cal debera invalidar e paralizar o mesmo. As persoas en lista de espera de POVISA nin sequera saben qué pasará con elas se se mudan de centro.

Así e todo, en calquer caso, a empresa, dunha matriz empresarial onde traballou a propia Conselleira de Sanidade, ten asegurado o seu negocio durante unha década máis, tal e coma comprometeu a propia Consellería, máis preocupada polas empresas con ánimo de lucro que polos servizos públicos.

A opacidade que rodea ao proceso implica mesmo que a Consellería de Sanidade

continúe a ocultar o contrato asinado coa empresa. Non foi feito público, negándoselle á cidadanía e negándollo tamén ao poder Lexislativo, xa que a pesares de telo pedido na Cámara, todavía sufrimos a censura ao seu acceso.

E mentres isto sucede os investimentos reais na construción das infraestructuras públicas necesarias merma cada ano e o que é peor, na maioría dos casos non chega a executarse.

O xa mencionado e malogrado Plan de Mellora da Atención Primaria deixou en meras intencións a construción de decenas de centros de saúde -máis de 60- e dende a entrada de Feijó e o seu Goberno as expectativas foron mermando cada vez máis, deica chegar a prometer só quince centros de saúde novos. Cinco anos despois non existe nin un só centro construído e moitos apareceron e desapareceron dos orzamentos sen existir nunca un proxecto real. Outros pola contra, tendo proxecto elaborado e pagado con cartos públicos quedaron fora das prioridades do Goberno.

A irresponsabilidade é tal que só comezou a licitarse algún proxecto nos últimos meses ante o risco de perder os fondos europeos adicados á construción de estas infraestructuras. E é que a penas hai algún fondo propio, co que dependemos na maioría dos casos de fondos FEDER e AGADER que están a piques de extinguirse – prazo máximo de investimento remata a finais de 2015-.

O mesmo problema se sofre no Hospital do Salnés, cunha ampliación dependente nun 80% de fondos FEDER e cunha licitación de obras a 27 meses. Prazo a todas luces superior ao permitido para investir os fondos. O Goberno non fixo os seus deberes a tempo e agora son as veciñas e veciños do Salnés os que sufren a improvisación tras máis dunha década de loita reclamando a ampliación do centro.

Os Plans Directores dos Hospitais tampouco se están a levar a cabo. A ampliación das Urgencias do CHUAC foi das poucas cousas levadas a término e aínda así, a falla de persoal nas mesmas fai que o servizo se atope na mesma situación de colapso cada "dous por tres".

No caso de Pontevedra, non se executou a ampliación que reclamaba a cidadanía e a

Xunta semellou querer sacar do caixón a vella aspiración dun novo Hospital público-privado, xusto agora que ata a Comisión Europea advirte do risco económico que supoñen os modelos PFI.

Modelos coma o do Novo Hospital de Vigo, todavía inacabado pese a que tiña que ter sido entregado a finais de Abril e a licitación do contrato non permitía prórrogas. Este feito, denunciado por AGE no Parlamento en repetidas ocasións amosa que esta administración non ten reparo en saltarse os termos administrativos se é preciso para favorecer o negocio privado. Negocio que vai implicar uns sobrecustes de sobra coñecidos por todas e todos e que van a mermar anulamente o orzamento sanitario dispoñible, xa de por si bastante cativo para a nosa sanidade.

Tamén en Ourense houbo modificacións administrativas para favorecer o negocio das empresas privadas. Tras o fracaso do primeiro concurso, que quedou baleiro, A Consellería de Sanidade modificou as condicións contractuais para adxudicarllo a Ferrovial, vinculando varios contratos, de construción e provisión de servizos. Licitación que tivo que ser autorizada de maneira excepcional polo Consello da Xunta.

Hoxendía todavía agardamos polo inicio dunhas obras que parecen non comezar nunca.

No caso do Lucus Augusti, o Hospital leva infradotado dende a súa inauguración e os servizos prometidos de radioterapia, radioloxía e cardioloxía intervencionista aínda agardan pola ILP cunha tramitación que, aprobada a a súa toma en consideración e constituída a ponencia, leva paralizada dende o pasado período de sesións.

Sen importar os datos aportados pola propia Consellería ao noso grupo en canto a falecementos nos traslados -cinco so entre 2011 e 2013- e os milleiros de desprazamentos de persoas enfermas de cancro – o Executivo recoñeceu ata 2.000 desprazamentos nos últimos anos-.

A Sanidade especializada corre a mesma sorte en Ferrol -con plantas permanentemente pechadas-, Compostela ou o resto de Hospitais Galegos, con especial importancia o deterioro dos Hospitais Comarcais.

Por outra banda, hai que seguir lembrando a non construción dos cinco Centros de Alta Resolución outrora prometidos e necesarios para mellorar o acceso sanitario e reducir a

lista de espera en canto a probas complementarias.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter e ampliar o emprego público e as infraestruturas na sanidade galega. Mantendo cubertas a totalidade das prazas do persoal do SERGAS e eliminando paulatinamente os concertos sanitarios privados e iniciando todas as ampliacións e construcións de dependencias sanitarias comprometidas de maneira enteiramente pública; Incluindo nestes termos a recuperación do Novo Hospital de Vigo e a súa planificación inicial, a construción dos Centros de Alta Resolución e cumprimento do Plan de Mellora da Atención Primaria.

Proposta de resolución nº 31: Derrogar Lei 15/97

A tendencia neoliberal nos sistemas sanitarios recollida tanto nos postulados defendidos polos Gobernos Thatcher e Reagan fai xa unhas cantas décadas ou o informe Abril no Estado español a principios dos noventa púxose en práctica moi pronto en Galicia.

Estes postulados promovían a creación de nichos económicos para as empresas privadas na sanidade coa pauperrización do sistema sanitario público que, en última instancia, sería o recurso dos sen recursos ou o que é o mesmo: a atención de beneficiencia.

A aprobación da Lei 15/97 co apoio do Partido Popular, PSOE e CiU facilitou o camiño cara a privatización da Sanidade Pública. Abrindo a porta a todo tipo de concertos.

En Galicia, o Goberno do PP na época na que Romay Beccaría era Ministro de Aznar, puxo en marcha múltiples experiencias privatizadoras, coma as Fundacións Sanitarias dos Hospitais Comarcais -introducindo a xestión típica empresarial-, o MED-TEC, o 061 ou o Instituto Galego de Oftalmoloxía. Eran os primeiros pasos na destrución da pública. O resultado xa é coñecido: niños de opacidade denunciados polo propio Consello de Contas, xestión ineficiente e escaseza de persoal.

A absorción das Fundacións polo SERGAS, malia ser unha boa noticia, non comportou aumento de plantillas para igualar as ratios nin creación de categorías ausentes nalgúns centros como as de celadores/as, situación que se arrastra deica o día de hoxe. A conversión do antigo MED-TEC en GALARIA non mudou practicamente nada, continuando esta coa provisións de servizos sanitarios, algo para o que non foi creada.

Recentemente a Lei galega 14/2013 de Racionalización do Sector Público ven de arroxar máis opacidade indicando a creación dunha axencia de Sangue, Órganos e Tecidos cando o traballo que debera estar a realizar a Xunta de Galicia é o de integrar estas axencias e empresas dentro da Sanidade Pública.

A creación das Áreas de Xestión Clínica implicou un paso máis para facilitar futuras privatizacións baixo a excusa dunha mellora organizativa. Estas, permenece estancadas gracias á loita dos e das profesionais sanitarias.

Pero a privatización desgraciadamente non remata aquí. A maior parte da provisión de servizos, suministros, enerxía e todo aquilo considerado "non sanitario" pola administración foi xa privatizado. Coa creación de contratos cada vez máis grandes e agrupados procurando non só a privatización en sí, se non o negocio das máis grandes empresas. Coma no caso do Hospital de Ourense, por exemplo. Toca agora comezar tamén coa "venta" dos servizos públicos: Alta Tecnoloxía Sanitaria, Esterilización e Laboratorios foron os primeiros.

Mención aparte merecen as novas tecnoloxías sanitarias. A propia Alta Tecnoloxía en canto á radioloxía, radioterapia, resonancias... vai rematar en mans dunha grande multinacional (Phillips, Genereal Electric ou Mitsubishi) e a radioterapia en mans de outra (Elektra ou Varian). Pero, á marxe de todo isto a Consellería leva tempo xa privatizando todas as innovacións: consulta telefónica, cita previa, historia clínica...e agora o chamado "Fogar dixital". Unha argucia do Goberno para, por unha banda facer negocio coas grandes empresas e por outra, pechar servizos públicos a medio prazo.

Indra, Telefónica, R, Netaccede (Fondo de Capital risco) son hoxe por hoxe xestores dos nosos datos sanitarios e beneficiarios de este grande negocio.

Para a defensa dos seus intereses as multinacionais organizadas en grupos de presión contan co apoio do Goberno galego e tamén o Goberno Central. Así en SEDISA - empresarios da saúde- participan con total desvergoña de maneira activa membros da Consellería de Sanidade. Ou O Clube Gertech do que tamén participan membros da Consellería de Sanidade, fomentando a porta xiratoria e deixando claro que traballan para o beneficio dos grandes empresarios.

Finalmente, o Goberno é firme defensor do Tratado de Libre Comercio cos Estados Unidos. Tratado que, entre outras cousas pode supor a privatización case total dos sistemas sanitarios, quedando a libre disposición das grandes Transaccionais e fora do control dos Gobernos e da cidadanía, mudando as Leis de ser preciso para manter os seus beneficios. Ou o que é o mesmo: unha expropiación do patrimonio público por parte de entes privados.

No tocante ao negocio farmacéutico, o TTIP deixaría vía libre para a especulación masiva cos prezos de mercado dos medicamentos, que xa na actualidade implica graves prexuízos para os Estados máis empobrecidos. Vímolos recentemente coas medicacións innovadoras para a Hepatite C ou co tratamento experimental do Ébola: as multinacionais só buscan o negocio, non o beneficio na saúde das persoas.

A destrución do escaso tecido investigador sanitario e a ausencia dunha investigación farmacéutica pública, fainos dependentes e, polo tanto, exponnos á mercede dos mercados, verdadeiras aves de rapiña dos orzamentos públicos.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a paralizar as Áreas de Xestión Clínica; Integrar na Rede Pública do SERGAS a totalidade de empresa públicas sanitarias, fundacións e entes; Paralizar todas as privatizacións en curso e comezar a reversión dos servizos xa privatizados; Solicitando ao Goberno Central a derogación da Lei 15/97 e a non defensa da sinatura do TTIP entre a UE e Estados Unidos.

Proposta de resolución nº 32: Atención VIH e Drogodependencias

A "Saúde para todos no ano 2000" promulgada na Conferencia de Alma Ata no ano 1978 foi dende un inicio inviable dentro de este sistema baseado na explotación do home polo home e da muller polo home. As sucesivas conferencias da OMS referentes á Saúde Pública e á Prevención e Promoción da Saúde non serviron para moito máis, na maioría dos casos, que para poñer en evidencia que a ausencia de políticas públicas sanitarias que fomentasen a educación para a saúde, a investigación e a atención primaria nun marco público acompañadas de Cooperación para o Desenvolvemento, nunca atallarían os problemas que se plantexaban.

Pero este obxectivo non só non foi acadado a nivel Internacional, se non que agora nos enfrontamos tamén ao feito de que a Sanidade Pública no conxunto do Estado perdeu a súa universalidade.

Dous anos despois da aprobación do vergoñento RD 16/2012 o *apartheid* sanitario de milleiros de persoas en Galicia é unha realidade. O "parche" deseñado pola Xunta de Galicia co "Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública" non serviu para evitar dita exclusión. A falla de información ás persoas susceptibles de acollerse, os elevados requisitos burocráticos e a propia falla de formación aos e ás profesionais que teñen que ofertar este dereito e axudar a que se cumpra fai que moitas persoas quedasen fora do acceso ao mesmo.

Gracias ao traballo das ONGD, moitas persoas poideron cumprir cos trámites, superando as trabas descritas e seren atendidas. Aínda así, debido ao descoñecemento nos centros, todavía seguen existindo casos de denegación da asistencia.

Por outra banda, o contido no Programa é insuficiente e non suple á universalidade. Moitos servizos quedan fora do mesmo e os baleiros administrativos están facendo que moitas persoas, incluso en situación administrativa regular queden excluídos e excluídas do sistema sanitario. Son especialmente vulnerables a esta problemática as persoas procedentes de Estados con convenios bilaterais.

Por outra banda a aprobación do RD 576/2013 viu a empeorar a situación, xa que lonxe de fomentar o uso dos sistema sanitario, constitúe unha medida disuasoria máis, con tarifas pola atención sanitaria claramente inasumibles.

A exclusión continúa completada polas prestacións farmacéuticas ás que moitas de estas persoas, fundamentalmente as que están en situación administrativa regular pero sen sanidade, non teñen acceso. O repago farmacéutico instaurado co RD 16/2012 é inadmisibile, coma tamén o é que se permitise a saída de 425 fármacos da carteira e posteriormente se admitise a suba de prezos de moitos de eles. O clasismo está instaurado na administración e o amosa con medidas coma esta, na que o acceso ás menciñas dependen da capacidade adquisitiva das persoas.

Gracias ás protestas conseguíuse paraliar a aplicación da Resolución que obrigaba ao cobro nos Hospitais de 42 fármacos para enfermos moi graves, entre eles con cancros, hepatite ou outras enfermidades. En Galicia, o Goberno exerceu de firme defensor da medida, aínda que gracias á presión social este paso está paralizado. Aínda así, nin estes nin outros repagos que xa insinuou a administración en varias ocasións están descartados.

No conxunto do Estado e tamén en Galicia as políticas do autericidio están levando a moitas persoas a unha desprotección total da súa saúde e o traballo feito no eido da prevención e promoción da saúde estase vendo desmantelado.

En primeiro lugar, a desprotección é tamén social, o que está a conducir á afectación dos determinantes sociais da saúde, isto é: a vivenda, a alimentación, o emprego, a cultura... Determinantes clave para unha correcto estado físico e mental xa que comportan o 75% da noso estado de saúde. Polo tanto, a reconstrucción da nosa saúde é transversal e pasa pola reconstrucción dos nosos dereitos sociais.

En segundo lugar, non existe a Eduacción para a Saúde nas escolas e institutos e tal e coma referimos no tocante aos Dereitos Sexuais e Reproductivos estas nocións en Saúde deberan impartirse de maneira regular nas mesmas, con firme colaboración entre os sistemas públicos sanitario e educativo.

Por outra banda, a destrución paseniña da Atención Primaria é evidente. Abandonado o Plan de Mellora, iniciouse unha sorte de recortes de persoal e recursos que fan que hoxe en día algúns e algunhas profesionais esten sobreesaturados de carga de traballo. A perda de efectivos no medio rural fomenta tamén o abandono do mesmo, nun momento en que debera ser unha fonte de creación de riqueza económica e social.

A asunción de novas tarefas pola atención primaria, como poden ser as revisións xinecolóxicas de saúde, sen aumento das plantillas está a causar empeoramento da atención nalgúns centros.

Os puntos de atención continuada atenden casos a diario que exceden a atención primaria, sobor de todo no rural ou en zonas máis alonxadas de centros de atención especializada. Esta atención dase nunhas malas condicións de traballo: pouco persoal e falla de materiais.

Un exemplo é a carencia de traxes anticorte na asistencia de accidentados ou o desabastecemento de útiles básicos con frecuencia nalgúns centros. A isto hai que sumarlle a negativa do Goberno e tamén da maioría Parlamentar de rematar co abuso que supoñen as horas extra, que causan incumprimentos da Normativa Europea de Descanso, recoñecidos pola administración.

A prevención en saúde, non só é primaria, se non tamén secundaria e terciaria. Dentro da prevención secundaria poderíamos enmarcar a atención ás drogodependencias ou o traballo dos Comités antiSIDA (que tamén fan prevención primaria). Os reiterados recortes orzamentarios que sufren os colectivos que traballan nestes campos -no caso dos Comités nin se queira aparecen reflexados- e o incumprimento dos obxetivos que a Xunta fixa nos seus plans de traballo levaron ao límite a moitos colectivos. Tendo que efectuar despedimentos de plantilla ou drásticos recortes no seu traballo.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facer efectiva a universalidade na atención sanitaria, prestacións farmacéuticas e ortoprotésicas e impulsar a prevención e promoción da saúde, establecendo ademáis coma prioritaria a mellora da atención primaria e reforzando a prevención e tratamento das drogodependencias e do VIH no noso País.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2014 10:16
Nº Rexistro: 28297
Data envío: 08/10/2014 10:16:03.879

Proposta de resolución nº 33: Por un transporte colectivo, sustentábel, público e de calidade.

O transporte é un gran consumidor de recursos enerxéticos, e emite o 25% dos gases de efecto invernadoiro causantes do cambio climático, sendo a estrada a emisora do 75 % das emisións do transporte de persoas e mercadorías. É necesario polo tanto adoptar medidas contundentes que reduzan o impacto do transporte pola estrada no medio ambiente. Ademais é unha das primordiais fontes de consumo de petróleo, polo que contribúe activamente a aumentar a nosa dependencia dun recurso inexistente no noso país, provocando debilidade na nosa economía e o fomento dos conflitos bélicos entre os países consumidores e os propietarios do “ouro negro”.

Por outra banda o transporte privado ocasiona numerosos problemas nos núcleos urbanos, fundamentalmente relacionados coa contaminación atmosférica, o ruído, os accidentes, o estres e os atascos circulatorios.

O artellamento dos medios de transporte non hai que tratalo de xeito illado, é dicir, debe ser tratado ao mesmo tempo que se fan propostas de planificación do territorio, no que se deben incluír as infraestruturas terrestres (ferrocarril e estradas), a creación de solo industrial e residencial e tamén a comunicación aérea e marítima. Polo tanto, unha boa política en materia de transporte deberíase facer mediante dúas liñas principais:

Mellorar a eficiencia enerxética do transporte, e reducir o número de desprazamentos.

Priorizando para elo os medios de transporte público menos contaminantes, promovendo políticas que favorezan os desprazamentos a pé ou en bicicleta e facendo unha planificación territorial que reduza a necesidade da poboación de desprazarse.

Galicia no contexto actual, e dentro dunha estratexia de loita contra o cambio climático, de redución do consumo de combustibles fósiles, ante a necesidade de vertebrar o noso país e de crear futuro para o medio rural debe levar a cabo políticas de mobilidade sostible que deben contemplar:

Un Plan de Modernización do Ferrocarril, xunto coa demanda das competencias ao Goberno central, e a través da creación dunha rede ferroviaria propia. Este plan deberá ampliar a rede ferroviaria galega, coa construción de novas liñas, comezando pola liña Santiago- Lugo, así como crear servizos ferroviarios de proximidade na contorna das setes

principais cidades, na maior brevidade posible. O ferrocarril galego debera basearse na dobre vía e en trens eléctricos, de arrancada e freada rápida, con alta capacidade de transporte. Asemade, garantirase unha comunicación ferroviaria moderna co resto da Península Ibérica, desbotándose no futuro a alta velocidade estrita (350 km/h) por causa do seu elevado impacto ambiental, enorme custo económico e nula rendibilidade social.

Creación da Rede Ferroviaria de Proximidade

Promover Plans de Transporte Metropolitano Intermodais, potenciando os medios menos contaminantes e os que desconxestionen o tráfico rodado. Nestes plans terán especial consideración a promoción do tren de proximidade e o transporte de ría.

Garantir prazas de transporte adaptado en todos os medios de transporte público colectivo.

Promover a creación dunha Rede Básica Ciclista galega, aproveitando as infraestruturas de transporte urbanas e interurbanas, as pista agrarias para dotar a o noso país de posibilidades reais de transporte en bicicleta, alén da mellora d a oferta turística. Nas vías urbanas e interurbanas de nova construción haberá infraestruturas para a bicicleta.

Promover a creación de Vías Verdes nos tramos de tren xa desmantelados para fomentar o turismo rural e aproveitalos para desprazarse por eles en bicicleta ou a pe.

Establecer as disposicións oportunas para que se garanta a existencia de transporte adaptado para os desprazamentos das persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas, de conformidade co establecido pola lexislación vixente. Para ese efecto, haberá de establecerse un réxime de coordinación de horarios, así como un calendario semanal de dispoñibilidade destes vehículos.

Por todo elo, o Parlamento de Galicia insta á Xunta a presentar, ante o Parlamento galego, no prazo de seis meses un Plan Galego de Mobilidade Sustentábel que terá como prioridades a “creación de redes de proximidade”, a redución da demanda de transporte, o fomento da intermodalidade incluíndo o transporte de ría e a transferencia de pasaxeiros e mercadorías cara a desenrolar políticas de transporte máis eficientes e



sustentables.

Proposta de resolución nº 34: Rescate AG-57 e AP-9

O pasado 8 de agosto de 2013 os medios de comunicación publicaban a nova de que o goberno da Xunta de Galicia está estudando a viabilidade das autoestradas da súa propiedade (**informe encargado a unha Auditoría e que non foi dado a coñecer pola Xunta**), debido á perda de tráfico que teñen cuantificado nunha media de 4.500 coches día.

Unha das que segundo a Consellaría de Medio Ambiente e Infraestruturas produce perdas é a do Val Miñor (a AG-57), cunha caída dun 14%. Obviamente a preocupación da Xunta non son os usuarios ou os contribuíntes. A súa preocupación é a rendibilidade das concesións e que as empresas adxudicatarias non perdan cartos....

Esta situación era previsible porque o grande negocio desta obras estaba na construción da mesma, porque non foi pensada en clave de rendibilidade social e porque o encarecemento dos combustibles, e agora a crise, fai que diminúa o número de coches particulares e de transporte de mercancías que emprega a autoestrada para os seus traxectos.

A Autoestrada do Val Miño segue a ser unha infraestrutura infrautilizada e con nulo efecto vertebrador no Val Miñor, unha comarca con máis de 50.000 habitantes con importantes carencias de mobilidade.

É imprescindible para o desenrolo social e económico do Val Miñor, rescatar a concesión por parte da Xunta e eliminar as peaxes. Deste xeito pasaría a ser unha vía de uso interno para a Comarca e de saída para fóra da mesma, así como a circunvalación que precisan Vincios, Sabarís, Baiona, etc.

Para completar as necesidades de comunicación interna do Val Miñor coa Área Metropolitana e coa cidade de Vigo para mellorar o acceso ao Campus da Universidade, ao futuro hospital de Valadares, a Povisa (hospital ao que están adscritos), ás dependencias da Xunta,... resulta imprescindible proceder ao rescate da AP-9 por parte do estado é a súa inmediata transferencia á Xunta de Galicia.

Pero o Ministerio de Fomento acaba de asegurar a continuidade da concesión da AP-9 a Audasa. Segundo a ministra de Fomento, Ana Pastor, a pesar de ter ameazado este verano a Audasa con cortar a xestión que a empresa ten concedida ata agosto do 2048, “Actualmente, o Goberno non ten previsto o rescate da concesión da autoestrada AP-9”.

A AP-9 é a principal vía da Galiza. Ten un gran valor social xa que conecta todas as vilas da franxa costeira oeste de Galiza entre si e con Santiago de Compostela, une as principais cidades galegas entre si e mellora a conexión con Portugal.

E ten un enorme valor económico xa que é unha vía fundamental para o transporte de mercancías dende os principais centros de produción industrial da Galiza, así como o seu transporte para exportación a Portugal.

A crise e a constante **subida das peaxes** están detrás do menor uso desta autoestrada. As peaxes aumentaron en **2009 un 4,4%; en 2010, un 0,07%; en 2011, un 1,4%; en 2012, un 3,2%, un 7,5% e o aumento do IVE do 18 ao 21%; en 2013, un 2,5% e este ano, un 1,8%.**

En canto ao **nivel de tráfico** a AP-9 sufriu unha caída anual do 11,7% en 2012 e do 7,6% en 2013 e a previsión é que peche o ano con menos tráfico que en 2013. **Actualmente o tráfico que circula pola AP-9 está en niveis similares a 2001** (2014 = 20.158; 2001 = 19.904).

Non obstante, Audasa **aumentou a súa recadación no primeiro semestre deste ano**. Este aumento non estivo acompañado dun aumento do **tráfico, que se reduciu nun 0,29%** no que vai de ano, pero o leve descenso quedou máis que **compensado coa subida de tarifas nun 1,92%** aplicada dende o 1 de xaneiro con la bendición de Fomento.

A pesar do deterioro do servizo e grazas ao incremento nas peaxes, e á inexistencia de vías alternativas seguras, Audasa sempre gañou diñeiro. En 2012 presentou un resultado

positivo de 30,9 millóns, en 2013 de 29,3 millóns, e no primeiro semestre deste ano tamén conseguiu manter beneficios.

Pero a pesar dos beneficios, a concesionaria acometeu un axuste interno que en relación ao mantemento da vía como ao seu persoal.

O **cadro de persoal** de Audasa reduciuse en 100 traballadores dende o inicio da crise. En **2007** contaba con **336 empregados**, en **xuño deste ano só quedaban 226**.

O **gasto en soldos**, salarios e asimilados **descendeu en 314.000** euros respecto ao ano pasado e o **gasto en cargas sociais** en **56.000** euros. **Dende o inicio da crise, o recorte en gasto de persoal supera o millón de euros ao ano**. Destinaba 11,4 millóns en 2007. En 2013 eran só 10 millóns. Isto explica as retencións vividas nos últimos meses nas peaxes da AP-9.

En **2013**, o **gasto en mantemento** e gran reparación reduciuse á **metade** respecto a **2012**. Para **2014**, Audasa reserva unha partida específica de 37 millóns para actuacións sobre a infraestrutura a longo prazo (ampliación de Rande e circunvalación de Santiago), mentres que para gastos máis inmediatos fai unha dotación de só **2,5 millóns**.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a “Rescatar a concesión das autoestradas de Galiza, que pola seu carácter vertebrador sexan fundamentais para o desenvolvemento social e económico galego, esixindo do goberno do estado o rescate e transferencia de competencias respecto aos tramos das autoestradas estatais que transcorren por territorio galego, empezando polo rescate da AP-9 e AG-57 debido á súa mala xestión e a continua perda de calidade do servizo e usuarios”

Proposta de resolución nº 35: salarios galegos.

O informe sobre salarios que a derradeira semana febreiro publicou o Banco de España evidencian unha notable baixada xeneralizada do poder adquisitivo, e que cifra no dobre do que reflicten as estatísticas oficiais. Dun 2%, entre 2011 y 2012. O efecto que esta perda de poder adquisitivo produce nos colectivos con empregos máis precarios pois son os que máis sofren, mentres que os que aguantan traballos e ingresos estables distorsionan o resultado.

A mocidade soporta as maiores alzas de desemprego, onde se concentra tamén a emigración cara outras comunidades e países. Galiza soporta unha baixada salarial de case o 8% durante os dous anos de recesión, máis do dobre que a media do estado.

Nas medias, o salario do estado é 864 euros máis alto que o galego tras rexistrar unha caída do 2,7% durante eses dous mesmos anos. Innda que noutras comunidades produciuse o mesmo efecto de precarización salarial, a caída en Madrid, é do 0,8%; na cidade autónoma de Ceuta do 0,2% ; en Melilla do 1,6% ; en Cataluña e Canarias do 1,8% .

Os traballadores e traballadoras entre os 26 e os 35 anos representan un 27% dos asalariados galegos e arrastran unha caída do 7,8% nos seus salarios, ata os 14.271 euros. É dicir, 1.048 euros menos en dous anos. O recorte nesa franxa a nivel estatal é do 6,4%.

Entre os 36 y los 45 años, practicamente un terzo dos galegos con remuneracións por traballo en 2012, a perda salarial ronda os 800 euros. O salario medio situouse en 18.719 euros.

Os que chegan aos 55 anos, o 22,4% do mercado laboral galego, rondan os 22.000 euros de ingresos anuais, un 4,7% menos, 1.100 menos.

Entre os máis novos, dos 18 aos 25 anos, as percepcións anuais suman 6.900 euros despois dunha caída respecto a 2010 do 19,7%.

A industria acumulou neses dous anos un incremento do 0,6% no salario, que chega ao 2,4% en actividades vinculadas á extracción, enerxía e auga, o que lle converten na segunda área con mellores retribucións, case 24.500 euros.

Arriba sigue estando a banca e aseguradoras, con 29.800 euros, pese a que tamén é

quen maior descenso concentra, case o 9%.

Os salarios máis discretos están no sector primario, con 14.100 euros e unha caída do 2,3%; e os servizos persoais e de ocio, que empregan unhas 100.000 persoas por un salario medio de 8.600 euros anuais.

Os datos de diferenzas salariais por sexo datan do ano 2010, e polo tanto están moi lonxe da realidade social actual, xa que nestes dous anos cambiaron as condicións salariais da maioría do persoal asalariado, non temos máis que citar a variación que sufriu mesmo o funcionariado. Nese ano, observamos que lonxe de diminuír, a brecha salarial entre homes e mulleres ten aumentado en España. As mulleres gañaban un 22,55% menos de media ao ano por un traballo de igual valor. Ou o que é o mesmo: 5.744 euros menos, fronte aos 5.500 euros menos un ano antes. Así, para lograr a mesma retribución que un home, as mulleres deberían traballar 82 días máis ao ano. Unha desigualdade que se da en maior medida no sector privado e que se acrecenta fundamentalmente porque os homes reciben máis complementos salariais por dispoñibilidade total, responsabilidade, horas extraordinarias, que as mulleres.

A desigualdade dáse en todos os ámbitos. Tanto na remuneración por xornada como por hora traballada. Este desequilibrio incrementase coa idade das mulleres, co aumento do grao de responsabilidade e nos tipos de contrato de xornada completa. En resumo, as mulleres perciben salarios máis baixos e teñen máis contratos a tempo parcial que os homes.

E son as mulleres as que soen acollerse de xeito maioritario aos permisos por coidado de fillo/a ou familiar dependente, o cal inflúe no desenvolvemento da súa carreira profesional, a nivel de promoción e tamén salarial.

Seguen a existir sistemas de retribución arbitrarios, individualizados que non son negociados nin identificados no convenio, como é o caso de complementos, primas, sobresoldos, etc. Tamén permanecen sistemas de promoción arbitrarios, en moitos casos condicionados á dispoñibilidade. E na valoración de tarefas, aínda dáse unha tendencia á desvalorización do traballo feminino ou realizado por mulleres.

Segundo os datos da Axencia Tributaria do ano 2011, os ingresos medios durante 2011 foron inferiores aos do ano anterior, tanto para homes como para mulleres, inda que o salario medio das mulleres galegas foron un 23,1 % inferiores ao dos galegos.

Isto quizá sexa a primeira vez que ocorre, e posibelmente cando se coñezan os datos de 2012 a situación empeore, xa que:

- Por outro lado, cada vez máis sectores ou empresas están modificando as condicións salariais do seu cadro de persoal, pero á baixa. Por exemplo, o Convenio Estatal de Grandes Almacéns, cunha redución salarial arredor do 2,5% que abrangue a 13.000 traballadores e traballadoras. Pois ben, preto do 80% son mulleres. Situación semellante ocorre no Convenio de Comercio Alimentación, outra actividade altamente feminizada.

E non se pode esquecer que moitos convenios de limpeza e do téxtil, os dous con moita presenza feminina, levan dous anos cos salarios conxelados.

O Parlamento Europeo aprobou unha resolución na que insta aos países a que adopten medidas eficaces para tratar de eliminar a discriminación salarial e dar cumprimento ao dereito a ter igual salario por igual traballo.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover políticas que favorezan o incremento dos salarios galegos, situándoos a nivel do estado e garantindo a non discriminación en función do salario feminino.

Proposta de resolución nº 36: violencia machista

Galicia sitúase como a segunda Comunidade con máis casos de violencia de xénero en 2014, o 16% do total do estado .A crise económica é un obstáculo máis para saír do círculo da violencia machista, máis aínda cando as recortadas axudas á independencia económica deixan fora a sete de cada dez vítimas.

A fenda salarial de xénero ou, o que é o mesmo, a imposición da marxinación salarial ás mulleres polo mero feito de selo leva varios lustros practicamente intacta. As mulleres galegas cobran un 23,3% menos que os homes e teñen a ganancia media por hora menor de todo o Estado, e en consecuencia, as pensións máis baixas do estado.

O salario medio anual percibido en Galicia en 2012 foi de 17.737 euros, pero no caso dos homes ascende a 19.865 euros e no das mulleres redúcese a 15.227 euros, o que supón 4.638 euros menos.

En canto á prevención da violencia machista, [un estudo realizado no ano 2013 pola Delegación do Goberno sobre Violencia de Xénero](#) **levan as autoras e autores do estudo a identificar "unha maior tendencia na mocidade á xustificación da violencia de xénero e ao dominio e a submisión" que na anterior enquisa, elaborada en 2010.**

O Valedor do Pobo hai uns meses alertaba da violencia machista na adolescencia a través das redes sociais como “mecanismo de control deles cara a elas”. Máis do 20% dos adolescentes no Estado manifestan algún tipo de xustificación da violencia machista.

É por tanto imprescindible afrontar a loita contra a violencia de xénero de forma multidisciplinar e transversal. Para elo é fundamental a implicación real do goberno, máis alá da simple implicación formal mantida ata agora.

Polo exposto, o Parlamento de Galicia insta á Xunta a garantir a prestación económica durante 18 meses, prorrogable a 24, para as mulleres vítimas de violencia nunha cantidade mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional que se incrementará en función dos membros da unidade familiar, menores e/ou dependentes a cargo e o seu abono nun prazo non superior a 30 días naturais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2014 10:16
Nº Rexistro: 28297
Data envío: 08/10/2014 10:16:03.879

Proposta de resolución nº 37: Lei de Fomento da Cultura da Paz

A Declaración e o Plan de Acción aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 13 de Setembro de 1999 sobre a Cultura da Paz establece catro grandes bloques de contidos, a Educación para a Paz, os dereitos humanos e a democracia; a superación da exclusión e a pobreza; o diálogo intercultural; e a resolución pacífica dos conflitos.

Con posterioridade, a Comisión de Premios Nobel da Paz elaborou o coñecido como Manifesto 2000 e a ONU proclamou o Ano Internacional da Cultura da Paz e o Decenio 2001-2010 para promover os valores da nonviolencia entre tódolos nenos e nenas do mundo.

No remate do Decenio entrou nesta cámara a primeira proposta de lei de fomento da cultura da paz de Galicia, cos precedentes catalán e estatal, un documento tratado e traballado cos grupos parlamentarios desta Cámara e que dou lugar á creación dunha Ponencia Conxunta que aínda hoxe non ten iniciado as súas actividades.

No citado proxecto de lei, que consta dun Preámbulo e 9 artigos, establécese o obxecto da mesma, o seu ámbito de aplicación, as actuacións para o fomento da cultura da paz no ámbito dos dereitos humanos, no da convivencia democrática, no ensino e na cooperación, nos medios de comunicación, no desarmamento global e diferentes iniciativas para a promoción da paz na nosa comunidade.

Mentres tanto temos asistido a un deterioro na situación internacional, a un incremento da violencia en diversos lugares do mundo, particularmente, en Ucraína, no norte de África, en Oriente Medio, Palestina, Libia, Siria, Iraq, Afganistán... a un incremento extraordinario do número de refuxiados, persoas que fuxen da guerra, da fame e da miseria, ó tempo que, en Europa, no Estado Español, e en Galicia, diminúen significativamente as axudas para cooperación e solidariedade para cos países máis afectados que, polo demais, sofren as consecuencias da sequía, do cambio climático ou da enfermidade, como é o caso do Ébola.



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que adopte as medidas necesarias para que a Ponencia Conxunta creada no seu día para a elaboración da Lei de Fomento da Cultura da Paz desenvolva os seus traballos e os remate no transcurso desta lexislatura ao tempo que solicita o incremento significativo das partidas da axuda para a cooperación ao desenvolvemento cos países máis afectados pola guerra, a fame e a enfermidade.

Proposta de resolución nº 38: Dereitos e Liberdades en Democracia.

A cidadanía que non se resigna, a que reclama e reivindica, pacífica e democráticamente, os seus dereitos, aquela que protesta contra dos recortes e as políticas que pretenden o desmantelamento do estado do benestar, rebaixando prestacións, diminuindo os orzamentos para educación, sanidade, dependencia ou desemprego, as persoas que se opoñen ós desafiuzamentos e ás estafas, ás mordidas e fraudes, as que protestan contra da corrupción e a vergoña, está sendo vítimas dunha auténtica persecución política, xurídica e económica como consecuencia da persistente criminalización das protestas, a represión pura e dura dos corpos e forzas da seguridade, os mesmos corpos que deberían velar pola seguridade e o benestar da cidadanía, e a persecución xurídica e económica con multas desproporcionadas contra sindicalistas e membros de diferentes plataformas de oposición ás inxustizas e á desigualdade social crecente.

O recorte de dereitos e liberdades democráticas que vimos de comentar vese agora aínda máis agudizado coas crecentes dificultades para o recurso xurídico pola implantación dunha lexislación que vulnera a tutela xudicial efectiva e o acceso á xustiza para cada vez máis sectores sociais como consecuencia da lei de taxas xudiciais.

O goberno central aprobou no verán unha lei de seguridade cidadá coñecida popularmente como Lei Mordaza que avanza, aínda máis, na restricción dos dereitos e as liberdades públicas.

A aplicación destas políticas en Galicia ven sendo especialmente dura para coa cidadanía que protesta. Son moitas as persoas que teñen sobre as súas cabezas a ameaza directa da prisión, a multa e a sanción.

Considerando esta situación, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que reclame diante do Goberno do Estado o remate da persecución e criminalización das protestas cidadás pacíficas e democráticas, o pleno respecto polos dereitos e as liberdades públicas, o fin da represión contra sindicalistas, a derogación da lei de taxas e a da coñecida como Lei Mordaza.

Proposta de resolución nº 39: TTIP

A vella e nociva mercaduría do AMI (Acordo Multilateral de Investimentos) dos anos 90 chega agora, entre secretismos e xogos de elites, baixo a denominación de Acordo Transatlántico de Libre Comercio e Investimento entre EE.UU. e a Unión Europea.

As negociacións fanse, dende novembro do 2011 en secreto, de costas á cidadanía e as entidades sociais, sindicais e políticas das sociedades concernidas. A democracia oligárquica en construción require do secreto e fuxe do pobo e da deliberación democrática.

Nese xogo xeoestratéxico, a Xunta semella estar a gusto como peón dos intereses das grandes potencias. O penúltimo caso desa deixación o sofren os nosos labregos a conta do sostemento do réxime golpista e fascista de Ucraína e as sancións impostas a Rusia.

O TTIP, como agora se denomina en inglés, supón unha ameaza central para o sector agrogandeiro do noso país, que tería que pelexar con empresas do sector dun tamaño 8 veces superior as nosas. Outro éxodo rural pende sobre a nosa sociedade se a Xunta non defende os nosos intereses e se opón a un tratado nocivo para as nosas explotacións e o artellamento do noso territorio.

O TTIP vai propiciar un incremento do grao de explotación das traballadoras e traballadores dos dous continentes, nunha carreira á baixa nas condicións laborais. E compre lembrar que as estatísticas do IGE en materia de custos laborais e salariais nos sitúan no furgón de cola do Estado.

O TTIP vai supor a destrución de capital produtivo europeo porque as empresas estadounidenses teñen un tamaño medio superior ás europeas, as cales agás as multinacionais saíran perdendo desa competencia falseada que é o neoliberalismo.

O TTIP tratará de destruír a diversidade cultural do continente europeo así como a lexislación agresiva estadounidense en materia de dereitos de autor e das patentes.

Ao abeiro das normas sobre seguridade, ciberseguridade e ciberdefensa que se negocian, Europa terá outra tadura máis nunha política militar imperialista e que non se recata de violar os dereitos civís da cidadanía do mundo enteiro, como se poido volver a comprobar co espionaxe masivo incluso a xefes de Estado de países pretendidamente aliados.

TTIP que comporta todas as ventaxes para as grandes empresas, que poderán levar aos gobernos diante de tribunais especiais de comercio, os cales se arrogarán a calidade de lei universal, por riba das constitucións e leis estatais.



Polo antedito, o Parlamento Galego insta á Xunta a se dirixir ao goberno central para que en defensa dos intereses esenciais do noso país se opoña ás negociacións para impor o tratado de libre comercio entre EE.UU. e a UE.

Proposta de resolución nº 40: Estafas: preferentes e retornados

No 2003 o Goberno do estado de mans de Rodrigo Rato tomou a decisión de legalizar un procedemento que permitía no seu día operar os bancos e caixas mediante sociedades filiais en paraísos fiscais, creando nese momento unha norma que revestía dun tinte legal as participacións preferentes e subordinadas o que foi e continúa sendo unha estafa de inmensas dimensións que ten atrapado a miles de Galegos e Galegas. Estes procedementos financeiros foron creados para financiar a burbulla inmobiliaria na que nos meteron tamén decisión dos Gobernos do PP, e do propio Rodrigo Rato, xa que moi boa parte da mesma é froito daquela norma que convertía o 100% do territorio do estado en susceptible de urbanizarse, a coñecida lei Rato. Os mesmos que crearon a burbulla, que explotaron e timaron a cidadanía do común, son os que hoxe son rescatados con cartos públicos, namentres se continúa sen resolver o crime económico cometido cos aforradores Galegos

Durante estes anos, foi unicamente a mobilización e denuncia dos afectados polas preferentes a que permitiu que esta estafa estivese no debate público, e ante a barbaridade inicial de converter os aforradores en inversores, foi quen de mudar as decisión políticas iniciais para comezar un proceso de solución do roubo.

Cando se entregou a caixa Galega a capital estranxeiro “cas de balde”, dende Abanca se comprometeron a solventar o problema das preferentes en 90 días, xa pasaron mais de 300 e o problema continúa sen resolverse.

Pese a todas as promesas e compromisos do Goberno Galego a día de hoxe continúan a ser milleiros, entre 5000 e 30.000 as persoas afectadas pola estafa no noso país, sen contar todos aqueles que no camiño perderon unha boa parte dos seus aforros e da súa saúde, non é solo momento de devolver os cartos os afectados deberamos tamén falar do prexuízo causado, alguén debera pagar polos prexuizos económicos e de saúde que provocaron nos afectados.

Unha boa parte dos afectados son persoas que tiñan atrapados os aforros da súa vida nestas participacións, pensionistas que ademais son “atracados” pola facenda pública cando reciben pensións do estranxeiro, é este un colectivo tamén atacado pola decisión

do goberno central de sancionar e perseguir como defraudadores, a pensionistas que actuaron de boa fe, tal e como se lle informou durante anos o respecto das tributacións das súas pensións.

O Colectivo de emigrantes retornados afectados polas sancións de facenda, son cidadáns deste país perseguidos pola facenda, sancionados e vexados, co único obxectivo de facer caer nos seus petos unha parte dos custes da crise, estamos ante unha decisión profundamente inxusta que rompe o principio de igualdade da nosa constitución, a que vostedes apelan para consolidar o seu austericidio, pero que esquecen cando se trata de recoñecer e facer efectivos os dereitos nela recoñecido.

Por todo isto o Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia

Resolver de xeito definitivo a situación dos afectados polas participacións preferentes e subordinadas, devolvendo a totalidade dos aforros atrapados por esta estafa, así como arbitrar os mecanismos oportunos que permitan compensar os diferentes prexuízos causados os afectados durante este proceso que inevitablemente deber ir mais aló da literalidade dos aforros atrapados. Ademais instamos o goberno galego a dirixirse o goberno central para revisar de oficio as liquidacións do imposto da Renda os pensionistas retornados, de forma que se devolvan integramente as multas, intereses de demora e recargos realizados, así como a reforma legal que permita atender as demandas de equidade tributaria realizadas por este colectivo o respecto da eliminación do carácter retroactivo, evitar a dobre imposición, mellorar o tratamento da invalidez ,incluír as bonificacións oportunas polas aportacións para a prestación sanitaria e equiparar o nivel tributario dos diferentes pensionistas do país.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2014.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/10/2014 10:13:06

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento de Galicia, para o debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **propostas de resolución**:

Proposta de resolución nº 1

UN NOVO MODELO DE FINANCIAMENTO SUFICIENTE E SOLIDARIO

Diversas comunidades autónomas veñen demandando o inicio inmediato dun proceso que conclúa coa aprobación dun novo sistema de financiamento autonómico. Mais cando se está a asistir a unha perda progresiva de recursos, co conseguinte aumento das desigualdades, onde comunidades autónomas, como Galicia, se están a ver prexudicadas, e cando tales dotacións representan a parte máis substancial dos ingresos públicos da facenda galega e, polo tanto, resultan esenciais para a prestación dos servizos básicos que se deben prestar á cidadanía galega, debера ser tamén un obxectivo do Goberno galego procurar, canto antes, a mellora dos ingresos que derivan do sistema de financiamento pactado entre o Estado e as comunidades autónomas.

A este respecto non é coñecida - mais alá de declaracións moi xenéricas e pouco clarificadoras - cal é a posición concreta da Xunta de Galicia ou do seu presidente, sen que tampouco exista ningún tipo de documento ou información da que o Parlamento de Galicia teña coñecemento que poida fundamentar unha posición ao respecto por parte do Goberno autonómico, e sen que as propostas presentadas ante a Cámara galega para poder abordar e, se é o caso, pactar esta cuestión foxen aprobadas, pola actitude contraria do Goberno autonómico e do Grupo Popular.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia rexeita calquera atraso ou paralización no establecemento dun novo modelo de financiamento autonómico, e insta a Xunta de Galicia a exixir - de acordo coa lexislación vixente - a súa negociación inmediata, co obxecto de acadar a partir do próximo ano 2015 uns recursos suficientes e en contía superior aos actuais, tal que permitan



Grupo Parlamentario

atender os servizos públicos fundamentais que presta á nosa Comunidade, recuperando os drásticos recortes orzamentarios a que se viron sometidos nos últimos anos. O novo modelo de financiamento levará parello a creación dun Fondo de Garantía do Estado do Benestar, que poida servir de reserva nas súas dotacións co obxecto de garantir as prestacións básicas en períodos de insuficiente crecemento económico ou crise.”

Proposta de resolución nº 2

CONTROL DO ENDEBEDAMENTO SEN SOBRECUSTO FINANCEIRO

Os datos de endebedamento xa son coñecidos. Cun novo salto cada ano e así para o actual no 2014 xa vai ser preciso dedicar dous de cada dez euros do orzamento da Comunidade ao gasto por débeda pública.

Si analizamos a evolución da débeda pública galega nos últimos cinco anos, vemos que pasa de 3.954 millóns de euros a finais do ano 2008 a 9.911 millóns de euros na actualidade, o que supón un incremento en 5 anos de case que 6.000 millóns de euros, ou, dito doutra forma cada día Galicia endebedase en algo máis de tres millóns de euros.

Si analizamos a evolución da débeda pública galega en termos de PIB vemos que pasa do 4,8 % do PIB no 2008 ao 17 % do PIB para o 2014, un incremento en 5 anos de 12 puntos. E continuará este ritmo crecente para o futuro inmediato.

Esta evolución da débeda fai necesario analizar que investimentos ou gastos se financiaron ou pensan acometerse con cargo a ela no futuro, cun maior grao de control e coñecemento público ao respecto.

Ademais, resulta lesivo para Galicia que se estea a pagar uns intereses financeiros a un tipo superior ao que teñen que facer fronte as comunidades autónomas que obteñen financiamento a través do Fondo de Liquidez Autonómico, dando lugar a un sobrecustp financeiro inxusto para a nosa Comunidade.

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a informar a Cámara galega dos investimentos concretos realizados con financiamento a través de débeda pública emitida pola Comunidade Autónoma nos últimos cinco anos, así como, semestralmente, dos que realice no futuro, ao tempo que reclame do Goberno do Estado o establecemento dun mecanismo compensador para resarcirse do subrecusto financeiro que está a satisfacer a nosa Comunidade pola emisión de débeda pública en relación coa maior parte do resto de comunidades autónomas.”

Proposta de resolución nº 3

UNHA AUTÉNTICA REFORMA FISCAL CA PARTICIPACIÓN DA NOSA COMUNIDADE

En Galicia e, en España as políticas fiscais están favorecendo unha transferencia de rendas das clases populares ao gran capital, tanto a través dos impostos como da distribución do gasto.

Ademais o Goberno fai gravitar catro quintas partes do axuste sobre o lado do gasto público. O incremento previsto da recadación tributaria contribúe pouco ao recorte do déficit e vai lastrar a mellora económica.

A anunciada reforma fiscal estrutural parece que acabará sendo, máis ben, unha batería de rebaixas tributarias con obxectivos electoralistas e a curto prazo.

Na tarefa de axustar as contas públicas, o incremento de ingresos debería ser tan importante ou máis que a redución do gasto.

O Goberno debería tratar de buscar unha maior participación dos ingresos, cunha reforma tributaria de fondo e ambiciosa, e que proporcione máis recursos públicos.

A política fiscal non pode incluír amnistías fiscais e excluír políticas contra a fraude fiscal, centrándose na suba dos impostos indirectos, como é o caso dos carburantes, ou o IVE.

En España e en Galicia o que necesitamos é unha política fiscal que cumpra de verdade cos principios enunciados no artigo 31.1 da nosa Carta Magna: capacidade económica, igualdade, e progresividade. Neste contexto faise igualmente necesario solucionar o problema do agravio que está a padecer o colectivo dos pensionistas emigrantes retornados, en

Grupo Parlamentario

relación co tratamento fiscal diferenciado do que son obxecto por parte da Axencia Tributaria.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia manifesta a súa posición contraria ao proxecto de reforma tributaria aprobado polo Goberno do Estado e insta a Xunta de Galicia a demandarlle unha nova formulación integral que, coa participación das comunidades autónomas, avance en progresividade e equidade, aposte de xeito decidido e real pola loita contra a fraude fiscal e afonde na autonomía financeira e tributaria da nosa Comunidade, non entorpecendo a recadación propia sobre o imposto sobre depósitos bancarios e outras figuras tributarias propias (como o imposto sobre grandes superficies comerciais ou determinados gravámenes sobre o medio ambiente), ao tempo que equiparar a tributación fiscal dos pensionistas emigrantes ao dos nacionais.”

Proposta de resolución nº 4

ACADAR UN MAIOR EMPREGO E ESTABLECER UN NIVEL SUPERIOR DE COBERTURA PARA PERSOAS EN PARO

A loita contra o desemprego e a redución do paro debe converterse no primeiro obxectivo governamental da Xunta de Galicia. Non é asumible que o Goberno autonómico dedique actualmente ás políticas activas de emprego unhas contías que supoñen menos da metade que as dedicadas hai catro ou cinco anos e deste xeito que a ratio de euros/persoa parada pasara dos 2.500 euros no ano 2010 aos 650 euros establecidos para o actual exercicio económico do 2014. Non é congruente manifestar que a loita contra o desemprego será unha prioridade e ao mesmo tempo establecer uns recortes neses programas moi superiores aos producidos ano tras ano no volume xeral orzamentario. É necesario recuperar tales fondos e apostar de xeito decidido e real por contribuír a rematar co drama do desemprego.

Hoxe no paro existen 121.600 persoas máis desempregadas que cando o Sr. Feijóo accedeu á Presidencia do Goberno, cun claro peor comportamento con respecto ao resto de España, xa que en Galicia o paro aumentou neste período un 75 %, fronte ao 40 % que o fixo no conxunto de España. Incluso con respecto á actual Lexislatura o aumento é para Galicia de 20.300 persoas, que representa un aumento dun 8 % máis, cando a nivel de España se reflicte un comportamento contrario e unha baixada de 155.200 persoas menos en paro no mesmo período.

Igualmente, a taxa de paro sitúase na actualidade en 1,7 puntos por debaixo de España, cando hai cinco anos o diferencial era de favorable a Galicia en 5,2 punto, cunhas taxas de emprego e de actividade que se sitúan moi por detrás da media española e das máis baixas de todas as comunidades autónomas.

Grupo Parlamentario

A atonía económica mostra a súa faciana máis alarmante e preocupante no descenso da nosa poboación ocupada: na actualidade existen 177.000 persoas menos que hai cinco anos con traballo e para a actual Lexislatura Galicia conta con 56.200 ocupados/as menos, reflectindo o segundo peor comportamento de todas as CCAA, cando a nivel de España o dato é de signo contrario cun aumento de persoas traballando.

O novo presidente da Comisión Europea Jean - Claude Juncker, acaba de anunciar a posta en marcha dun plan de estímulo a economía europea, por importe de 300.000 millóns de euros para executar nun prazo de tres anos, que debería activarse antes do mes de marzo de 2015, e que, en grande medida, debe centrarse no obxectivo fundamental de creación de emprego.

Ademais, a Unión Europea anunciou un paquete de medidas con financiamento nun fondo extraordinario para a redución do desemprego, fundamentalmente entre as persoas mías mozas.

É igualmente necesario atender de xeito especial as persoas paradas de longa duración que, esgotadas as prestacións, teñan responsabilidades familiares e cumbran cos requisitos de carencia de rendas, creando un subsidio, o cal se estenderá ás mulleres que tivesen acreditada a condición de vítima de violencia de xénero, a aquelas persoas que acrediten unha minusvalía. O financiamento debera realizarse con cargo aos fondos en contía equivalente aos aforros producidos pola diminución de subsidios por desemprego por parte do Estado.

Para acadar tal obxectivo débese proceder a reforzar os servizos públicos de emprego coa creación de novas prazas de profesionais da inserción e orientación laboral para axudar as persoas en paro en Galicia a atopar emprego.

E constitúe unha prioridade rematar ca emigración de moitas persoas, especialmente mozas, que teñen que abandonar Galicia en busca de

Grupo Parlamentario

emprego, á vez que comezar a establecer medidas para procurar o seu retorno.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia rexeita os substancias recortes realizados nas dotacións orzamentarias nas políticas activas de emprego e insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións precisas para provocar un substancial aumento nas súas contías para os exercicios de 2015 e 2016, non inferior no seu conxunto aos 400 millóns de euros, establecendo unha *“Axenda extraordinaria e urxente polo emprego”*, co obxectivo de acadar a promoción mínima de 50.000 postos de traballo no próximo bienio, coa posta en marcha de medidas dirixidas, de xeito preferente, ao colectivo da mocidade, das mulleres e para as persoas maiores de 45 anos. Igualmente promoverase o establecemento dun subsidio para as persoas paradas de longa duración e outros colectivos especialmente vulnerables, ao tempo que deberá poñerse en marcha un *“Observatorio de desprazamentos profesionais”* co obxecto de facilitar o retorno das persoas desprazadas fora de Galicia, especialmente mozas, e ter unha canle de intercambio entre a mocidade emigrada e as empresas con centros de actividade no nosos país.”

Proposta de resolución nº 5

AXENDA PARA O FORTALECIMENTO DO SECTOR INDUSTRIAL

O novo presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker acaba de anunciar, despois de fortes presións dende a esquerda europea, un plan de estímulo a economía europea de 300.000 millóns de euros, nun prazo de tres anos, que debería activarse antes do mes de marzo do 2015.

Aínda que a cifra supón apenas o 0,77% do PIB da Unión Europea, segundo os datos de Eurostat, Juncker reclama un paquete de investimentos “ambicioso”, centrado en infraestruturas de transporte, I+D+i, banda ancha, enerxía e reindustrialización do continente.

A Comisión Europea pretende aprobar este plan de estímulo a través dos fondos estruturais e do Banco Europeo de Inversións (BEI), institución que sorprendentemente o Goberno do Sr. Feijóo ten esquecida.

En relación coa poboación, e sen ter en conta elementos correctores como a taxa de desemprego (que en Galicia máis que duplica a media da EU-28), á nosa Comunidade corresponderíalle, aproximadamente 1.500 millóns de euros.

Os socialistas consideramos que á hora de optimizar o máis posible a utilización de estes recursos, convén deseñar un Plan Global que estableza prioridades e obxectivos, tendo en conta as peculiaridades da nosa Comunidade Autónoma.

Trátase de non repetir os erros do chamado Plan Estratégico Galicia 2010 – 2014 (Horizonte 2020) que quedou rapidamente superado pola realidade económica e social galega, española e europea, e que xa no seu plantexamento inicial, tal e como denunciámos os socialistas, se atopaba

Grupo Parlamentario

profundamente desconectado da realidade económica e social do país. Nesta planificación deben ser incluídos de xeito preferente, programas de apoio á industrialización do sector agro - gandeiro galego, sector en plena expansión a nivel estatal e europeo, no cal Galicia non pode seguir estando relegada a ser só unha mera produtora, senón que debe ter como obxectivo o acadar unha transformación e comercialización crecentes, dado que do contrario repercutirá nunha progresiva perda de produción. Todo isto co obxectivo de procurar unha reactivación industrial e a creación de postos de traballo neste sector.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a deseñar nun prazo máximo de tres meses, unha axenda para o fortalecemento do sector industrial en Galicia, onde se establezan as prioridades e os obxectivos industriais para a nosa Comunidade, que remitirá para o seu pronunciamento á Cámara galega, en consonancia co anuncio dende a Comisión Europea, que debería activarse antes do mes de marzo de 2015, e no que a Galicia deberían de corresponderlle aproximadamente 1.500 millóns de euros, centrándose no obxectivo fundamental de creación de emprego e no que se incluírán, de xeito preferente, programas de apoio á industrialización do sector agro - gandeiro galego.”

Proposta de resolución nº 6

COMPROMISO CO SECTOR NAVAL ANTE A PROPAGANDA DO GOBERNO AUTONÓMICO

A industria naval ten sido un dos sectores industriais máis importantes da historia económica de Galicia, que chegou a representar ata o 70 % do total de España, cun peso do 5 % no PIB galego e 14.000 empregos. Nos derradeiros anos, a caída ten sido imparable, como as cifras de comercio exterior indican, tal que este sector pasou de representar o 11 % das exportacións metalúrxicas en 2011 ao 3 % en 2013.

O sector da construción e da reparación naval en Galicia rexistrou en decembro de 2013 as peores cifras de emprego dende 2005, só 5.539 afiliados en alta laboral segundo datos de Asime. Mentres que o naval galego de carácter privado está fortemente concentrado en Vigo e na súa contorna industrial, o público atópase en Ferrolterra.

Hai elementos comúns e outros propios. En todo o sector da construción naval existe un nivel importante de I+D+i, que ten permitido, por exemplo, que empresas galegas estean operando en mercados doutros continentes, ademais das características da industria auxiliar do sector naval, que permiten apoiar nela outras actuacións industriais en sectores emerxentes, como a industria das enerxías renovables ou mesmo a aeroespacial.

De feito, só catro estaleiros mantiveron carga de traballo de forma ininterrompida en Vigo, e a crise do naval ten levado 10.000 postos de traballo por diante na comarca de Vigo. Ademais, esta situación está desatando unha guerra de prezos na industria auxiliar, montándose pequenas empresas que contratan traballadores por salarios de miseria.

No sector público naval de Ferrol a situación é límite. E ante esta situación dramática con taxas de desemprego descoñecidas, de arredor do 33 %, fronte ás 27.000 persoas con traballo que había en 2009, hoxe tan só

Grupo Parlamentario

traballan 17.000 persoas.

E os compromisos do Goberno galego esvaécense. Dende a frase do presidente Feijóo en campaña electoral: “Eu son o garante do dique flotante”, ata “O dique flotante farase tan pronto chegue Rajoy a Moncloa”, o certo é que os gobernos do PP non están dispostos a construír o dique flotante. Non hai vontade de construílo e debería de estar xa construíndose para que en 2015, cando remate o veto, se poida empezar a traballar. Enganase nos orzamentos e vale calquera cousa para manter a publicidade e a propaganda.

O Goberno galego comprometeu para os estaleiros de Ferrol remolcadores, quimiqueiros, gaseiros e o flotel., publicidade e propaganda. Feijóo prometeu que o flotel crearía 3.000 postos de traballo e a dura realidade é que o flotel creará unha media de 300 empregos e unha parte farase fóra de Galicia.

E mentres, o estaleiro de Fene estará parado durante todo o ano esperando o levantamento do veto de 2015, e cando chegue este levantamento do veto seguirá parado e probablemente no camiño da privatización.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia, en relación co sector da construción naval, insta a Xunta de Galicia a facer público, de xeito inmediato, un calendario de remate da construción dos floteis nos estaleiros Navantia e Barreras, así como da respectiva carga de traballo, e a presentar na Cámara, no prazo de dous meses, o proxecto de construción e financiamento dun dique flotante na ría de Ferrol. As ditas actuacións incluíranse nun programa de reactivación do sector, a abordar cos axentes sociais e as empresas afectadas, que contará cos instrumentos financeiros axeitados, un programa de emprego e medidas de formación que garantan a súa estabilidade. Igualmente, o presidente da Xunta de Galicia, logo dos trámites



Grupo Parlamentario

regulamentarios oportunos, comparecerá de xeito urxente no Parlamento galego para explicar o fracaso das súas promesas realizadas en relación cos encargos da empresa Pemex.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Proposta de resolución nº 7

IMPULSO REAL EN MATERIA DE I+D+i

No mundo globalizado actual a estratexia acaída ten que ser considerar o I+D+i como o principal elemento da economía para competir con vantaxes. As decisións de política económica dos gobernos da dereita lévannos por outro camiño, que é competir vía salarios e, polo tanto, ter cada vez sociedades máis empobrecidas e mais desiguais.

Alí onde goberna a dereita, e Galicia non é unha excepción, o gasto en I+D+i retrocede. Na nosa comunidade estabamos xa por baixo da media española e ademais o retroceso foi maior. O derradeiro dato feito público sinala un esforzo en I+D+i do 0,87 % do PIB, aos niveis de Turquía ou Ucraína.

Mentres a media europea supera xa o 2 % do PIB e continúa a súa liña ascendente co obxectivo de acadar o 3 % en 2020, obxectivo ao que os gobernos da dereita, tanto o de Galicia como o de España, renunciaron formalmente.

Isto colócanos nunha situación de desvantaxe para afrontar dunha maneira satisfactoria a saída da crise e a consolidación dun modelo económico baseado no coñecemento, xa que existe unha clara correlación directa entre o crecemento económico e o gasto interno en I+D+i.

Esta opción política dos gobernos da dereita fixo que a comunidade científica propuxera unha serie de medidas e actuacións concretas no chamado "Colectivo Carta pola Ciencia", que dende o Partido Socialista galego subscribimos enteiramente.

Tras máis de cinco anos deste Goberno, houbo tempo máis que suficiente para darse conta do erro económico e social que ten suposto esta política

Grupo Parlamentario

de recortes, salvo que en realidade non sexa un erro, senón unha estratexia claramente definida para, a través dunha devaluación interna e os recortes, mudar o modelo económico e social deste país.

En consecuencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a potenciar as medidas para o impulso en materia de I+D+i, para o cal deberá recuperar os niveis de financiamento público en I+D+i do ano 2009, ao longo, como máximo, dos tres vindeiros exercicios orzamentarios, de maneira que poidamos aproximarnos á media europea, avalando as reivindicacións do colectivo “*Carta pola Ciencia.*”

Proposta de resolución nº 8

NOVA EXTRATEXÍA ENERXÉTICA

A enerxía converteuse nun problema central nas economías desenvolvidas, e Galicia non é unha excepción. É imprescindible garantir a subministración a prezos competitivos, ademais de buscar respostas axeitadas ante o desafío do cambio climático.

As fontes de enerxía convencionais non resultan en absoluto “imprescindibles”, tal e como intentan facernos crer as grandes compañías eléctricas, tendo en conta o rápido desenvolvemento das enerxías renovables, con tecnoloxías cada vez máis baratas e con capacidade crecente de xerar enerxía de forma continuada, a pesar da intermitencia natural das súas respectivas fontes; ademais da ampla marxe existente para reducir o consumo de enerxía tanto en termos absolutos, nos países máis desenvolvidos, como en termos de PIB.

No caso de Galicia, ademais, existe un elevado excedente de capacidade de xeración eléctrica, asociado á gran expansión das centrais hidroeléctrica durante a segunda metade do século XX, e tamén das centrais de ciclo combinado, que apenas se aproveitan na actualidade nun 10%. Así mesmo, avanzouse bastante pouco (os recortes orzamentarios están aí) en materia de eficiencia enerxética, en particular no consumo de electricidade en todo tipo de edificios.

Neste contexto, hai decisións políticas inexplicables dende a lóxica económica, e que só se poden explicar dende a defensa por parte dos gobernos dos intereses das grandes empresas enerxéticas. Mentres asistimos a un sistemático bloqueo das enerxías renovables, vemos tamén unha presión crecente, á que o Goberno de España parece ser sensible, das grandes empresas do sector para aumentar até os 60 anos a actividade dos

Grupo Parlamentario

reactores nucleares existentes.

A iso contribúe, ademais, a sobre-retribución garantida á enerxía nuclear e outras fontes de produción de enerxía pola regulación vixente, que supón uns 1.700 millóns de euros anuais de “beneficios caídos do ceo” para as empresas titulares das plantas.

Hai un consenso xeral en que as fontes de enerxía tradicionais non son a resposta adecuada ao desafío do cambio climático, xa que, segundo o último informe do Panel intergubernamental sobre o cambio climático (IPCC), a marxe temporal para reducir as emisións de CO2 (para frear o quecemento global) é cada vez máis curta, pouco máis dunha década.

Aínda hoxe, a pesar dos cambios regulatorios (dramaticamente consolidados polo actual Goberno do Partido Popular), o noso país, se modificamos este camiño errado iniciado polo presidente Rajoy e o ministro Soria, debería de estar en condicións de alcanzar en 2030 unha porcentaxe do 70 % de electricidade producida con enerxías renovables.

Necesitamos, en termos de política enerxética, unha base para un amplo acordo social, económico e político, que dote da suficiente seguridade xurídica a política enerxética, garantindo así o investimento necesario para impulsar a imprescindible transición pola que xa traballan os principais países da nosa contorna, e mantendo o prezo da enerxía nuns niveis razoables no noso entorno. Galicia, polas súas condicións xeográficas, debería de liderar este proceso.

O último informe do IPCC non deixa lugar a dúbidas: urxen respostas radicais por parte de gobernos, empresas e cidadáns, fronte ao desafío do cambio climático. Os socialistas galegos cremos que iso debe ser compatible con garantir o acceso á suficiente enerxía, máis limpa e segura.

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a trasladar a Goberno de España a posición contraria ás directrices da reforma do sector eléctrico en curso, demandando que sexan consideradas a recuperación das primas ás enerxías renovables, a modificación do procedemento de cálculo do prezo de produción eléctrica para as instalacións do réxime ordinario e unha nova metodoloxía do cálculo dos custos fixos de produción. Igualmente, no campo enerxético o Goberno galego presentará, no actual período de sesións, ante a Cámara galega unha “Estratexia enerxética de Galicia.”

Proposta de resolución nº 9

NOVO MODELO PARA O SECTOR DA PESCA E O MARISQUEO

Os datos reflicten claramente que a situación que está a vivir o sector da pesca e do marisqueo en Galicia é dunha enorme e crecente preocupación. Así acontece coa caída de produción e de ingresos para moitos dos profesionais do mar; o que está a provocar a perda alarmante de persoas cotizantes ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social, que ven sendo continuado dende hai xa máis de cinco anos, reflectíndose na caída de máis de 4.400 persoas durante tal período.

Os problemas estruturais do sector seguen sen abordarse: a comercialización, o acceso aos recursos, a seguridade, o furtivismo, etc..., son, entre outras, cuestións que aínda precisan solucións, logo de cinco anos da falta de respostas ao respecto por parte do Goberno galego, e cando, máis que nunca, nestes momentos resulta inexcusable e necesaria unha aposta sólida en favor destes sectores produtivos.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia rexeita a política en materia pesqueira e marisqueira desenvolvida nos últimos anos dende a Xunta de Galicia, e insta a modificala co obxectivo de recuperar, polo menos 4.400 empregos nos próximos dous anos neste sector, promovendo un novo modelo que evite a discriminación da nosa flota, que promova a negociación de novos acordos pesqueiros con terceiros países, que busque garantir a seguridade alimentaria dos consumidores; que, no marco das súas competencias fomente para a pesca de baixura e o marisqueo as medidas que sexan precisas para garantir uns ingresos dignos e que impulse a recuperación para o sistema público do Servizo de Salvamento Marítimo.”

Proposta de resolución nº 10

PLAN DE XESTIÓN TERRITORIAL E MARCO AXEITADO DE NEGOCIACIÓN AGRARIA

Os sectores agrario é fundamental para a o desenvolvemento do mundo rural. Galicia conta cun gran potencial en canto á produción en sectores estratéxicos como son o vacún de leite, vacún de carne, avicultura, porcino, cunicultura, viticultura, forestal, etc., todos eles en continua reconversión e con moitos problemas, o que está a provocar que o número de explotacións se veña reducindo ano tras ano de forma sistemática.

As esixencias dun mercado cada vez máis deslocalizado e máis globalizado, unha política agraria comunitaria cada vez menos común e menos política, a ausencia dunha industria propia que engada valor ás nosas producións, un sector da distribución alimentaria que acaba impondo os prezos de forma unilateral, etc., son algúns dos problemas aos que de forma transversal todos os produtores agrarios se ven sometidos.

Non obstante, hai dous problemas estruturais básicos que afectan a maior parte dos sectores, que o Goberno galego segue sen afrontar, e que sen dúbida deben ser o piar para empezar a reverter a situación: o problema territorial e as relacións contractuais entre os distintos axentes de toda a cadea dende a produción ata a comercialización.

No que respecta ao primeiro débese acometer, de xeito inmediato, a elaboración dun plan de xestión territorial para favorecer a mobilidade e a ordenación de terras agrarias e forestais, que deberá contar cun compromiso calendarizado de financiamento, determinará as zonas de interese agrario e forestal para actuar de forma priorizada e secuenciada no tempo e co compromiso de remate nesas zonas das concentracións parcelarias iniciadas nun prazo de dous anos. O diito plan debe incluír a modificación da figura deseñada para a agrupación de propietarios

Grupo Parlamentario

forestais (Sofor) vista a súa ineficacia, de cara a que verdadeiramente sirva como instrumento para agrupación real da propiedade e a xestión en común dela, así como á busca dunha fiscalidade axeitada para as comunidades de montes.

En canto ás relacións contractuais entre produtores e industrias distan moito de estar normalizadas, en todas os sectores os produtores, como parte máis débil da cadea, se atopan en situación de desigualdade, non habendo nin unha lexislación axeitada nin un marco político que os ampare.

En consecuencia:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a acometer de forma inmediata un plan de xestión territorial para favorecer a mobilidade e a ordenación de terras agrarias e forestais, que conteña compromisos concretos, priorizados e cuantificables, establecendo un prazo de dous anos para o remate das zonas de concentración parcelaria e modificando a figura deseñada para a agrupación de propietarios forestais (SOFOR), ao tempo que promover, mediante cambios urxentes na lexislación actual, un marco de negociación, cunhas relacións contractuais entre produtores e industrias negociadas e pactadas, onde os prezos percibidos non se impoñan de forma unilateral e a posteriori, desenvolvendo o etiquetado da orixe da produción dos produtos galegos.”

Proposta de resolución nº 11

PLAN INTEGRAL DE AXUDAS AO PEQUENO E MEDIANO COMERCIO

A nova Lei de comercio impulsada dende o Goberno autonómico resultou, tal e como xa se predixera, incompleta, baleira e non posibilitou accións encamiñadas a potenciar, desenvolver e protexer o tecido comercial de Galicia. Cada vez resulta máis evidente o abandono absoluto do comercio rural e o dos pequenos concellos, ao non apostar con seriedade nin pola constitución nin polo funcionamento das mesas locais de comercio. Sen afrontar as necesidades de planificación en materia de equipamentos comerciais en Galicia, renunciando a unha correcta distribución dos mesmos, o que comporta o abandono implícito do pequeno comercio.

Inexistencia de propostas e actuacións encamiñadas a dinamizar e incentivar o comercio, sen compromisos concretos e con descensos xeneralizados das axudas, cunha caída do 30 %. Mentres varios millares de comercios pecharon en Galicia dende o a 2009, como mostra que o 74 % dos autónomos que abandonaron a súa actividade pertencen a este sector, golpeado especialmente pola crise económica.

Un sector comercial de comercio polo miúdo que reflicte caídas continuadas e perda constante do seu persoal ocupado. Así os datos de vendas no comercio polo miúdo, indican unha caída de practicamente unha cuarta parte do seu total nos últimos cinco anos, e os últimos datos coñecidos continúan a ser negativos.

Á vez provócanse dende a Xunta de Galicia unhas fortes reducións orzamentarias nos programas de comercio.

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e presentar nesta Cámara, no actual período de sesións, un plan integral de axudas ao pequeno e mediano comercio en pro da recuperación económica e fomento do emprego neste sector, co obxecto de rematar cos peches de establecementos e evitar as sucesivas caídas en vendas e no persoal empregado en tal sector. O dito plan deberá contemplar axudas para a mellora da súa competitividade, desenvolvendo programas para transitar dende o comercio tradicional ao comercio especializado, xerar as condicións precisas para que o pequeno comercio galego poida aproveitar os beneficios da economía de escala, reforzar a imaxe de marca e favorecer a implantación de centrais de compra, cunhas dotacións orzamentarias que se elevarán, polo menos nun 50 % para o exercicio do 2015.”

Proposta de resolución nº 12

POTENCIACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO

O sector do turismo xoga un papel crucial no crecemento económico e na xeración de emprego da nosa Comunidade Autónoma, representando arredor do 10 % do PIB galego, sendo un sector estratéxico para Galicia, e, que polo tanto, o Goberno autonómico debера utilizar para un correcto desenvolvemento económico futuro.

A Xunta de Galicia acaba de presentar o Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016, documento que debера conter as liñas de acción concretas ata o ano 2016, pero que resulta claramente insatisfactorio, xa que resulta moi básico, cheo de obviedades, sen un proxecto estratéxico para desenvolver nos próximos anos, sen memoria económica nin orzamentos anuais previstos, constituíndo unha serie de medidas sen moito orde nin acerto.

Mentres estanse a rexistrar recorte nos orzamentos dende que goberna o Sr. Feijóo: se no ano 2009 os orzamentos era de 78 millóns de euros, para o ano 2014 descenderon ata os 43 millóns euros.

Os datos obxectivos e oficiais do sector mostran que Galicia, polo seu grao de ocupación hostaleira, polo seu persoal empregado ou pola súa rendibilidade, ocupa un lugar dos máis atrasados fronte á media estatal.

Incluso o recentemente creado o Clúster de Turismo de Galicia, nace quebrado, con profesionais básicos distanciados do proxecto promovido pola Xunta, ao sentirse marxinados.

En consecuencia:



Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a modificar a súa política en relación co apoio do turismo galego, de tal xeito que se acaden uns niveis de rendibilidade, ocupación e estancia, que superen, nos próximos dous anos, polo menos, un 15 % os actuais valores, aproximándose ás medias españolas, e marcando o obxectivo de acadar nos próximos dous anos un nivel de emprego no sector hostaleiro igual, polo menos, ao que existía no ano 2009. Todo isto coa participación das entidades locais e coas empresas do sector afectadas ao respecto.”

Proposta de resolución nº 13

AUTÉNTICO PLAN DE VIVENDA SOCIAL

Ante a dramática situación que están a vivir miles de familias galegas afectadas polo desafiuzamento da súa vivenda habitual (preto de 6.000 nos últimos 3 anos), sen que por parte de Xunta de Galicia se estea a ofrecer unha solución real (apenas 33 vivendas ocupadas das 500 que di ter reservadas a Xunta de Galicia), faise necesario reclamarlle ao Goberno galego que abandone a súa clara falta de política sobre a vivenda.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar, no actual período de sesións, un plan de vivenda social na Comunidade Autónoma que dea satisfacción tanto á demanda existente procedente de novas unidades familiares coma a aqueles que por mor da situación económica están a perder a súa vivenda. Dentro deste plan incluírase, igualmente, un programa para vivenda da xente moza e medidas económicas de apoio aos titulares de vivendas protexidas que como consecuencia do Real decreto 20/2012 están a verse privados das axudas na subsidiación de préstamos para adquisición de vivendas protexidas vinculadas aos plans nacionais de vivenda 2002-2005, 2005-2008 e 2009-2012. Renovarase o Plan ALUGA e traspasarase á Consellería de Traballo e Benestar a xestión das vivendas de titularidade pública destinadas ao acollemento de familias afectadas polos desafiuzamentos.”

Proposta de resolución nº 14

DINAMIZACIÓN DO SOLO EMPRESARIAL BALEIRO

Nos propios datos facilitados pola Xunta de Galicia faise constar a existencia de 959 parcelas propiedade do IGVS, cunha superficie total útil de 2.807.000 m2 sen uso. Situación agravada polo estado de desocupación ou mesmo abandono na que se atopan outros ámbitos como a plataforma loxística de Salvaterra, sendo necesario rematar con tan lamentable situación.

En consecuencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar un plan para a xestión do solo empresarial, co obxecto de dinamizar o solo industrial de Galicia contemplando todas as medidas orientadas a facilitar a adquisición, cesión ou aluguer de chan por parte de empresas interesadas e prestando especial atención á implantación de actividades por novos emprendedores e á captación de investimentos. Financiaranse os custos de implantación durante os dous primeiros anos ao 50 % mediante unha liña específica de créditos brandos por parte do Igape. Traspasaranse á Consellería de Industria os parques empresariais titularidade da Xunta de Galicia, así como a totalidade das parcelas dispoñibles.”

Proposta de resolución nº 15

ORDENACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE

Transcorreron máis de tres anos dende a aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de ordenación do litoral, sen que ata o día de hoxe se aprobase, por parte da Xunta de Galicia, ningún dos plans de desenvolvemento previstos, e nin tan sequera estean contratados, redactados ou en fase de redacción.

En consecuencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar, diante da Cámara galega, antes do remate do actual período de sesións, un completo informe en relación coa situación actual e co desenvolvemento futuro previsto en relación coas Directrices de Ordenación do Territorio, no Plan de ordenación do litoral e unhas normas e medidas en relación co Plan director de Rede Natura 2000, incluíndo o estado de tramitación en relación cos concellos acollidos á disposición transitoria da Lei de costas actualmente en vigor. Neste sentido haberá de aprobarse polo Goberno galego, contando cos concellos, un proxecto de lei do solo de Galicia, substancialmente distinto ao borrador remitido na actual Lexislatura á Cámara galega, que requirirá, para a súa aprobación, dunha maioría mínima dos 2/3 da Cámara.”

Proposta de resolución nº 16

RETOMAR O INVESTIMENTO PRODUTIVO EN INFRAESTRUTURAS PARA CREAR EMPREGO E DINAMIZAR O TECIDO SOCIOECONÓMICO

As infraestruturas públicas son unha contribución indispensable para a produción económica, que ademais é altamente xeradora de emprego e constitúe un elemento que debera ser utilizado para a superación nos momentos de crise económica. Tal e como reflicte un recente informe do FMI, é complicado pensar nun proceso de produción en calquera sector que non dependa das infraestruturas e recalca que calquera deficiencia se deixa sentir con rapidez.

Estamos a asistir a unha parálise na realización de novos proxectos, mentres que os contratados en anos anteriores están a sufrir unha ralentización evidente. Os anuncios de grandes dotacións orzamentarias iniciais por parte do Ministerio de Fomento non se ven logo correspondidos por un grao elevado de execución, posto que se “pintan” sobre o papel unhas cifras que logo pouco teñen que ver coa execución real. Un exemplo evidente o constitúe a realización das infraestruturas ferroviarias en Galicia, onde os mesmos orzamentos xerais do Estado para o 2015 evidencian que para este exercicio 2014 unha contía mínima de 300 millóns de euros – que poden alcanzar incluso os 450 millóns de euros- quedará sen executar.

Os datos de licitación pública avalan igualmente este feito: no ano 2013 o volume da contratación de nova obra pública do Estado en Galicia ascendeu a 330 millóns de euros, a contía máis baixa desde século e menos dunha terceira parte do volume medio alcanzado nos últimos anos anteriores á Presidencia do Sr. Rajoy. Dada a necesidade para a execución de realizar as correspondentes plurianualidades orzamentarias, estanse na actualidade basicamente orzamentado o pagamento das obras entón contratadas e posteriormente ralentizadas.

Grupo Parlamentario

Porén, as cuestións pendentes son moitas sen que o Goberno da Xunta de Galicia as reclame. Lonxe parecen quedar aquelas declaracións reivindicativas do Sr. Feijóo ao respecto da execución de investimentos por parte do Estado cando presidía o Goberno o Sr. Zapatero, que contrastan coa actitude submisa e, agora si, “comprensiva” co momento que estamos a atravesar, que mostra na actualidade en relación caos seus compañeiros de partido político.

Pero parece evidente que para Galicia resulta fundamental que se acometan as infraestruturas pendentes.

En consecuencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar do Goberno central que remate coa ralentización e mesmo parálise na execución de diversas obras públicas de vital importancia para o noso territorio, tales como:

- LAV Madrid – Galicia: garantir a construción e posta en servizo da LAV Madrid – Galicia con plenas características de alta velocidade na súa integridade, tal e como foi planificada e contratada, blindando a súa construción e posta en servizo en plataforma de vía dobre na integridade do seu trazado e no novo prazo comprometido de 2018.
- Licitar á maior brevidade as obras de construción dos tramos Taboadela-Seixalbo e Seixalbo-Estación de Ourense para garantir a conclusión da LAV Madrid – Galicia con plenas características de alta velocidade e permitir a súa total integración na cidade de Ourense, de acordo coa solución publicada no BOE do 10 de decembro de 2011.
- Adxudicar á maior brevidade os lotes pendentes dos contratos licitados en maio de 2011 pola vía da colaboración público-privada na liña Madrid – Galicia.
- Rematar o percorrido de alta velocidade do Eixo Atlántico entre A

Grupo Parlamentario

Coruña e Vigo e avanzar na súa conexión con Ferrol e a fronteira portuguesa.

- Licitación dos proxectos construtivos dos tramos Carballiño-Irixo, Irixo-Cerdedo e Cerdedo Barro (variante de Cerdedo) pertencentes a conexión entre Vigo e Madrid de alta velocidade.
- Reactivar o desenvolvemento da conexión ferroviaria de alta velocidade entre Lugo, Monforte e Ourense, avanzando nos tramos en fase de proxecto e concluindo as obras da variante de Pobra de San Xiao.
- Reactivar a construción do proxecto de estación intermodais pendentes, como a de Lugo, infraestrutura clave para a articulación do transporte público.
- Vías de alta capacidade: activar o desenvolvemento de autovía A-59 libre de peaxe entre Pontevedra e Vigo, licitar a redacción dos proxectos da A-76 tendo en conta todas as cautelas medioambientais que afecten a bens patrimoniais e culturais da Ribeira Sacra e licitar a redacción dos proxectos dos tramos da autovía A-82 San Cibrao - Barreiros e conexión coa A-8
- Portos de interese xeral. Desenvolver os proxectos dos accesos ferroviarios aos portos de interese xeral galegos e reclamar do Goberno un cronograma coas súas fases de execución.”

Proposta de resolución nº 17

POTENCIACIÓN DOS AEROPORTOS GALEGOS

Á vista dos resultados dos aeroportos galegos, que no seu conxunto continúan a perder viaxeiros dende o ano 2011, situación que contrasta co crecemento continuado do aeroporto de Porto, que nestes momentos ocupa unha cota de mercado no noroeste que supera amplamente o 60 %, e que excede nun 50 % a suma dos tres aeroportos galegos.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar, recuperar e potenciar as distintas rutas dos aeroportos galegos, obedecendo a un esquema diferente ao avanzado polo Ministerio de Fomento a través do seu Comité de Rutas, e que proceda, xa nos orzamentos para o 2015, a establecer un aumento dos fondos para lograr unha potenciación de voos nos tres aeroportos galegos que non resulte discriminatorio e sexa acorde coa normativa legal existente.”

Proposta de resolución nº 18

MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE METROPOLITANA

O enorme aumento da débeda pública en Galicia durante os últimos anos non se corresponde – tal e como debera - coa realización de infraestruturas. Os plans ou obras neste sentido anunciados son adiados e descoñecido calquera calendario de execución. Un dos exemplos máis clarificadores o constitúeo o que ten por obxecto a execución e o mantemento das estradas galegas e a mellora da mobilidade, que fora anunciado con gran propaganda mediática no ano 2010.

Pero o certo resulta ser que o grao de execución dos gastos de capital orzados, resulta ser alarmantemente cativo, e así soamente para o último ano 2013 se deixaron sen executar dotacións para investimentos por importe de 550 millóns de euros. Aproximadamente, un de cada tres euros orzados para investimentos non chega a executarse. Incluso para o que se leva gastado neste exercicio de 2014 (ao mes de xullo), o volume de execución destes gastos de capital resulta ser dun débil 23 %, cunha caída respecto ao mesmo período do ano anterior do 21 %.

Esta parálise queda igualmente reflectida na información sobre a licitación de obra pública autonómica, que amosa unha media de investimento de menos de 125 millóns de euros para os últimos dous anos(2012-2013), o que vén a representar menos da cuarta parte do licitado nos últimos anos da década anterior.

Faise necesario solicitar explicacións da parálise producida neste eido, á vez que demandar que de xeito inmediato se acometan obras importantes que beneficiarían a unha ampla maioría da poboación que reside nas principais áreas galegas.

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar, no actual período de sesións, un cronograma sobre as actuacións dependentes nas principais áreas do noso país, tales como: Rolda Bulevar de Ourense, vía Ártabra na Coruña, cinturón Oeste de Santiago, conexión AP-9 coa AG-64 en Ferrol, roldas Este e norte de Pontevedra, Túnel de Beiramar en Vigo, Plan Paradai e rolda Leste de Lugo, así como para a execución da autovía do Morrazo e o remate urxente da totalidade da relativa á Costa da Morte.”

Proposta de resolución nº 19

UN NOVO PLAN DE RESIDUOS AMBIENTALMENTE ACEPTABLE, COA ANULACIÓN DA SUBA DO CANON

O Goberno galego segue a defender o Plan de residuos de Galicia 2010-2022, fóra da realidade dende o seu inicio, absolutamente xa superado polas circunstancias e afastado da xerarquía comunitaria recollida na Directiva 2008/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello.

Galicia necesita un novo plan de xestión de residuos urbanos, baseado nos seguintes principios básicos:

1º É necesaria unha xestión máis próxima ao lugar da súa xeración.

2º É necesario crear plantas de reciclaxe, separación e valorización do residuo anexas.

3º É necesario que só o rexeitamento sexa tratado en SOGAMA, SA. Así, reduciranse os custos do tratamento e, polo tanto, tamén o canon.

4º Son necesarias un conxunto de solucións ambientais en varias fases.

O Goberno da Xunta incluía nos orzamentos para este ano 2014 un plan de viabilidade cunha previsión de que SOGAMA, SA, terminaría o exercicio de 2013 cunhas perdas de 4.066.781,99 euros. Esta previsión, segundo a Xunta, poñería en quebra a planta de reciclaxe de lixo e foi a que amparou a decisión da Xunta de Galicia de subir o canon de residuos para 2014 a uns 85 euros por tonelada, cunha suba dun 33,5% con respecto ao do ano 2013.

Non obstante, rexistradas as contas anuais de SOGAMA, SA o día 24 de xullo de 2014 consta que as perdas xa non son de máis de 4 millóns de euros, senón de 614.037,41 euros, un 85% inferiores. E sen aplicar a suba do 33,5 % do canon, porque estamos a falar de decembro de 2013.

Grupo Parlamentario

Segundo a Lei de orzamentos para 2014, SOGAMA, SA, ía conseguir uns beneficios de máis de 6 millóns de euros. Coas contas rexistradas en xullo de 2014, xa son máis de 10 millóns, contía que xustifica de sobra non ter que subir o canon aos concellos e, consecuentemente, ás familias galegas.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover a derogación da disposición adicional 21ª e concordantes da Lei de orzamentos para 2014, mantendo o canon unitario de residuos en vigor a 31 de decembro de 2013 e procedendo a devolver aos concellos de Galicia as cantidades cobradas de máis como consecuencia da aplicación da mencionada disposición, ao tempo que a aprobar un novo plan de residuos urbanos adecuado á xerarquía establecida na Directiva de 2008, que promova para SOGAMA a execución da política de residuos da Comunidade, acollendo todos os sistemas de xestión hoxe existentes en Galicia, de forma que se complementen e só os residuos dos demais modelos sexan tratados por incineración en Cerdeda.”

Proposta de resolución nº 20

RECUPERACIÓN DA ENSINANZA PÚBLICA

Nas últimas semana vimos observando como o presidente do Goberno de España, os seus ministros e os diferentes cargos da Xunta de Galicia aseguraban, un día si e outro tamén, que a crise económica pola que estivo pasando o noso país ten chegado ao seu fin, que a ansiada recuperación económica chegou para quedarse definitivamente e que esa recuperación tiña “raíces vigorosas”.

Sendo iso así, o grupo socialista considera que chegou o momento de que os centros educativos galegos empecen a recuperar paulatinamente as condicións que tiñan antes da chegada da crise económica, en cuestión tales como:

O estado de conservación dos nosos centros educativos, pois a ninguén se lle escapa que a partida económica dedicada para obras de reforma, ampliación e melloras (RAM) leva caído de maneira brutal nos últimos anos. Como consecuencia diso, tívose ocasión de referendar como nos últimos meses non houbo Comisión parlamentaria de Educación onde non se tiveran que tratar carencias nos edificios dos centros educativos galegos, e sen distinción entre as catro provincias.

A recuperación dos gastos de funcionamento. Son moitas as direccións de centros educativos que están preocupadas coa drástica redución levada nos últimos anos no capítulo de gastos de funcionamento, cuestión esencial para que os centros poidan funcionar no día a día. A ninguén se lle escapa que os centros viron como aumentaban de maneira considerable os gastos de luz, calefacción, subministracións e compra de materiais funxibles pola propia subida dos servizos e polo aumento do IVE.

A reposición do material didáctico. Son moitas as persoas responsables de

Grupo Parlamentario

centros educativos que están preocupadas pola falta de reposición de equipamentos didácticos, e nomeadamente do material informático. Outra preocupación dos centros ten que ver coa velocidade de acceso a internet en moitas localidades, e fundamentalmente no rural, a pesar das palabras excesivamente optimistas que veñen mantendo nas súas declaracións públicas diferentes responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos últimos tempos.

A recuperación das condicións laborais e profesionais do profesorado. Nestes anos de crise económica perdéronse miles de prazas de profesorado no conxunto do país (cuestión que ten repercutido tamén de maneira moi negativa nas expectativas dos mais novos), que viron como non podían acceder a esta profesión, ao non convocarse novas prazas nas oposicións. O profesorado perdeu nos últimos anos un 30% aproximadamente do seu poder adquisitivo, o que o levou a niveis de renda da década dos 90 do século pasado, e igualmente se constata como moitas persoas do profesorado vocacionais decidiron abandonar e xubilarse anticipadamente por medo ao futuro, por medo a non saber o que lles espera. Sendo iso así, o Grupo Parlamentario Socialista considera que chegou o momento de que o profesorado deste país empece a recuperar progresivamente os “dereitos arrebatados” por decisións tomadas nos últimos anos, e que os centros educativos recuperen tamén de maneira progresiva as partidas que necesitan para gastos de funcionamento, obras de RAM e material de reposición didáctico.

En consecuencia:

“O Parlamento galego rexeita a política de sucesivos e drásticos recortes levados a cabo polo Goberno galego no eido educativo, e íntao a rectificar e modificar as decisións políticas adoptadas nos últimos anos ao respecto, de tal xeito que, en base a un diálogo cos sindicatos máis representativos do sector, sexa acordado un plan de recuperación paulatino dos servizos do ensino, con medidas tales como:

Grupo Parlamentario

- Reparación paulatina das condicións que o persoal profesorado tiña antes da chegada da crise, á vez que convocatoria de oposicións no ano 2015 que permita recuperar a grande cantidade de prazas de profesorado perdidas por mor das xubilacións masivas que se levan producido nos últimos anos e co fin de paliar a lamentable taxa de reposición posta en vigor.
- Restablecemento no ensino obrigatorio do dereito á gratuidade universal dos libros de texto e material escolar, ao tempo que se procederá a derrogar de maneira inmediata a orde que impide que o alumnado con necesidades educativas especiais, escolarizado en centros ordinarios, poidan recibir as axudas de material escolar que necesita.
- Garantir que a posta en marcha da “*F.P. Dual*” non sexa empregada para fins diferentes aos que se anuncia.
- Recuperación progresiva das cantidades de gastos de funcionamento que os centros educativos galegos viñan recibindo con anterioridade e que os está deixando sen marxe de manobra para atender os seus compromisos máis elementais, incluídas as partidas dedicadas a material de reposición de equipamentos didácticos e de reposición de material informático.
- Incremento das partidas dedicadas a reformas, ampliación e melloras nos centros educativos, co gallo de evitar que as ditas instalacións queden obsoletas por falta dun mantemento axeitado.”

Proposta de resolución nº 21

REXEITAMENTO DA LOMCE E AUMENTO DE BOLSAS

A LOE foi aprobada no 2006 cun altísimo grao de acordo entre a comunidade educativa, organizacións sociais e forzas políticas. Esa lei, xunto co aumento sostido en varios anos dos orzamentos para educación, permitiu un enorme avance nos obxectivos da Estratexia da UE para o 2020.

Estes logros están agora en perigo ao poñer en marcha o Goberno de Mariano Rajoy unha nova lei educativa (LOMCE) de carácter extremadamente conservador, regresivo para a educación pública e que supón un cambio profundo na organización da educación en España.

A realidade é que para a súa elaboración se serviu dos seus principios ideolóxicos, renunciando á elaboración dun diagnóstico rigoroso, compartido e coherente das necesidades e obxectivos educativos para os próximos anos.

Esta nova reforma abre un camiño tan inxusto como ineficaz, posto que asume que segregando pronto os mozos se reduce o fracaso escolar. As medidas propostas van claramente encamiñadas a excluír, canto antes, do sistema escolar, precisamente a quen máis necesita da escola, e a formar os nenos e os mozos expresamente con criterios competitivos.

Unha nova lei que se utiliza como elemento arreboladizo entre españois, que busca degradar as linguas cooficiais, á vez que promove un proceso de re-centralización que obvia a contribución das CCAA á mellora da educación en España.

Dende logo, non se entende que razóns, fóra das puramente ideolóxicas, avalan o fortalecemento do ensino da Relixión Católica e permiten

Grupo Parlamentario

eliminar a Formación Cívica da Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos.

Unha lei que mostra unha desconfianza preocupante cara aos docentes e que pon toda a súa fe nas reválidas, as avaliacións e os ránkings.

En definitiva, unha reforma educativa que supón un menoscabo cara á escola pública e que demostra unha profunda desconfianza sobre o papel indispensable e positivo que xogou no desenvolvemento dos últimos trinta anos en España.

Por outra banda, e para garantir a efectiva igualdade de oportunidades, o noso país foi un exemplo nos últimos anos no avance na educación superior, e hoxe temos os índices máis altos de éxito académico, arredor ao 78 %. Un dato que se se compara cos datos de países da OCDE (70%) e da UE-21 (69 %) mostra o rendemento do estudiantado universitario español.

Desgraciadamente o Goberno do Partido Popular só se dedicou neste tempo a poñer trabas aos estudantes, primeiro coa subida dos prezos públicos de matrícula, máis coñecidos como taxas universitarias, e despois cunha reforma do sistema de bolsas, que efectuou gravemente a igualdade de oportunidades. As bolsas xa non son unha garantía de igualdade no acceso á educación, son un premio para uns poucos. Máis dificultades e menos recursos nos orzamentos para bolsas cando as necesidades para familias e estudantes son maiores por mor da crise económica .

O orzamento que o Ministerio de Educación destina a bolsas e axudas ao estudo caeu un 15,75 % nos dous últimos cursos, o que supuxo que polo menos haxa un descenso de 275 millóns de euros. O balance do Goberno do Partido Popular en materia de bolsas e axudas é unha redución 40 % no número de axudas, e por tanto, a quebra do principio de igualdade de oportunidades na educación.

Grupo Parlamentario

Ao Goberno do Partido Popular este feito non lle preocupou, nunha mostra da súa falta de interese en calquera mecanismo que favoreza a igualdade real no acceso aos dereitos que reconece a constitución a toda a cidadanía deste país .

Así, o Goberno desatende as recomendacións da OCDE, dos partidos políticos á marxe do Partido Popular, das organizacións educativas e do alumnado universitario, ademais de incumprir a lei ao non convocar o Observatorio de Bolsas, un organismo creado para o estudo e a toma de decisións compartidas coa comunidade educativa.

O PP ten o seu propio plan, subir as taxas, reducir e limitar as bolsas e fomentar os préstamos bancarios a universitarios. En definitiva, aumentar substancialmente o financiamento privado da educación superior, tal como suxeriu publicamente a Secretaría Xeral de Universidades.

Os universitarios e as universitarias demostraron a súa valía, o seu talento e o seu esforzo, a pesar de ter un Goberno que se empeña en castigar ao alumnado con menos recursos, negándolles un dereito que a Constitución lles reconece. As bolsas han de garantir a calquera estudante poder desenvolver o seu talento, independentemente da súa capacidade económica.

A política universitaria do PP conduce inevitablemente a unha diminución do número de estudantes universitarios, ao agravamento das dificultades económicas das universidades públicas e á ruptura da equidade no acceso á Universidade; en definitiva, á perda de oportunidades e do talento de moitas persoas mozas.

En consecuencia:



Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia rexeita o actual marco educativo establecido pola LOMCE e insta Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións precisas cara a promover a súa modificación, demandando, en todo caso, do Goberno do Estado que remate con calquera nova medida de redución no gasto educativo, incluída a derogación do novo decreto de bolsas que puxo en marcha co fin de recuperar as condicións contempladas anteriormente.”

Proposta de resolución nº 22

SOSTIBILIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

As universidades teñen un papel clave no desenvolvemento económico sostible porque a educación, a ciencia e a innovación son piares básicos da economía do coñecemento, por iso o seu desenvolvemento debería ser unha achega estratéxica do goberno. Mais lonxe diso, as universidades galegas están nunha situación insostible polos continuos recortes económicos levados a cabo polo goberno e a política de interferencia total que segue o Goberno do Sr. Feijóo.

O descenso do financiamento da Xunta de Galicia para as universidades cifrase nun 15% dende 2009, e o Plan de financiamento do SUG (Sistema Universitario de Galicia), que teoricamente ía garantir a estabilidade e a suficiencia financeira das universidades, vese continuamente incumprido, de maneira que en termos constantes as universidades galegas teñen en 2014 un nivel de financiamento similar ao do ano 2005, é dicir, retrocederon unha década.

Da mesma maneira, estanse producindo fortes recortes dos orzamentos de I+D tanto no Goberno de Madrid como na Xunta, pero é mais grave aínda que a Xunta deixa de investir máis do 20% das partidas destinadas a investigación universitaria.

Por iso é esencial que a Xunta asine coas universidades un novo plan de financiamento 2016-2020, no que se aumenten os recursos económicos de maneira que se achegue de xeito progresivo á media do financiamento na UE da que nos estamos afastando cada vez máis.

A política dos gobernos do Partido Popular en Galicia e en Madrid están producindo unha forte redución do persoal das universidades. Segundo as propias cifras do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas,

Grupo Parlamentario

entre 2012 e 2014 as universidades galegas perderon 500 profesionais, aínda que as cifras reais son maiores. Isto débese á non renovación de contratos, á amortización das prazas - porque non se está producindo nin o 10% de reposición- e á drástica redución de proxectos de investigación.

A taxa de reposición estase percibindo nas universidades como un dos problemas máis graves aos que se enfrontan, tendo en conta, ademais, o alto nivel de envellecemento dos cadros de persoal, por iso é absolutamente necesario anular esa taxa de reposición.

Ademais, produciuse unha forte precarización das condicións laborais con redución de salarios que se deron, sobre todo, nos complementos de excelencia, polo que os máis afectados foron os profesores con mais méritos docentes e de investigación. Todo isto está tendo consecuencias na calidade da docencia.

E tamén hai un claro e sistemático ataque á autonomía universitaria recoñecida na Constitución. En realidade, as universidades galegas están intervidas pola Consellería de Facenda, que dirixe a xestión de recursos humanos das universidades cando non ten competencia para isto..

Todo isto trae unas consecuencias moi graves para as universidades públicas galegas tal como está a denunciar toda a comunidade universitaria.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a comezar de inmediato o diálogo coas universidades galegas para consensuar un novo plan de financiamento do sistema universitario de Galicia 2016-2020, tal que se garanta a súa sostenibilidade, suficiencia e estabilidade orzamentaria e financeira. Os fondos deste novo plan de financiamento deberán ser crecentes e en contía suficiente para conseguir que o Sistema Universitario



Grupo Parlamentario

de Galicia chegue á converxencia coa media dos sistemas universitarios da UE, co obxectivo de chegar no 2020 ao 1'5 % do PIB galego. Todo isto con absoluto respecto da autonomía universitaria en todos os seus ámbitos, especialmente na xestión dos seus recursos humanos, mantendo as actuacións da Consellería de Facenda neste eido nos estritos límites da legalidade vixente.”

Proposta de resolución nº 23

DEREITO A UNHA SANIDADE UNIVERSAL, SEN MÁIS PERDA NA SÚA CALIDADE

O dereito a recibir asistencia sanitaria, ligado á condición de cidadán, era un logro do noso sistema público de saúde que establecía o seu carácter universal e servía, ademais, para protexer a saúde pública no seu conxunto. Para iso os gobernos deben ter a obriga de procurar o financiamento adecuado.

Garantir en Galicia a universalidade da atención sanitaria e que os galegos e as galegas non perdan esa garantía ao residir uns meses fóra de Galicia, repoñendo o orzamento sanitario, debe ser un obxectivo para compartir.

As xubilacións masivas e forzosas levadas a cabo, xunto coa aplicación da cota de reposición do 10 %, provocou unha grave perda na cantidade e na calidade dos recursos humanos do sistema sanitario público, o que sumado aos recortes aplicados aos traballadores e nas súas condicións laborais, á falta de contratación, a manipulación da administración nos concursos para as xefaturas e cargos de responsabilidade e á pretendida aplicación do Decreto de Xestión Clínica, rexeitado pola maioría do persoal sanitario, provocou unha grave fractura entre as persoas que a diario sosteñen o sistema sanitario nesta situación de crise económica, o que compromete seriamente a súa situación futura.

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir a universalidade da atención sanitaria, garantindo que a totalidade da cidadanía en Galicia goce de tal dereito. Á súa vez, co obxectivo de recuperar os recortes levados a cabo en materia sanitaria, deberase repoñer de xeito gradual o volume orzamentario reducido nos últimos anos, de tal xeito que se alcance a mesma porcentaxe sobre o total orzamentario que representaba no ano 2009, debendo proceder a paralizar as xubilacións forzosas entre o persoal sanitario e a repoñer e dimensionar axeitadamente os recursos humanos en consonancia coa demanda que ten o sistema sanitario público galego, devolver ao persoal sanitario as condicións laborais que tiña antes dos recortes, garantir que os cargos de responsabilidade e xefaturas sexan cubertos cos concursos de méritos, suprimir o Decreto de Xestión Clínica e planificar adecuadamente e segundo as necesidades obxectivas existentes a formación a través dos MIR.”

Proposta de resolución nº 24

RECUPERAR O CARÁCTER PÚBLICO DO SISTEMA SANITARIO

Existen sectores da nosa cidadanía que teñen que escoller a diario entre atender as necesidades da familia ou comprar a medicación, incluso tratándose de enfermidades graves ou crónicas, pois aos copagos téñenlles que engadir os prezos desbocados dos fármacos retirados do financiamento público. Ademais, os recortes aplicados nas vacinas están provocando repuntes en enfermidades e graves riscos na saúde dos nosos menores. Débense, pois, anular os novos copagos introducidos e valorar en Galicia a reposición do financiamento público para aqueles fármacos que recomendan os expertos, e completar o calendario de vacinación segundo esixe a comunidade científica.

A experiencia ten evidenciado dentro e fóra de España que as privatizacións en sanidade non resultan, fracasaron, pois á larga son moito máis caras e ademais obteñen peores resultados en calidade. Por iso non se xustifica o empeño do Goberno Feijóo por avanzar na privatización do sistema sanitario público galego, incluído o estritamente ligado coa parte asistencial (laboratorio , radioloxía ,esterilización ,tecnoloxía, investigación).

Reverter as que están en marcha e anular todas as formulas previstas de financiamento público privado e as privatizacións tanto no referente a prestación de servizos sanitarios, adquisición de tecnoloxía, das infraestruturas sanitarias ou da xestión das mesmas, como centralizar a compra de material e subministración pero con xestión e financiamento públicos

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a anular os novos copagos introducidos, valorar a reposición do financiamento público para aqueles fármacos que recomentan os expertos, retirar de forma clara e definitiva o copago para os fármacos de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria e completar o calendario de vacinación segundo esixe a comunidade científica. Igualmente no tocante ás súas finanzas, o Goberno autonómico renunciará ás formulas de financiamento público - privado, revertendo as que estean en marcha e rexeitando as privatizacións, tanto no referente á prestación de servizos sanitarios, adquisición de tecnoloxía, xestión ou compra de materiais e subministracións, como para realización de infraestruturas sanitarias, debendo poñer neste ámbito en marcha a totalidade de centros de saúde e a ampliacións de hospitais comprometidos.”

Proposta de resolución nº 25

TRANSPARENCIA NAS LISTAS DE ESPERA SANITARIAS

Continúanse sen coñecer a realidade das listas de espera aínda despois de que polo Partido Popular se aprobara en solitario a Lei de garantías sanitaria,s que permite a derivación masiva á sanidade privada dos e das doentes cando non se cumpran os prazos que nesta norma se recollen. Ademais estamos comprobando a diario que mentres a conselleria pecha camas verano e inverno e presume da situación da espera sanitaria, a cidadanía protesta a diario e acode ata o Valedor do Pobo en busca de amparo.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia acorda, logo dos trámites regulamentarios oportunos, a constitución dunha comisión de estudo non permanente para coñecer a situación real das listas de espera e as posibles solucións para a súa redución, imposibilitando, ata os seus resultados e conclusións, peches de camas hospitalarias e a modificación das horas de actividade cirúrxica, consulta e probas na rede publica.”

Proposta de resolución nº 26

NINGUNHA FAMILIA SEN INGRESOS

Unha das escasísimas partidas que medra nos orzamentos do Goberno de Galicia ano tras ano, é a da renda de inclusión social de Galicia (Risga), o cal vén constituír a proba máis evidente do fracaso nas políticas sociais por parte da Xunta de Galicia. A pesar de que cada vez é máis difícil para as persoas en risco de pobreza ou exclusión social o acceso a esta prestación, polas trabas burocráticas e o atraso na súa concesión que acumula a Xunta de Galicia, que trata de aforrar tamén na pobreza, a partida orzamentaria esgótase á metade do exercicio económico. Para este ano 2014 o orzamento inicial foi de 39,7 millóns de euros o que representa, en función da poboación que ten Galicia, un 14,45 %, porcentaxe moi por debaixo da que se dá noutras comunidades, como por exemplo Asturias, co 42,49 %, ou Estremadura.

O Goberno galego acostuma a incrementar esta partida en aproximadamente 4 millóns de euros máis cada ano, como o vén facendo nos anos 2012 e 2013. A tramitación da Risga é confusa, farragosa e lenta. Os datos do Goberno galego non son transparentes, nada que ver por exemplo con outras comunidades, que publican mes a mes na súa web oficial os datos de solicitantes, beneficiarios, espera, contías económicas, etc.

A nova Lei de inclusión social, que ven a substituír á lei que regulaba a Risga, non garante o financiamento para que ningunha persoa en risco de pobreza ou exclusión social quede sen atender en Galicia, e unha vez máis desbota a cooperación e colaboración cos gobernos locais, auténtica porta de entrada das persoas sen recursos no sistema.

As axudas a concellos para contratar a persoas en risco de exclusión están infradotadas orzamentariamente e, polo tanto, esgotadas antes de que se remate o prazo da presentación de solicitudes, sen que na súa concesión se

Grupo Parlamentario

actúe con criterios obxectivos en canto á porcentaxe de pobreza/concello/persoas en risco de exclusión, etc.

A taxa de pobreza en Galicia medrou arredor dun 16 % nos dous últimos anos (2013 - último dato do que se ten información - ao respecto do 2011), segundo mostra a enquisa de condicións de vida da Estratexia Europa 2020, segundo indicador AROPE da UE, que mide a taxa de risco de pobreza ou exclusión social. Para o 2013 situábase no 24,3 %, mentres que, dous anos antes estaba no 21,0 %, cun diferencial para Galicia ao respecto dos índices estatais decrecentes (de – 5,7 puntos no 2011, pasouse a – 3 puntos no 2013, case que a metade).

O número de familias que chegan con dificultade ou moita dificultade a final de mes tamén aumentaron en cerca de 40.000 na actual lexislatura. E os fogares nos que non entra ningún ingreso duplicouse dende que governa o Partido Popular, chegando a cerca de 33.000. Esa debe ser a prioridade que debe atender por parte dos poderes públicos: dar cobertura a través da Lei de inclusión social a todas as persoas que non teñan ingresos, hoxe absolutamente incumprida por non achegar os recursos necesarios.

O aumento da recadación en base a unha maior progresividade fiscal en impostos como o do patrimonio ou do IRPF para as persoas con maiores rendas, a posta en funcionamento dun imposto sobre os depósitos bancarios (desbotado polo Goberno galego, a diferenza co doutros gobernos de distintas comunidades autónomas), a loita contra a fraude fiscal, unido ao establecemento dun novo fondo de Garantía do Estado do Benestar, deben ser as bases fundamentais para dotar de recursos suficientes para poder abordar este cometido fundamental.

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aumentar o número de persoas perceptoras dunha renda social ata alcanzar da orde das 33.000, contía similar á das familias sen ingresos na nosa Comunidade, ao tempo que a resolver os expedientes da renda de inclusión social de Galicia sen máis demora, garantindo o tempo máximo de espera contemplado na lexislación vixente, contemplando na correspondente partida orzamentaria uns fondos por importe próximo aos 180 millóns de euros anuais.”

Proposta de resolución nº 27

REFORZO DOS SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS

O Goberno da Xunta de Galicia amosa nestes últimos cinco anos un denodado esforzo por suprimir competencias das administracións máis preto da cidadanía, os concellos, en materia de política social. Todas as reformas da lexislación vixente inciden no obxectivo de arrebatarse competencias aos concellos e diminuír a súa presenza en todos os órganos consultivos ou de execución das políticas sociais. Como exemplos:

- *Pecharon as oficinas de inclusión social das sete cidades e do Consorcio das Mariñas e as oficinas de inmigración*
- *Coa reforma da administración local as competencias que tiñan os concellos de menos de 20.000 habitantes en materia de servizos sociais préstanse agora en absoluta precariedade e con moitos atrancos e reparos de legalidade polos habilitados estatais, tendo como consecuencia que moitos servizos xa non son posibles atendelos por eses reparos.*
- *O Decreto de servizos sociais empurra á privatización, transfírese as competencias ás deputacións e, con menores recursos para o seu financiamento, provoca máis participación das persoas usuarias nos custos dos servizos e máis obrigas para os gobernos locais sen o financiamento correspondente.*
- *Derrógase de feito a Lei de servizos sociais, aplicando a ideoloxía que rezuma a reforma da Administración local de Rajoy tamén en Galicia neste eido. A Xunta é agora a que lles di aos gobernos locais se poden ou non dar un servizo social determinado, en función non da necesidade deste servizo, senón da súa rendibilidade económica.*

Grupo Parlamentario

- *Recorte brutal do Plan concertado cos gobernos locais, cun 65 % menos de fondos para os concellos nos dous últimos anos. Nada para políticas de integración de inmigrantes (mediadores interculturais) e pónense en risco as axudas ao fogar e aos educadores familiares.*
- *A Axencia de Servizos Sociais, que substitúe o Consorcio Galego de Servizos Sociais, sacou do medio os concellos, e onde antes todos os concellos adheridos ao Consorcio tiñan presenza na Asemblea Xeral, agora só hai cinco representantes dos gobernos locais nos órganos de dirección.*

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a apostar pola cooperación e reforzo dos servizos sociais dos concellos, restituíndo os recortes feitos nos últimos cinco anos e recuperando o diálogo institucional coa primeira porta de entrada nas administracións públicas das persoas en dificultades, debendo, entre outras medidas, garantir a presenza dun equipo de inclusión sociolaboral en cada concello de máis de 20.000 habitantes e nas agrupacións de concellos de ata 20.000 habitantes, recuperando os equipos de inclusión e reabrindo as oficinas de inmigración de Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense e Lugo.”

Proposta de resolución nº 28

ACHEGAMENTO AOS RATIOS EUROPEOS EN DOTACIÓNS SOCIAIS

O presidente da Xunta de Galicia a cotío fai declaracións, incluso no Parlamento de Galicia, en relación coas prazas públicas creadas nas distintas prestacións en materia de Servizos Sociais e dependencia. O Grupo Parlamentario Socialista solicitou por todas as vías que o Regulamento da Cámara permita, a concreción desas prazas públicas, a súa localización, función, etc., sen que ata a data existira ningunha resposta algunha ao respecto.

Na realidade non se están creando prazas públicas de atención ás persoas maiores, persoas con discapacidades, infancia, ou cando menos nalgúns dos servizos non se crean en función da demanda nin das ratios doutras CCAA, cando a demanda é cada vez maior. Como moito e para paliar estas carencias, concértanse prazas con entidades de iniciativa social e emprégase a contratación con empresas privadas. Ao mesmo tempo, ante a falta evidente de prazas públicas, recórtanse as libranzas en materia de dependencia que cubrían a deficiencia das prazas públicas, sobre de todo nos contornos rurais.

En consecuencia:

“ O Parlamento de Galicia insta ó Goberno galego a equiparar, no prazo máximo de cinco anos, a dotación de prazas públicas de centros de día, residencias para persoas maiores, escolas infantís e centros de inclusión, á ratio media da Unión Europea.”

Proposta de resolución nº 29

CUMPRIMENTO DA LEI DA DEPENDENCIA

Coa publicación do Real decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, o Goberno do Partido Popular aséstalle o primeiro golpe mortal ao desenvolvemento do sistema de axuda á dependencia, posto que a nova normativa dificulta o acceso das persoas en situación de dependencia aos servizos e prestacións e míngua sensiblemente o aporte financeiro estatal aos xestores autonómicos.

A partir de aí diminúen as persoas atendidas, desanténdense e abandoanse aquelas que estiveran nunha xa insoportable lista de espera, redúcese a intensidade dos servizos, suprímense as cotizacións á Seguridade social das persoas cuidadoras, minóranse as contías das prestacións económicas e incrementan os copagos.

O Goberno galego afirma permanentemente, como se fose un triunfo, que hoxe hai máis persoas atendidas que cando chegaron ao goberno e menos lista de espera, obviando que nun sistema de implantación progresiva das atencións, a medida que pasa o tempo, se teñen por forza que incrementar as persoas no sistema.

Os últimos datos de persoas dependentes con dereito á atención de principios deste verán indican que se está por debaixo xa das cifras que presentaba o sistema a mediados de 2011, afectando a diminución de persoas con dereito á atención a todos os graos de dependencia. As novas altas non compensan as baixas producidas, presentando saldo negativo dende agosto de 2012.

A Administración xeral do Estado, en vez de incrementar o seu aporte ata chegar ao 50 % como estaba comprometido, cada vez diminúe máis, e se

Grupo Parlamentario

nos governos Zapatero se acadou unha porcentaxe arredor do 40 %, co goberno Rajoy xa foi rebaixada ata o 20%.

As solicitudes sobre o total da poboación son inferiores á media do Estado - Galicia 2,86 %, 79.240 persoas; Estado 3,44- , cuestión relevante tendo en conta o envellecemento da nosa poboación.

Os ditames sobre o total da poboación tamén son máis baixos que a media estatal (Galicia 77.616, 2,81 %; Estado 3,22 %; Andalucía 4,08 % e Asturias 3 %)

As persoas con dereito recoñecido e pendentes de atención, o chamado "limbo da dependencia", son en Galicia moi superiores á media do Estado; de feito somos a terceira Comunidade con máis persoas sen atender, só por detrás de Canarias e Murcia (Galicia 31,50%; media estatal 20%; Andalucía 26,6%, Asturias 13,30%).

En Galicia os beneficiarios neste momento son 36.645 persoas, o 1,32% da súa poboación, por debaixo da media estatal (1,54%). (Andalucía está no 1,86%, Asturias no 1,40%).

Tamén perdemos poboación atendida, por encima da media estatal, cun crecemento neto interanual negativo do -1,59% (no Estado do -1,5%).

O gasto público en dependencia por habitante/ano está por debaixo do 90% do gasto medio estatal. É dicir, Galicia gasta 90,65 euros mentres que a media do Estado é de 109,60 euros (Andalucía 112,94, Asturias 93,08 euros)

Perdemos ditaminados grao III, grandes dependentes, por encima da media estatal (Galicia -9,63%, Estado -5,95%).

Hai, como vemos pola evolución dos datos un desmantelamento na

Grupo Parlamentario

práctica da Lei da dependencia. Aínda que segundo as estatísticas o esforzo doutras CCAA está paliando en parte esta tendencia en Galicia, non hai ningunha política de contención ao desastre orixinado pola lexislación estatal.

Só así se explica que despois de todos os recortes anteriores o Goberno galego emprendera unha reavaliación económica de todas as persoas que tiñan o dereito recoñecido, estiveran ou non percibindo prestación algunha no pasado mes de abril.

Avaliación que non diferencia entre patrimonio e patrimonio dispoñible e que empeza a ter como resultado, ao longo deste verán, as notificacións ás familias, con reducións que se sitúan nun promedio do 40% (aínda non se coñecen datos oficiais).

Moitas familias téñense que plantexar de novo que facer con estas persoas dependentes, porque as novas prestacións non lles permiten mantelas por exemplo en atención residencial

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a retirar as novas avaliacións feitas ás persoas dependentes, mantendo os dereitos recoñecidos ata a data de acordo coa lexislación existente ao efecto, agás para aquelas cuxa situación empeore e precisen novas avaliacións, a efectos de evitar recortes nas prestacións outorgadas. Deberá estar asegurado que na determinación do sistema de participación das persoas usuarias non haberá novos copagos nin incremento dos xa existentes, ao tempo que se demandará do Goberno do Estado que impulse un amplo acordo para garantir a súa sostibilidade, evitando ata entón calquera nova medida de recorte sobre as prestacións.”

Proposta de resolución nº 30

ATENCIÓN INELUDIBLE AOS BENS DE INTERESE CULTURAL

Ante o incumprimento sistemático por parte da Xunta de Galicia de actualizar o catálogo de bens declarados de interese cultural, o desleixo institucional, e o incremento das denuncias sobre o estado de abandono e a falta de vixilancia, protección e seguimento sobre o estado de conservación de moitos deles, feitas por asociacións e, mesmo directamente, pola cidadanía, cómpre artellar un remedio de urxencia para salvagardar o noso patrimonio cultural, de xeito que a crise económica non se converta, nun novo pretexto xustificativo da dramática situación na que se encontra.

En consecuencia:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que constitúa, con carácter urxente unha comisión de persoas expertas para que, no prazo máximo de seis meses, emitan un informe sobre o estado de conservación no que se atopan os diversos bens inmobles catalogados como de interese cultural, sinalando aqueles que requiren de actuacións inmediatas. A Xunta de Galicia, por si mesma ou en colaboración con outras autoridades, elaborará un plan programado de actuacións destinado a protexer e salvagardar ese patrimonio cultural."

Proposta de resolución nº 31

IMPULSAR O IDIOMA PROPIO

A lingua galega vive, no dicir dos especialistas e segundo os últimos datos cos que se conta, e está a padecer un momento de involucionismo e retroceso sen precedentes na historia democrática de Galicia. Tanto no sector da edición como no ámbito educativo, na Administración de Xustiza e mesmo nas relacións da cidadanía cos poderes públicos o descenso dos indicadores acada cifras moi preocupantes, sen que nada se estea a facer dende a Administración autonómica.

En consecuencia:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore e presente, no prazo de seis meses en sede parlamentaria, un informe sobre o grao de cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística, a valoración que lle merecen os primeiros efectos producidos sobre a lingua galega pola nova lexislación educativa e o chamado Decreto do plurilingüismo. Así mesmo, detallarase por sectores a situación real da lingua galega no seu uso como lingua oficial, co fin de adoptar as medidas necesarias para reaccionar fronte á situación de involución e deterioración que está a vivir."

Proposta de resolución nº 32

DEFENSA DOS DEREITOS E A INTEGRIDADE DA MULLER

A cidadanía no seu conxunto e de forma moi especial as mulleres estaban moi de acordo ca Lei de saúde sexual e reprodutiva e interrupción Voluntaria do embarazo promovida polo Goberno Zapatero, lei aprobada cun claro consenso como evidenciaron as masivas mobilizacións na súa defensa, polas cales o actual Goberno do Estado veuse obrigado a retirar o anteproxecto de lei que pretendía suprimila anulando o dereito das mulleres a decidir. Mesmo tal circunstancia provocou a expulsión do Goberno central dun ministro. Sen embargo, o partido popular ten presentado un recurso ante o Tribunal Constitucional á lei impulsado polos socialistas situación inexplicable, así que por coherencia e ética política debe solicitarse a retirada do recurso interposto.

A situación de crise dispara as desigualdades, e a que existe entre os homes e as mulleres tamén, como reflicten os datos de violencia machista e de xénero. Por iso, os gobernos nestas circunstancias teñen que poñer especial coidado nestas políticas e reafirmar os seus compromisos orzamentarios cas mesmas, aínda que lamentablemente o Goberno Feijóo leva reducindo drasticamente os recursos destinados a esta finalidade.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a defender os dereitos e a integridade das mulleres, promovendo a retirada do recurso interposto polos deputados e deputadas do Grupo Popular ante o Tribunal Constitucional contra a actual Lei de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo, así como a cumprir e desenvolver ás leis contra a violencia de xénero estatal e galega, incluíndo o compromiso de completar o mapa dos xulgados de violencia de xénero.”

Proposta de resolución nº 33

RECUPERAR O PODER ADQUISITIVO DAS PERSOAS TRABALLADORAS PÚBLICAS

O cadro de persoal público vén sufrindo con severidade a crise, acumulando durante os últimos cinco anos unha perda do seu poder adquisitivo insoportable. Non é comprensible ademais que, pese ás “raíces vigorosas” da recuperación, se mande novamente para o 2015 unha nova conxelación nas súas retribucións; mais cando o estímulo do consumo interno constitúe unha das pezas para acadar un maior crecemento e unha máis pronta recuperación, e mesmo desoíndo as recomendacións de diversos organismos internacionais (OCDE, OIT, etc.) que alertan das consecuencias negativas que tiveron sobre a economía os recortes salariais. Cando se estima un aumento do PIB para o exercicio do 2015 dun 2 %, parece incoherente que tal cuestión non teña ningunha consecuencia sobre os salarios do persoal público. Cabe recordar que os propios responsables políticos do Partido Popular prometeran recuperar as retribucións e dereitos laborais arrebatados en canto mellorara a situación económica.

Os anuncios dunha recuperación, mesmo parcial, do importe da paga extra de 2012, non constitúe ningunha prebenda, senón que é un dereito recoñecido por numerosas sentencias dos tribunais de xustiza, sen que ademais, en ningún caso, se poida considerar tal contía mínima como negociable ou como elemento de compensación aos sacrificios do persoal público. Cabe recordar que o Partido Popular votou en contra dunha Proposta de lei presentada polos socialistas para o abono de tal retribución.

Igualmente continúaase a establecerse limitacións de acceso para novo persoal a través da taxa de reposición, que dados os antecedentes de anos anteriores e do seu límite nun escualido 10 % (aínda que se eleva ao 50 %

Grupo Parlamentario

para o 2015), resulta incompatible coa prestación eficiente de diversos públicos fundamentais, tales como a docencia - incluído o persoal universitario e investigador - , a sanidade, os servizos sociais, etc.

Debe pois comezarse a reverter tal situación e frear a perda de persoal que están a sufrir as administracións.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a reverter a situación do cadro de persoal público nos seus dereitos laborais e salariais finalizando coa perda do seu poder adquisitivo, para o cal, a través das partidas correspondentes nos orzamentos para o 2015, entre outras cuestións, recuperaranse os importes da totalidade das súas pagas extras e se procederá ao abono no primeiro trimestre do ano que vén das cantidades indebidamente deixadas de abonar no pasado, instando ao Goberno do Estado a que transfira o financiamento necesario, ao tempo que se reclamará que proceda a fixar no 100 % a taxa de reposición para servizos públicos fundamentais como a educación, a sanidade ou os servizos sociais.”

Proposta de resolución nº 34

A XUSTIZA COMO SERVIZO PÚBLICO DE PROXIMIDADE

A reforma da Lei orgánica do Poder Xudicial, pese aos cambios anunciados ao respecto da súa formulación inicial, terá consecuencias moi negativas para os actuais corenta e cinco partidos xudiciais de Galicia. Logo das reclamacións logrouse acadar a súa permanencia nas sete grandes cidades galegas, pero tamén deben garantirse na súa totalidade actual para que continúen como unidades xurisdicionais con competencias plenas e coa dotación completa no relativo aos seus recursos humanos e materiais.

Porque a reforma lexislativa anunciada e apoiada dende a Xunta de Galicia, na realidade comportará a desaparición dos actuais partidos xudiciais, afastando á cidadanía dos seus dereitos a unha xustiza igualitaria, co que supón de retorno ao século XIX, e á discriminación da cidadanía fronte á xustiza, diferenciando de facto o seu acceso en función da situación económica. Cuestión na que xa incidira de xeito evidente a implantación das taxas xudiciais, que vén a suprimir os dereitos das persoas sen recursos. Incluso recentemente o novo Ministro de Xustiza vén a anunciar a modificación de tal norma, a cal tiña en Galicia unha maior incidencia da totalidade das comunidades autónomas.

Faise necesario defender unha xustiza de calidade que garanta o efectivo acceso ao dereito fundamental dunha tutela xudicial efectiva e defender a xustiza como institución e como servizo público.

Igualmente, é preciso reclamar o mantemento dos rexistros civís no eido da Administración de xustiza, nos xulgados existentes, freando a súa privatización e defender a xustiza de Proximidade e de Paz, en defensa do mantemento do acceso universal da cidadanía e sen condicións discriminatorias.

 Grupo Parlamentario

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a exixir ante o Goberno do Estado no ámbito xudicial:

- A retirada da reforma da Lei orgánica do Poder Xudicial en trámite e defender o mantemento de todos e cada un dos partidos xudiciais existentes en Galicia, conservando plenas funcións xurisdicionais así como, ao menos, a totalidade do persoal existente en cada un deles.
- a derogación da coñecida como Lei de taxas, eliminando o copago que restrinxe o acceso á tutela xudicial efectiva de todas as persoas.
- A rectificación na privatización dos rexistros civís de Galicia.”

Proposta de resolución nº 35

RECUPERAR PARA OS CONCELLOS AS POLÍTICAS DAS PERSOAS

A reforma da Administración local promovida polo Goberno central, supón un novo paso cara á privatización dos servizos públicos que prestan os concellos e un ataque frontal ao municipalismo, ao tempo que encubre un recorte ao financiamento local e, polo tanto, ás accións sociais que as entidades locais veñen prestando. A modificación realizada nada ten que ver coa eficacia, ni coa mellor xestión, senón que ten por finalidade suprimir servizos prexudicando á cidadanía.

Dita normativa estatal foi rexeitada de xeito unánime pola Federación Galega de Municipios e Provincias, polo baleirado de competencias que provocaba, sendo obxecto dun recurso de inconstitucionalidade por parte de múltiples concellos.

A lei estatal recollía que as competencias que actualmente exercen os concellos en materias como sanidade, ensino e servizos sociais, pasarían a ser asumidas polas comunidades autónomas. A resposta da Xunta de Galicia foi a de promover unha serie de medidas urxentes que, lonxe de clarificar, provocaron máis inseguridade xurídica e confundiron interesadamente duplicidade de servizos e complementariade, á vez que se deseñou un sistema onde o propio executivo galego é o que valorará, en cada caso, a oportunidade, o contido e o impacto das competencias que poidan ser delegadas. Lonxe de blindar competencias, vén de ratificar a precariedade do mundo local galego.

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento galego rexeita as reformas legais da Administración local aprobadas no último ano promovidas polos gobernos central e autonómico, e co obxecto de defender os principios de autonomía local, suficiencia financeira e respecto a identidade territorial galega, insta a Xunta de Galicia a emprender as accións institucionais, políticas e legais que sexan necesarias para modificar tal normativa fundamental ata alcanzar, ca participación do asociacionismo municipal, un amplo consenso e revertir a situación actual. Ata que tal lexislación sexa modificada, a Xunta de Galicia deberá garantir o financiamento aos concellos do custo real dos servizos sociais.”

Proposta de resolución nº 36

LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN

O Parlamento creou no ano 2013 unha Comisión de estudo para a prevención da corrupción que coñeceu a opinión e as experiencias dos principais expertos de Galicia e de España. Ficou establecido que a corrupción é un fenómeno estrutural que se manifesta en condutas individuais que so pode evitarse con mecanismos estables de transparencia e de control, así como impulsando unha cultura pública da integridade. A maioría da Cámara non permitiu que esa Comisión chegara a elaborar un Ditame con propostas.

Nas audiencias celebradas demandouse a implantación de maior transparencia en aspectos como:

- *Declaracións de patrimonio e intereses de todo os altos cargos*
- *Rexistro de viaxes dos altos cargos con indicación de obxectivos e resultados*
- *Cadro de persoal: número de efectivos, distribución por categorías e custos*
- *Oferta pública de emprego e procesos de selección de persoal*
- *Parque inmobiliario propio, alugado e adscrición*
- *Número de vehículos oficiais, de representación e de servizo, así como teléfonos móbiles oficiais*
- *Importe total de dietas e gastos de viaxe*
- *Retribucións de cargos políticos e persoal eventual así como “curriculum vitae” dos primeiros*
- *Acordos, pactos e convenios colectivos*
- *Portal de compras e contratacións de obras e servizos, incluíndo contratos menores;*
- *Memoria xustificativa dos principais investimentos, precisando custos e beneficios sociais ou económicos*

Grupo Parlamentario

- *Orzamentos en vigor, liquidacións dos anteriores así como informes e auditorías relacionados.*
- *Gastos de propaganda, publicidade, convenios con medios de comunicación*
- *Axudas, subvencións e convenios*
- *Endebemento, indicando evolución e cadro de amortización*
- *Concesións administrativas, con expresión das principais magnitudes*
- *Custos reais de cada actividade ou servizo*
- *Documentación relativa ós instrumentos de planeamento urbanístico (nos concellos.*
- *Identificación de todo o persoal asesor ou de confianza, con indicación dos seus cometidos e retribucións.*

En consecuencia:

“O Parlamento expresa o máis firme compromiso na prevención e persecución de todo tipo de condutas ilícitas asociadas a delitos de corrupción e cometidas por autoridades electas, altos cargos das administracións públicas ou funcionarios e funcionarias. A tal efecto promoverá un pacto institucional pola integridade, coa participación de institucións, axentes económicos e sociais e organizacións non gobernamentais, orientado a promover valores e condutas éticas en todos os aspectos da vida pública, instando o Goberno a implantar unha rigorosa avaliación de plans e programas, á elaboración de plans de risco da corrupción, a unha ampla redución de postos de libre designación na Administración e á creación dun Portal web de transparencia.”

Proposta de resolución nº 37

REFORMAS ELECTORAIS DE CONSENSO

A lei electoral forma parte das normas básicas reguladoras da convivencia democrática e, polo tanto, necesita dun amplo consenso que evite a tentación de utilizala en beneficio do Goberno para alterar o resultado das consultas electorais.

En consecuencia:

“ O Parlamento expresa a súa vontade de requirir maioría cualificada de 2/3 para aprobar calquera modificación da Lei electoral vixente en Galicia e, insta a Xunta, a trasladar ese criterio ao Goberno de España en relación coa LOREG, ao tempo que a dar traslado para que promova nesta norma a supresión do voto rogado, procedendo á creación de circunscricións electorais no exterior que posibiliten o voto individual en urna no país de residencia. Igualmente insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España a necesidade dunha drástica redución do número de persoas aforadas, promovendo as normas xurídicas oportunas.”

Proposta de resolución nº 38

UN PARLAMENTO ÁXIL

As disfuncións do actual Regulamento da Cámara son coñecidas e veñen provocando continuos problemas que dificultan o tratamento áxil dos problemas da sociedade galega. Cómpre abordar unha modificación que modernice o texto e supere os atrancos actuais, ao tempo que garantir que pola Cámara galega se cumpra co mandato encomendado ao respecto dos nomeamentos que lle corresponde realizar e que ata agora a actual maioría parlamentaria tivo paralizados.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia acorda, logo dos trámites parlamentarios oportunos, a constitución con carácter inmediato dunha Ponencia conxunta co obxecto de acordar, no prazo máximo de seis meses, unha Proposición de lei para a reforma do Regulamento da Cámara galega que, entre outras cuestións, promova: a comparecencia das persoas titulares das consellerías no caso de non facilitar a información requirida; o reforzamento do papel da Comisión de Peticións; a posibilidade de constitución de comisións de investigación cun número de votos favorables dunha terceira parte do total; o aumento substancial dos períodos de sesións ordinarias; a posibilidade para que na labor lexislativa, se poida requirir da Xunta de Galicia os antecedentes ou documentación necesaria, así como a presenza de altos cargos ou daqueles colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola norma que se propón; garantir unha presenza equilibrada e non exclusivamente en función da maioría, das comparecencias solicitadas polos grupos parlamentarios; e establecer uns menores prazos na tramitación das iniciativas. Igualmente a Cámara galega deberá levar a cabo, no actual período de sesións, os nomeamentos pendentes respecto aos órganos institucionais ou executivos que ten encomendado e que están pendentes de renovación.”

Proposta de resolución nº 39

CONCLUÍR CA DISCRIMINACIÓN DOS FONDOS PÚBLICOS E INCLUÍR CLÁUSULAS SOCIAIS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA

Na historia política de Galicia, a persistencia das políticas clientelares practicadas pola dereita ten un longo percorrido e o tradicional caciquismo tense mantido ata a actualidade en moitos casos, véxase Baltar na provincia de Ourense ou Louzán na de Pontevedra.

Pero o vello caciquismo tradicional tamén ten evolucionado cara formas máis sofisticadas de utilización dos resortes da xestión política e a Administración pública para favorecer as forzas que gobernan, no caso galego o Partido Popular.

O presidente Feijóo mesmo no seu discurso de investidura, falou con énfase, como sole facelo, de “gobernar para todos”. Lamentablemente a práctica dos seus gobernos teñen desmentido neste quinquenio nefasto para a calidade democrática de Galicia tal afirmación.

Falta de transparencia e discrecionalidade nas decisións políticas a favor dos intereses electorais do Partido Popular están na mente de toda a cidadanía desta Comunidade Autónoma. Responsables políticos das corporacións locais do PP, teñen un trato claramente favorable en termos orzamentarios, e mesmo institucionais, fronte a gobernos doutros cores políticos.

Esta discrecionalidade se é grave sempre en termos de calidade democrática, é especialmente censurable nun momento de grave crise económica, social e laboral que as políticas do PP non fan máis que afondar. Toda a cidadanía debe de sentirse sempre amparada en igualdade polos poderes públicos; pero, ademais, neste momento difícil para tanta xente, a Xunta de Galicia debería de ser capaz de acadar a altura política

necesaria para, efectivamente, “gobernar para todos”.

Neste sentido son descoñecidos os criterios fundamentais que deberan ser básicas para a execución de determinadas partidas do gasto público, como poden ser o establecementos de convenios sen criterios xustificables, a preveza para efectuar determinadas obras fóra de calquera criterio obxectivo coñecido ou o outorgamento de axudas cunha clara discriminación, como sucede por exemplo no concello de Vigo no relativo ás de fomento do emprego, pois tal cidade recibe menos que un concello da súa área metropolitana que ten vinte veces menos habitantes e menos persoas en situación de desemprego.

É igualmente necesario proceder a incorporar as chamadas “cláusulas sociais” nos pregos das contratacións públicas, no sentido de valorar as ofertas presentadas tamén en función de determinados factores socio-laborais das empresas, tales como contratos indefinidos que posúan, mellora das condicións laborais e salariais, inserción de traballadores e traballadoras con discapacidade e doutros colectivos de especial dificultade de acceso ao emprego, garantías no cumprimento das condicións laborais que ofertaron, mantemento ou ampliación no número de persoal, contratos indefinidos e salarios, etc..; cuestións que deben ser controladas por parte da Administración autonómica, establecendo que a vulneración destas obrigas propiciará as correspondentes penalizacións e incluso poderá ser causa de rescisión ou de prohibición para contratar no futuro.

En consecuencia:

Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a obxectivar e dar a coñecer publicamente os factores para o outorgamento de calquera dotación pública con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, rexeitando a discriminación producida en base a elementos non imparciais e inxustificadas, incluíndo as contías dirixidas ao ámbito local, tal e como está acontecendo para determinados gastos públicos nos últimos anos. Igualmente, o sector público autonómico incluírá novas cláusulas sociais nos procesos de contratación pública que leve a efecto, tal que incidan na mellora das condicións socio laborais e promovan o aumento e calidade do emprego.”

Proposta de resolución nº 40

NOVA POLÍTICA ECONÓMICA EN EUROPA

Neste momentos a construción europea está a merecer un recoñecemento decrecente, posto que a crise actual e a maneira en que está sendo afrontada polas súas institucións, coa posta en marcha de duros programas de saneamento e contención do gasto, inciden nun desigual reparto das cargas e resultan socialmente inxustos.

Para a recuperación económica faise necesario apostar polo crecemento e promover a recuperación dos niveis de emprego e as condicións de salario e seguridade laboral propios dunha economía de benestar, abandonando prácticas puramente liberais no económico.

Os fondos europeos constitúen unha mostra importante que debe ser utilizados para traballar neses obxectivos. Pero a execución por parte do Goberno autonómico de tales dotacións debe ser corrixida para acadar unha xestión máis áxil e eficiente que a lograda nos últimos exercicios. Así, ano tras ano, pódese comprobar que existen importantes dotacións orzamentadas que non son utilizadas. A prórroga de fondos europeos programados para anos anteriores, non pode agochar a lentitude e desidia do Goberno autonómico á hora de xestionar tales programas e así, por exemplo, no FEDER xestionado polas comunidades autónomas, Galicia ten un dos volumes de dotacións pendentes máis alto.

En consecuencia:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para, solicitar do Consello Europeo e das instancias comunitarias, unha nova orientación económica que estea baseada fundamentalmente no estímulo do emprego e no crecemento económico, abandonando as políticas dunha suposta “austeridade” mal entendida e

Grupo Parlamentario

baseada nos recortes sociais. Neste contexto, a Xunta de Galicia deberá tomar as medidas precisas para que o 100 % dos fondos europeos destinados a nosa Comunidade sexan investidos e xustificados dentro dos prazos establecidos, garantindo a disposición de crédito suficiente para facer fronte ao cofinanciamento correspondente, ao tempo que levará a cabo o control necesario para garantir unha utilización correcta de tales fondos poñéndoo en coñecemento da Oficina Europea de Loita contra a Fraude cantas irregularidades se poidan detectar.”

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 08/10/2014 10:18:44

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento para o "*Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. Presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia*", presenta as seguintes **Propostas de Resolución**:

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2014

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 1

O Parlamento de Galicia acorda, co obxectivo de dar un maior impulso democrático e avanzar na calidade da nosa democracia representativa, reforzar as vías de participación dos cidadáns nesta Cámara, con medidas como: a creación dun novo mecanismo de participación que habilite aos cidadáns para presentar proposicións non de lei; completar o proceso de renovación das institucións estatutarias; ou aproveitar o debate aberto no Congreso –a proposta desta Cámara- para promover unha maior participación dos emigrantes nas eleccións.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 2

O Parlamento de Galicia acorda impulsar a aprobación antes de final de ano do ditame da Comisión non Permanente de Estudo para a elaboración dun Plan de medidas de prevención e erradicación da corrupción política que inclúa entre outras as seguintes medidas:

- No ámbito do goberno galego: a mellora na transparencia dos procedementos negociados; limitar a capacidade de actuación dos gobernos en funcións; regular os procesos de traspaso de poderes; e a introdución dunha nova obriga de inhibición dos altos cargos para asuntos que afecten a intereses de empresas nas que eles ou os seus familiares formaran parte dos órganos de decisión nos dous anos previos ao nomeamento.
- No ámbito do Parlamento de Galicia: reformar a Lei do Consello de Contas de Galicia para atribuírlle facultades de prevención da corrupción política.
- No ámbito dos partidos: promovendo un acordo para un financiamento dos partidos restrinxido aos fondos que se fixen nos orzamentos públicos e ás achegas dos seus afiliados e cargos públicos; e cunha diminución no gasto das campañas electorais reducíndoas a 7 días, limitando os espazos habilitados para a propaganda e aumentando e fomentando o contraste de ideas e o debate, tamén nos medios de comunicación.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 3

O Parlamento de Galicia acorda manifestar o seu apoio ao Goberno da Nación nas medidas conducentes a garantir o respecto á Constitución Española de 1978 no atinxente á organización territorial do poder do Estado e insta á Xunta de Galicia a que solicite do Goberno da Nación o potenciamento dos mecanismos de colaboración entre as Comunidades Autonomas e a Administración Xeral do Estado, en particular, potenciando a Conferencia de Presidentes como instrumento que permita ás diferentes comunidades un marco multilateral no que debater os puntos de vista sobre as novas vías para evolucionar na nosa arquitectura institucional e reforzando os vencellos de solidariedade e contribuíndo a consolidar o Estado das Autonomías.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 4

O Parlamento de Galicia acorda manifestar a súa firme condena a todo tipo de actos de terrorismo, como os ocorridos recentemente en Baralla, e ás organizacións terroristas que exercen este tipo de actos como Resistencia Galega; así como expresar o seu rexeitamento a calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou menosvalore a violencia terrorista.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 5

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar impulsando a introdución das tecnoloxías no eido das administracións para facela máis moderna e eficiente e a poñer en funcionamento o Arquivo Dixital Integrado de Galicia, que permita almacenar dixitalmente toda a documentación da Xunta e dos concellos, e comezar así a facer realidade a progresiva eliminación do papel.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 6

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que nas próximas ofertas públicas de emprego que convoque, tanto na Educación como na Sanidade Pública, sexan xa conforme á nova taxa de reposición do 50%, previo diálogo cos sindicatos.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 7

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que co obxectivo de adaptarnos á realidade sanitaria e na liña da Estratexia Galega de Atención Integral á Cronicidade, aborde o proceso de estratificación poboacional por niveis de risco; aprobar o Plan 72 horas de continuidade asistencial a domicilio nos tres días posteriores á alta médica co obxectivo de evitar reingresos innecesarios e igualmente, completar o proxecto de innovación sanitaria xa en marcha a través dos programas Hospital 2050 e Innova Saúde.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 8

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar o proceso de mellora das infraestruturas hospitalarias de Galicia e de xeito concreto:

- Coa licitación da obra de ampliación do Hospital público da Costa en 2015.
- Seguir negociando a cesión dos terreos necesarios para poder acometer a obra do Hospital Publico de Pontevedra.
- Concluír as obras do novo bloque cirúrxico no CHU A Coruña en 2015.
- Finalizar a obra do Novo Hospital Publico de Vigo e comezar co seu equipamento no primeiro semestre de 2015.
- Executar a ampliación do Hospital Público do Salnés co fin de que estea rematada en 2016.
- Executar as obras do novo edificio de hospitalización do CH Ourense co fin de rematalas en 2016.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 9

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar estendendo o uso das novas tecnoloxías no sistema educativo galego, reforzando a Plataforma de Contidos Dixitais, co fin de que ata 25.000 nenos e nenas galegos teñan acceso antes do remate da lexislatura a contidos curriculares completos e gratuítos; así como a continuar a implantación do proxecto Abalar.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 10

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar mellorando a atención dos maiores e das persoas dependentes, ampliando o modelo de carteiras, co inicio da tramitación da Carteira para persoas maiores ou con discapacidade que teñan autonomía; e seguir atendendo ao máximo número de dependentes posible incorporando máis de 2.000 novas altas no sistema antes de fin de ano.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 11

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, no marco do Plan de Dinamización Demográfica de Galicia, inclúa nos orzamentos de 2015 un novo paquete de medidas de impulso á natalidade, dirixido ás familias coas rendas baixas que aposten por ter máis dun fillo:

- incrementando ata os 1.200 euros/ano durante tres anos a dedución por nacemento ou adopción do segundo fillo e ata os 2.400 euros/ano durante tres anos a partir do terceiro fillo.
- Incrementando de 400 a 600 euros o límite deducible por coidado de menores ás familias con dous ou máis fillos.
- incrementando tamén para as familias de dous ou máis fillos a rebaixa fiscal en vigor para mozos por aluguer de vivenda, duplicando o límite deducible ata os 600 euros.

Así mesmo a que continúe incrementando a oferta de prazas públicas en escolas infantís, con obxectivo de acadar 2.000 novas prazas antes do remate da lexislatura.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 12

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar, xunto cos axentes sociais e económicos, impulsando medidas e incentivos para o emprego, especialmente naqueles colectivos con máis dificultades: ampliando o Plan de Emprego Xuvenil cunha inxección económica de 48 millóns de euros e detallando no seo do Diálogo Social un Plan de emprego para os parados maiores de 45 anos

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 13

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar co traballo desenvolvido a prol da mellora das ferramentas normativas e económicas que aseguren unha fortaleza negociadora e unha axeitada construción de prezos no sector gandeiro, forestal e agrario, con especial incidencia na consolidación da que atinxe ao chamado “paquete lácteo”, así como a culminar o proceso de dotación dos elementos normativos e orzamentarios que leven a reforzar a competitividade e sostibilidade do sector lácteo diante do escenario do final das cotas de produción, nomeadamente coa aprobación da Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria e coa posta en marcha do novo Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 14

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar coa planificación da diversificación e estímulo produtivo do noso monte e coa mellora do investimento no monte galego mediante o establecemento das liñas básicas de elaboración do novo Plan Forestal de Galicia no seo do Consello Forestal, do desenvolvemento das ferramentas normativas e administrativas que favorezan ao investimento efectivo de fondos económicos no monte e do reforzo do investimento no monte a través das medidas forestais do novo PDR de Galicia.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 15

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar traballando no reforzo da diversificación produtiva e ampliación da capacidade de dinamización socioeconómica nas zonas costeiras, especialmente nas áreas non urbanas, levando a cabo unha adaptación revisada dos planos estratéxicos de traballo e desenvolvemento dos Grupos de Acción Costeira e reforzando o seu financiamento e a levar adiante unha planificación de mellora da xestión marisqueira, de cara a actualizar e axilizar a explotación destes recursos e a seguir avanzando na progresiva profesionalización da actividade, con especial fincapé na promoción dunha adecuación da normativa que regula a explotación dos recursos específicos e na adaptación e revisión da normativa de aplicación aos plans de explotación marisqueira, mellorando a axilidade e facilidade na súa formulación.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 16

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar continuidade á súa colaboración e apoio ao sector naval, e a todos os seus axentes, a través dunha Axenda Integral de Apoio ao Sector Naval que reforce o estímulo á competitividade, o uso das novas tecnoloxías e a innovación, de modo que se elaboren en Galicia produtos finais de elevada tecnificación.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 17

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar antes do fin de ano o Plan de Diversificación Industrial, co fin de adaptar o presente e o futuro da industria galega á nova realidade económica, orientado en torno a tres eixos:

- A diversificación dos sectores máis relevantes da nosa economía.
- A xeración de cadeas de valor completas en Galicia.
- E o desenvolvemento daquelas actividades proveedoras de tecnoloxías á industria, como pode ser a nanotecnoloxía, a biotecnoloxía, as TIC ou a fabricación avanzada.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 18

O Parlamento insta á Xunta de Galicia ao impulso dun Polo Aeronáutico en Galicia a través da elaboración e posta en marcha dunha estratexia integral que facilite o desenvolvemento de sistemas e estruturas neste sector e, de maneira especial, no ámbito dos vehículos aéreos non tripulados (UAVs) de uso civil no Aeródromo de Rozas (Lugo); así como a capacitación de traballadores da metalurxia para realizar traballos no sector aeronáutico.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 19

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar levando a cabo medidas de impulso do emprendemento, en liña coas disposicións da Lei 9/2013, reforzando o actual paquete de medidas fiscais de apoio ao emprendedor a través da ampliación da dedución por creación de novas empresas ou por ampliación de novas empresas de recente creación ás sociedades cooperativas e laborais.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 20

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a desenvolver a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 en sintonía cos acordos que se acaden cos axentes sociais co obxectivo de consolidar o traballo realizado ata o de agora e facer dos mercados exteriores un motor de crecemento; unha folla de ruta que prevea:

- Incrementar as exportacións en máis dun 25%, ata superar os 23.000 millóns de euros.
- Acadar un crecemento do 25% no número de empresas exportadoras chegando ás 8.000.
- Ou incrementar a participación das exportacións no PIB ata o 40%.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 21

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar a aposta polo Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras estendendo de xeito progresivo o estudo dunha terceira lingua no ensino postobrigatorio, comezando o próximo curso pola introdución do Bacharelato Plurilingüe.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 22

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a renovar as liñas de fortalecemento do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a través dun novo Plan de Financiamento no que se potencie o reparto estrutural e derivado da obtención de resultados, cun novo enfoque de internacionalización mediante unha liña de actuación que axude ás universidades galegas a mellorar a súa posición nos ranquins ou indicadores de nivel nacional e internacional; así mesmo levar a cabo a definición dun proceso de verificación e renovación de titulacións universitarias a cargo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) co obxecto de, baixo o respecto á autonomía universitaria, afianzar as cotas de calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 23

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar continuidade á aposta pola innovación, en liña coas previsións da Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 e estendendo esa aposta ao conxunto da sociedade con medidas como a aprobación nos orzamentos de 2015 dunha dedución do 25 % das cantidades que se doen a centros de investigación de universidades, así como aos promovidos ou participados pola Xunta.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 24

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un Atlas das Paisaxes de Galicia que conteña un catálogo que defina e caracterice as áreas paisaxísticas da nosa terra ao tempo que dispoña unhas directrices de obrigado cumprimento nos documentos de planificación urbanística para a súa conservación, recuperación e posta en valor traballados nun axeitado proceso de participación pública.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 25

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a continuar traballando por unha mobilidade sostible que combine a promoción dos medios de transporte alternativos e faga especial fincapé no desenvolvemento do Plan de Transporte Metropolitano, continuando coa súa implantación nas áreas metropolitanas de Galicia coas mesmas vantaxes e condicións que xa están tendo éxito en catro delas. Así mesmo impulsará, en colaboración co Ministerio de Fomento, o reforzo da intermodalidade a través do uso de billetes combinados de autobús, tren e avión e coordinación de horarios para ofrecer o mellor servizo aos cidadáns)

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 26

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que continúe co desenvolvemento do Plan Estratéxico do Turismo, coa aposta pola diversificación, a través da estratexia impulsada a prol do termalismo e promovendo a aprobación dun Plan Director dos Camiños de Santiago e impulsando a creación dun Centro Internacional de Acollida ao Peregrino.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 27

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que en relación coa Nova Axenda Dixital de Galicia Horizonte 2020, poña en marcha o II Plan de Banda Larga de Galicia para o despregamento de redes ultrarrápidas; co fin de conseguir o 100% de cobertura a unha velocidade de 30 megas e o 50% a 100 megas e que aprobe o Plan de Inclusión Dixital de Galicia, co obxectivo de afondar na alfabetización dixital da cidadanía para fomentar o mellor uso das TIC.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 28

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á elaboración e aprobación dun Plan integral para a mellora enerxética dos fogares galegos, propiciando un maior grao de benestar e habitabilidade, así como unha rebaixa fiscal ás familias que invistan en instalacións de calefacción ou auga quente que empreguen enerxías renovables; e solicitar ao Consello Galego da Competencia que elabore o próximo ano un informe sobre o mercado eléctrico en Galicia.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 29

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un Plan da Xeotermia para que en colaboración cos axentes implicados se simplifique a posta en marcha de instalacións que aproveiten esta enerxía renovable e o seu crecemento continuo de forma competitiva e sostible.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 30

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar os procedementos de fusión municipal, contemplando na nova Lei de Administración local de Galicia a creación dun Fondo Especial para a fusión voluntaria de concellos no marco do desenvolvemento da lexislación básica estatal.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 31

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a actualizar o Plan Estratégico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 , como documento que priorice e obxectibe os investimentos nos sectores produtivos estratéxicos para Galicia pola súa capacidade de competir nos mercados exteriores e crear postos de traballo estables e de calidade.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 32

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar afondando na elaboración de plans, accións e programas culturais que favorezan unha maior visibilidade do sector cultural galego e dos seus produtos e espectáculos, así como a reforzar o acceso igualitario por parte da cidadanía galega a unha oferta cultural plural e de calidade que contribúa ao reequilibrio territorial e a impulsar a difusión das manifestacións culturais galegas ao longo de todo o noso territorio.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 33

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a: que desenvolva, promova e impulse medidas de integración da xuventude e da muller galega na vida asociativa das entidades e comunidades galegas asentadas fora de Galicia, que revitalice e garanta a continuidade destas entidades da galegitude e a plena participación do conxunto dos galegos residentes no exterior nas sociedades galegas.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 34

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar as medidas de prevención e loita contra a violencia de xénero, incidindo tanto na sensibilización, a través da posta en marcha dun Plan de actuacións dirixidas á comunidade escolar, como no máximo aproveitamento das vantaxes que se derivan da integración no sistema Viogen facilitado polo Ministerio do Interior á Unidade de Policía Adscrita e proximamente á Secretaría Xeral de Igualdade.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 35

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir impulsando o diálogo e negociación co Ministerio de Xustiza, de xeito que calquera deseño futuro da planta xudicial se teñan en conta as peculiaridades e necesidades que Galicia presenta para unha axeitada prestación do servizo público da xustiza.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 36

O Parlamento de Galicia acorda axilizar a aprobación do mandato marco previsto na lei 9/2011 do medios públicos audiovisuais de Galicia, que en todo caso incluírá un compromiso de contratación externa coa industria audiovisual e do entretemento tendente a acadar un obxectivo dun 30% do orzamento da Corporación para producións audiovisuais no ámbito da televisión e unha significativa redución do número de postos de persoal directivo, co fin de avanzar na eficacia das súas estruturas integradas e en definitiva, nunha provisión do servizo público de radiotelevisión que ofrece máis e mellores servizos á cidadanía de Galicia cun menor custo.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 37

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar novos pasos no incremento do uso do galego no ámbito da xustiza, a través dun proxecto de colaboración institucional que permita que a cidadanía teña acceso en lingua galega a distintos textos xurídicos e normativos emanados das diferentes administracións

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 38

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a potenciar a loita contra a fraude fiscal e a información e asistencia ao contribuínte co fin de conquistar aflorar e detectar fraude por un importe de alomenos 50 millóns de euros neste exercicio.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 39

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir priorizando a atención aos colectivos máis vulnerables e en risco de exclusión social, garantindo que nos orzamentos do ano 2015 a partida destinada á RISGA se incremente como mínimo na mesma porcentaxe que o incremento de solicitudes

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 40

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prestar toda a colaboración que precisen os emigrantes retornados afectados pola regularización fiscal prevista para os primeiros seis meses do ano 2015. A tal efecto a Axencia Tributaria de Galicia estará en permanente comunicación e ofrecerá toda a colaboración á Axencia Estatal Tributaria para facilitar a regularización das súas rendas.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/10/2014 10:27:26